

# COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS

## MEMORIA DE ACTIVIDADES

### EXERCICIO 2023

## MEMORIA DE COORDINACIÓN DAS POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA

### EXERCICIO 2023

#### ÍNDICE

##### Presentación

#### 1. Actividades de control e seguimento da normativa de coordinación

##### *1.1. Convocatorias de procesos selectivos informadas*

##### *1.2 Convocatorias de procesos selectivos para a contratación de persoal auxiliar de policía local informadas*

##### *1.3. Colaboración institucional*

##### *1.3.1. Consultas*

#### 2. Actividades dos órganos de coordinación

##### *2.1. Gabinete Técnico*

##### *2.2. Comisión de Coordinación*

#### 3. Rexistro de Policía Locais de Galicia

#### 4. Procesos selectivos unitarios

##### *4.1. Convenios asinados polos concellos*

##### *4.2. Convocatoria de procesos selectivos*

#### 5. Actividades de formación a través da Academia Galega de Seguridade Pública

#### 6. Anexo. Cadros de persoal.

## Presentación

De acordo co previsto no artigo 19.5 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, preséntase a Memoria Anual das Actividades de Coordinación desenvolvidas durante o ano 2023 pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e a Academia Galega de Seguridade Pública.

No ano 2023 compre salientar a publicación do Diario Oficial de Galicia núm. 30 do 13 de febreiro, do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a a citada Lei 4/2007, do 20 de abril.

Este novo decreto era necesario para desenvolver as modificacións introducidas na Lei 4/2007, do 20 de abril, pola Lei 9/2016, do 8 de xullo, así como as modificacións introducidas pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Así, o Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, ten por obxecto sistematizar e integrar a normativa dispersa en materia de coordinación de policía locais recollida fundamentalmente no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007, do 20 de abril, modificado polo Decreto 77/2010, do 29 de abril e no Decreto 60/2010, do 8 de abril, de acreditación, uniformidade e medios técnicos a disposición das policía locais, procedendo así a unha actualización en determinados aspectos desta normativa e finalmente a derogación destes tres decretos citados.

Entre as principais novidades introducidas por este Decreto compre destacar as seguintes:

-A regulación da mobilidade con ascenso, como un procedemento de acceso a unha determinada categoría desde a categoría inmediata inferior, neste caso empregando o sistema de concurso-oposición, nos supostos nos que as prazas ofertadas non se cubrisen por promoción interna ou polo procedemento de provisión por mobilidade.

-A eliminación do requisito para o ingreso na categoría de policía de ter un límite inferior de estatura, tanto para os homes como para as mulleres, que estaba establecido no Decreto 243/2008, do 16 de outubro. Este requisito suprímese tamén para o acceso á condición de persoal vixiante municipal e de auxiliares de policía local.

-A mobilidade no novo Decreto, configúrase como un procedemento de provisión de prazas vacantes, a través do sistema de concurso, para a cobertura polo persoal doutros corpos de policía local que teñan a mesma categoría que o das prazas ofertadas, establecendo os requisitos, as obrigas e os efectos da participación neste procedemento.

No eido da colaboración institucional, salienta un ano máis a aplicación do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección do persoal dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local. Continúan a incrementarse os concellos que están a subscribir convenios para o desenvolvemento pola Academia Galega de Seguridade Pública dos procesos unitarios, incorporándose cinco novos concellos.

No exercicio 2023 ofertáronse 89 prazas para a categoría de policía por quenda libre e 22 polo sistema de mobilidade; para a categoría de oficial 10 prazas por promoción interna e 1 por mobilidade; de inspector 2 prazas, polos sistemas dos artigos 38.c) e 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril; de vixilante municipal 1 praza por oposición libre; e para persoal auxiliar de policía, 96 prazas.

Santiago Villanueva Álvarez  
*Director xeral de Emerxencias e Interior*  
*Vicepresidente da Comisión de Coordinación de Policía Local de Galicia*

## 1. Actividades de control e seguimento da aplicación das normas de co-ordinación

### 1.1. Convocatorias de procesos selectivos e mobilidade informadas

Concello	Observ.	Categoría	Libre	P. Interna	Mobilidade	Outras	Data informe
Arteixo		Inspector		1			13/12/2023
Arteixo		Policía local			1		02/09/2023
Coruña		Oficial		7			05/04/2023
Coruña		Inspector		4			19/10/2023
Coruña		Inspector principal		1			13/12/2023
Estrada		Inspector		1			
Monforte de Lemos		Policía local			1		13/04/2023
Monforte de Lemos		Policía local	2				25/09/2023
Oleiros		Policía local	5				02/09/2023
Oleiros		Policía local			2		02/09/2023
Ourense		Inspector principal		2			03/03/2023
As Pontes		Policía local	2				06/02/2023
Pontevedra		Policía local			1		21/12/2023
Pontevedra		Oficial		6			21/12/2023
Pontevedra		Oficial			2		21/12/2023
Pontevedra		Inspector		1			21/12/2023
Pontevedra		Inspector principal		1			21/12/2023
Pontevedra		Intendente principal		1			21/12/2023
A Coruña	AGASP	Policía local	30				23/03/2023
Ames	AGASP	Policía local	1				23/03/2023
Baiona	AGASP	Policía local	2				23/03/2023
Bergondo	AGASP	Policía local	1				23/03/2023

Concello	Observ.	Categoría	Libre	P. Interna	Mobilidade	Outras	Data informe
Betanzos	AGASP	Policía local	1				23/03/2023
Caldas de Reis	AGASP	Policía local	1				23/03/2023
Carballo	AGASP	Policía local	3				23/03/2023
Cuntis	AGASP	Policía local	2				23/03/2023
Ferrol	AGASP	Policía local	2				23/03/2023
Gondomar	AGASP	Policía local	2				23/03/2023
Lugo	AGASP	Policía local	9				23/03/2023
Marín	AGASP	Policía local	1				23/03/2023
Muxía	AGASP	Policía local	1				23/03/2023
Narón	AGASP	Policía local	2				23/03/2023
Noia	AGASP	Policía local	5				23/03/2023
Padrón	AGASP	Policía local	4				23/03/2023
Ponteareas	AGASP	Policía local	2				23/03/2023
Porto do Son	AGASP	Policía local	1				23/03/2023
Redondela	AGASP	Policía local	2				23/03/2023
Sanxenxo	AGASP	Policía local	2				23/03/2023
Tomiño	AGASP	Policía local	2				23/03/2023
Tui	AGASP	Policía local	2				23/03/2023
Vigo	AGASP	Policía local	9				23/03/2023
Vilanova de Arousa	AGASP	Policía local	2				23/03/2023
Redondela	AGASP	Inspector principal					23/03/2023
Vigo	AGASP	Inspector principal					23/03/2023
Vigo	AGASP	Inspector principal				1	23/03/2023
A Guarda	AGASP	Oficial					23/03/2023
Ames	AGASP	Oficial					23/03/2023
Burela	AGASP	Oficial					23/03/2023
Caldas de Reis	AGASP	Oficial					23/03/2023
Gondomar	AGASP	Oficial					23/03/2023

Concello	Observ.	Categoría	Libre	P. Interna	Mobilidade	Outras	Data informe
Moaña	AGASP	Oficial		1			23/03/2023
Noia	AGASP	Oficial		1			23/03/2023
Ponteareas	AGASP	Oficial		1			23/03/2023
Ribeira	AGASP	Oficial		1			23/03/2023
Soutomaior	AGASP	Oficial		1			23/03/2023
Santiago de Compostela	AGASP	Oficial				1	23/03/2023
Lugo	AGASP	Policía local				2	23/03/2023
Vigo	AGASP	Policía local				4	23/03/2023
Barco de Valdeorras	AGASP	Inspector		1			24/03/2023
Rábade	AGASP	Vixilante	1				18/04/2023

## ***1.2. Convocatorias de procesos selectivos para a contratación de persoal auxiliar de policía local informadas***

-Convocatorias de concellos informadas

Concello	Nº Auxiliares	Data Informe
Ares	6	25/04/23
Mos	4	11/05/23
Monforte de Lemos	6	12/04/23
Tomiño	2	30/05/23
Chantada	2	22/03/23
Boiro	6	24/03/23
Oleiros	4	22/03/23
As Pontes	4	22/03/23

- Convocatorias unitarias: con data do 20/01/2023, emitiuse informe sobre as bases do proceso selectivo unitario para a provisión mediante contrato laboral temporal de postos de Auxiliares da Policía Local, das que se convocaron 96 prazas en diferentes concellos.

### **1.3. Colaboración institucional**

#### **1.3.1. Consultas atendidas no marco competencial establecido pola normativa de coordinación**

## **1. Idade máxima de xubilación**

### **CONSULTA:**

Recíbese consulta respecto a idade de máxima de xubilación para o persoal dos corpos de Policía Local de Galicia e a posibilidade de solicitar a prolongación da vida laboral.

### **RESPOSTA:**

Infórmase que o artigo 61 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (en adiante LCPL), dispón que a xubilación forzosa do persoal dos corpos de Policía local de Galicia declarárase de oficio ao cumprir a idade legalmente establecida no réxime da Seguridade Social de aplicación para o acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente reductor por razón de idade, sempre de acordo co que se dispoña a indicada lexislación.

En canto a prolongación da permanencia no servizo activo, recórdase que a disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, que ten carácter básico, establece que o persoal da policía local, dos servizos de extinción de incendios e dos axentes rurais das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais queda exceptuado da posibilidade de permanencia voluntaria na situación de servizo activo prevista no artigo 33 da presente Lei.

Polo tanto, infórmase que non é posible que o persoal da policía local unha vez acadada a idade de xubilación legalmente establecida conforme ao referido artigo 61 da LCPL, prolongue voluntariamente a permanencia no servizo activo.



## 2. Requisitos para participar nos procesos de mobilidade

### CONSULTA:

Recíbese consulta sobre como debe interpretarse o requisito de “efectividade e continuidade dos servizos” para participar nos procesos de mobilidade.

### RESPOSTA:

En resposta a consulta referida, a Dirección xeral informou que o requisito do artigo 43.4.c) da LCPL de “Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino” que se esixe para participar nun proceso de mobilidade horizontal, debe interpretarse no sentido de ter ocupado de forma real o destino actual, durante un tempo mínimo de máis de tres anos que han de ser sen interrupción.

Indícase que esta é a interpretación correcta atendendo á literalidade e ao contexto, así como aos antecedentes legislativos e a finalidade da norma.

Por último, sinálase que este requisito podería excepcionarse cando a persoa participante nun proceso de mobilidade pertencera a un corpo de policía local do que se declarara á súa extinción polo Pleno da corporación, nos termos establecidos no artigo 7.a) do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a LCPL.

## 3. Informe sobre a inclusión de postos de auxiliar de policía local nas ofertas de emprego público

### CONSULTA:

Recíbese consulta sobre o criterio deste centro directivo en relación coa inclusión de postos de auxiliar de policía local nas ofertas de emprego público extraordinaria de estabilización cando viñeran estando ocupados de forma temporal e ininterrompida.

### RESPOSTA:

A LCPL, non contempla a figura dos auxiliares de Policía dentro das escalas e categorías dos Corpos de Policía Local. Só prevé os auxiliares de policía, con carácter transitorio nos casos recollidos no artigo 95 da citada Lei.

Neste senso, o artigo 5.5 da LCPL dispón que os policía locais son funcionarios de carreira dos respectivos concellos quedando expresamente prohibida calquera outra relación de prestación de servizos coa Administración local, agás o disposto para a contratación de auxiliares de Policía local nos termos contemplados no artigo 95 da ley.

Este artigo establece que os concellos con aumento notorio de poboación en temporadas determinadas poderán incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de persoal con función de auxiliar de policía. Este incremento non pode ter unha duración de máis de catro meses en período anual nin superar o cincuenta por cento do persoal funcionario da Policía local. Excepcionalmente, e previa autorización desta dirección xeral, poden superarse estes límites tanto do número de auxiliares como de tempo de prestación de servizos que en ningún caso pode exceder dos seis meses no ano natural.

Polo tanto, na LCPL a incorporación de persoal auxiliar configúrase como un reforzo temporal para apoiar e auxiliar aos membros da policía local ao que poden acudir os concellos en determinadas circunstancias.

En consecuencia, o mantemento dun auxiliar de policía de forma ininterrompida non se axusta ao disposto na LCPL, polo que considérase que non procede a estabilización dunha situación que é contraria á normativa de coordinación en materia de policía locais.

#### **4. Informe sobre os requisitos para participar en procedementos de promoción interna**

##### **CONSULTA:**

Recíbese consulta sobre a posibilidade de participación nun procedemento de promoción interna convocado pola súa Administración de orixe, de dous policía locais que se atopan nas seguintes situacións:

- Servizo activo noutro concello mediante nomeamento por libre designación.
- Servizo activo no mesmo concello pero noutro corpo funcional.

##### **RESPOSTA:**

Respecto da primeira situación, faise referencia a sentenza da sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo 1374/2020, do 21/10/2020, ditada no recurso 4300/2018, que establece que o réxime establecido no

artigo 88.3 do EBEP non outorga o dereito para participar en procedementos de promoción interna convocados pola súa Administración de orixe aos funcionarios en servizo activo noutra Administración pública que se atopen nesta situación por obter postos na mesma polos procedementos de provisión previstos no EBEP. Todo iso sen prexuízo de que tal dereito puidese ser outorgado pola lexislación de función pública propia de cada Administración pública, pois o EBEP establece un marco mínimo común pero non exclúe outras medidas que potencien, ampliando o seu ámbito, a participación na promoción interna.

- Polo que respecta á segunda situación, sinálase que participar nos procesos de promoción interna nun corpo da policía local é necesario estar na situación de servizo activo na categoría inmediatamente inferior do mesmo corpo , tal e como se establece no artigo 33.3 en relación co artigo 39.a) da LCPL.

## 5. Informe sobre a mobilidade

### CONSULTA:

Recíbese consulta sobre a posibilidade de participar nun proceso de mobilidade cando nos tres anos inmediatamente anteriores á convocatoria se estivo en comisión de servizos noutro concello, aínda que previamente prestara servizos durante máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no seu destino.

### RESPOSTA:

En resposta a consulta referida, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior informou que o requisito de "Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino" que se esixe para participar nos procesos de mobilidade horizontal (artigo 43.4 da LCPL e 38 do Decreto 15/2023), debe interpretarse no sentido de ocupar de forma real o destino definitivo durante un tempo mínimo de máis de tres anos, que han de ser sen interrupción. Considérase que non resulta esixible que este período sexa inmediatamente anterior ao momento da participación nun procedemento de mobilidade, polo que un policía local que estea actualmente en comisión de servizos pero prestase servizos efectivos e continuados no seu posto durante o período requirido podería participar no devandito procedemento. No caso de ter participado e obtido destino nun proceso de mobilidade e reingresase no concello procedencia, non se podería admitir a un novo proceso de mobilidade ata que transcorrese un período de máis de tres anos de

prestación de servizos, contados desde que se produciu o reingreso, xa que se trata dun novo destino obtido nun procedemento de reingreso, sendo indiferente que ocupase ese mesmo posto con anterioridade.

## **6. Incorporación a posto obtido por mobilidade**

### **CONSULTA:**

Recíbese consulta respecto a un policía local que obtén praza por mobilidade nun concello onde non chega a tomar posesión por atoparse de baixa médica, presentándose antes de obter a alta ao concurso de mobilidade para outro concello. Neste caso xurde a dúbida de a que concello debería incorporarse cando lle dean a alta médica.

### **RESPOSTA:**

O artigo 43.6 da LCPL e o artigo 41 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, establecen a irrenunciabilidade dos destinos adxudicados, que unicamente cabe excepcionar, cumprindo as obrigas de comunicación que establece a norma, nos casos de participación simultánea en varios procesos de mobilidade, situación que non se produce no suposto obxecto de consulta, polo que non debería ser admitido no segundo proceso de mobilidade, debendo tomar posesión do posto adxudicado unha vez que se producira a alta médica de acordo co disposto no artigo 42 do Decreto citado.

## **7. Situación administrativa no concello de orixe no caso de mobilidade a outro concello**

### **CONSULTA:**

Recíbese consulta respecto a situación na que quedaría o funcionario/a que e ocupe prazas ofertadas por mobilidade horizontal.

### **RESPOSTA:**

Infórmase que como se recolle no artigo 43.7 da LCPL, "O persoal funcionario que ocupe prazas ofertadas por mobilidade horizontal quedará na súa administración de orixe na situación de servizos noutras administracións públicas".

## 8. Informe sobre a contratación de interinos

### CONSULTA:

Recíbese consulta sobre a posibilidade de cubrir unha baixa dunha praza de policía, cando esta é a única coa que conta o concello, mediante a contratación de persoal interino ao abeiro do artigo 10 del EBEP.

### RESPOSTA:

En resposta a consulta referida, infórmase que a posibilidade de nomear un interino, aínda que podería ter encaixe legal á luz da sentenza do Tribunal Constitucional 106/2009, do 19 de setembro, o certo é que non se contempla na nosa normativa de coordinación de policía locais nin están establecidos os requisitos e a formación deste persoal interino. Sería pois unha solución que, en todo caso, implicaría dificultade na súa aplicación ao carecer de regulación específica.

Así pois, para estes supostos o máis apropiado sería a subscripción dun convenio de colaboración policial intermunicipal aos que se refire o artigo 6.3 da LCPL, e nos artigos 8 e 9) do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei.

## 9. Informe sobre reingreso ao servizo activo

### CONSULTA:

Recíbese consulta respecto ao réxime aplicable para o reingreso ao servizo activo dun policía local en situación de excedencia voluntaria desde o 13 de maio de 2013.

### RESPOSTA:

Infórmase que resulta de aplicación a este asunto, ao tratarse dun reingreso ao servizo activo procedente da situación de excedencia voluntaria por interese particular, a normativa xeral en materia de función pública e concretamente os artigos 173 e 178 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, que establecen o seguinte:

Artigo 173. Excedencia por interese particular.

1. O persoal funcionario de carreira pode obter a excedencia por interese particular cando prestase servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de tres anos inmediatamente anteriores á solicitude. Para reingresar no servizo activo será preciso permanecer nesa situación polo menos un ano.

Artigo 178. Reingreso ao servizo activo.

2. O reingreso ao servizo activo do persoal funcionario de carreira que non teña reservado o posto de traballo efectuarase mediante a participación nas convocatorias de concurso ou de libre designación para a provisión de postos de traballo.

3. Así mesmo, o reingreso ao servizo activo poderá efectuarse por adscrición provisional a un posto de traballo, de acordo coas necesidades do servizo e sempre que se reúnan os requisitos esixidos para ocupar o posto, nos termos regulados polo artigo 97.

## 2. Actividades dos órganos de coordinación

### 2.1. Gabinete Técnico

#### ACTA DA REUNIÓN DO GABINETE TÉCNICO

Data: 4 de maio de 2023

Hora de comezo: 10:00 h.

Hora de remate: 11:20 h.

Lugar: Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior  
Rúa Roma, 25-27 - Santiago de Compostela

#### ASISTENTES:

Presidente:

Andrés Iglesias López

Subdirector Xeral de Seguridade e Coordinación

Vogais:

Ana Díaz Teijeiro

Subdirectora Xeral de Réxime Xurídico. Secretaria Xeral Técnica da  
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Javier Enrique Fraga Campo

Subdirector xeral de Réxime Xurídico Local. Dirección Xeral de Administración  
Local

Mónica Castro Pérez

Xefa do Servizo de Formación en Seguridade Pública da Academia Galega de  
Seguridade Pública

José Antonio Brandariz Castelo

Superintendente do Corpo da Policía Local da Coruña

Secretario:

Octavio Pérez Posse

Xefe do Servizo de Seguridade. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Inicia a sesión o Presidente que pasa a examinar os asuntos da orde do día:

## **1. Aprobación da acta da sesión anterior**

O presidente pregunta aos asistentes se formulan observacións á acta da sesión anterior, celebrada o 10 de maio de 2022. Non realizándose ningunha observación apróbase a acta.

## **2. Exame dos asuntos a incluír na próxima reunión da Comisión de Coordinación:**

### **2.1. Memoria das actividades de coordinación do ano 2022**

O presidente informa brevemente do seu contido. Non se realizan observacións.

### **2.2. Distincións**

Respecto das distincións o presidente informa que se aplica o Decreto 243/2008, actualmente derogado, por ser o que estaba vixente no prazo de presentación de solicitudes e no momento ao que se refiren os feitos que motivan as solicitudes para a concesión das distincións.

#### **2.2.1. Informar sobre a concesión do distintivo de permanencia no servizo policial**

O presidente explica que este distintivo se concede ao persoal da Policía Local por ter cumpridos 25 anos de servizo nos corpos de policía local sen que consten antecedentes desfavorables e informa que á relación de persoas enviada coa convocatoria hai que engadir a seis policías do Concello de Arteixo, polo que o total de policías locais a distinguir é de 19.



## **2.2.2. Valoración e informe das propostas á Medalla ao Mérito da Policía Local:**

### **2.2.2.1. Proposta de concesión a un policía local do Concello de Vigo**

O presidente informa que se recibiu unha solicitude do Concello de Vigo para distinguir ao policía local Pablo Berges Martínez, pola súa actuación o mes de febreiro de 2022 ao lanzarse ao auga nas inmediacións da praia de Fuchiños para rescatar a unha persoa que se atopaba a uns 150 metros da orilla tras envorcar á súa embarcación.

José Antonio Brandariz considera que para a concesión de medallas debe seguirse un criterio restritivo para non desvirtualas, especialmente en concellos grandes.

Mónica Castro considera que o criterio debe ser restritivo pero que hai actuacións que deben premiarse pois este policía non tiña a obriga de lanzarse a auga no mes de febreiro, e que ninguén máis se meteu na auga para rescatar á persoa.

Analizado o asunto acádase consenso informando favorablemente que se propoña para a concesión da Medalla ao mérito da policía local ao axente do Concello de Vigo Pablo Berges Martínez.

### **2.2.2.2. Proposta de concesión a sete policías locais do Concello do Porriño**

O presidente informa da solicitude de concesión de medalla ao mérito formulada polo Concello do Porriño para sete policías locais e dous garda civís pola súa intervención policial na que liberaron a unha muller detida pola súa ex-parella nun piso dese concello.

Así mesmo, informa que quedarían fóra da posibilidade de outorgarlle a medalla ao mérito os dous garda civís por non cumprir os requisitos que fixa o Decreto para a concesión a membros de outras forzas e corpos de seguridade e por ter a Garda Civil mecanismos adecuados para o recoñecemento destas actuacións.

José Antonio Brandariz indica que lle parece excesivo conceder sete medallas por unha entrada nun domicilio, que estas actuacións son habituais nas grandes cidades.

Mónica Castro sinala que os concellos grandes teñen máis medios, de modo que os policía locais poden obter de ser necesario apoio inmediato doutros membros do propio corpo ou incluso doutros corpos e forzas de seguridade, o que non ocorre en concellos pequenos, circunstancia que hai que valorar e ter en conta, debéndose recoñecer a actuación realizada.

José Antonio Brandariz, indica que a actuación foi importante, pero considera que non se debe outorgar a medalla a todos os que interviron, tendo en conta, ademáis, que na entrada no domicilio participaron nove persoas fronte a un agresor. Lembra que na profesión policial as actuacións de risco son maioritarias.

Ana Díaz entende que neste caso estaría xustificado outorgarlle a medalla aos sete policía locais por tratarse dunha actuación que non estaba dentro das súas funcións ordinarias e no domicilio entraron todos sen saber o que se ían atopar, sinalando que nos concellos pequenos teñen menos medios o que debe tamén valorarse.

O presidente da lectura aos artigos 89 e 92 do Decreto 243/2008, onde se recollen os requisitos para o outorgamento da medalla ao mérito. Neste caso concreto sinala que o motivo no que se basea a solicitude de distinción e o primeiro suposto do artigo 92, o intervir nun acto no que se poñan de manifesto cualidades de valor, sacrificio, lealdade ou abnegación excepcionais, e dos que derive grave risco para a persoa.

O presidente estima que concorre máis risco nos que primeiro entraron na habitación na que estaba o presunto agresor.

Javier Fraga sinala que hai que ter en conta o dato de que se sabía que o presunto agresor era unha persoa perigosa.

Se debate sobre o nivel de risco asumido na intervención, afirmando José Antonio Brandariz que os dous primeiros policía en entrar son os que corren o maior risco.

O secretario sinala que segundo se recolle no informe do inspector do Concello de Porriño, os policía que entraron primeiro na vivenda foron Fernando Cruces González e Antonio Pereira Nandín, dirixíndose, xunto cun dos garda civís, á habitación na que estaba a persoa que foi detida.

A instancias do presidente procédese a votar sobre este asunto co seguinte resultado:

O presidente, Javier Fraga, Mónica Castro e José Antonio Brandariz, votan a favor de que se efectúa proposta de concesión de medalla ao mérito aos dous policías locais que entraron en primeiro lugar na vivenda, Fernando Cruces González e Antonio Pereira Nandín e que foron ademais os que accederon á habitación na que se encontraba o presunto agresor.

Ana Díaz vota a favor de que se efectúa proposta de concesión de medalla aos sete policías locais.

O presidente e Mónica Castro sinalan que respecto dos restantes policías, aínda que non se lles conceda medalla, debería recoñecerse á súa actuación. Polo secretario se indica que no Decreto non se prevén outros recoñecementos para os membros dos corpos da policía local que a medalla ou a placa, xa que a felicitación pública non está prevista para eles, ao que argumentan que se pode facer mediante unha mención na propia resolución de outorgamento da medalla.

A vista do resultado da votación, acórdase informar favorablemente que se se efectúe proposta de concesión de medalla aos policías locais Fernando Cruces González e Antonio Pereira Nandín.

### **2.2.3. Valoración e informe das propostas de felicitacións públicas a persoal que prestou servizos na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior**

O presidente informa da solicitude das organizacións sindicais e asociacións de policías para a concesión da distinción de felicitacións públicas ao anterior subdirector xeral de Seguridade e Coordinación, José Antonio Fernández López e ao anterior xefe de Servizo de Seguridade, José González Cores.

O Gabinete informa favorablemente que se efectúe proposta de concesión de felicitación pública a José Antonio Fernández López e a José González Cores polo seu traballo a prol da coordinación das policías locais de Galicia, contribuíndo ao estudo, promoción, dignificación, colaboración e apoio á función da policía local.

### **2.3. Dar conta dos procesos unitarios desenvolvidos ao abeiro do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da**

**Administración xeral da Comunidade Autónoma cos concellos na selección dos membros dos corpos da policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local.**

Informa o Presidente dos procesos desenvolvidos desde a anterior reunión da Comisión de Coordinación (xuño 2022), dos procesos convocados no ano 2023 que se están a tramitar e das convocatorias que se publicarán proximamente.

**2.4. Proposta de vogais (titular e suplente), da Comisión de Coordinación para a composición dos órganos de selección dos procesos unitarios (artigo 6 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro) para as seguintes categorías: policía local acceso libre, policía local por mobilidade, oficial, inspector, inspector principal e vixiantes municipais. Procedemento para a proposta pola Comisión de Coordinación dos membros dos tribunais nos procesos unitarios.**

Informa o presidente sobre o borrador de resolución para a proposta pola Comisión de Coordinación dos membros dos tribunais nos procesos unitarios, que foi remitido coa convocatoria, e que ven motivado polo acordo adoptado pola Comisión de Coordinación na súa reunión do 1 de xuño de 2022, de establecer un procedemento para realizar o nomeamento do vogal que lle corresponde propoñer a este órgano colexiado nos tribunais dos procesos unitarios.

Así mesmo, informa que como o procedemento da lista aínda tardará algún tempo en entrar en funcionamento, para estes procesos selectivos e no caso de que na Comisión non se realice ningunha designación de vogais, podería propoñerse aos que foron suplentes nos anteriores procesos e viceversa.

Non se realizan observacións.

### **3. Rogos e preguntas**

José Antonio Brandariz pregunta se o distintivo de permanencia aos 15 anos creado polo novo Decreto 15/2023 vai entregarse a todos os que xa teñen cumprida esa antigüidade e sobre como acudir ao acto do próximo 24 de maio organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública, se con medalla ou pasador.

Respecto da primeira cuestión, o presidente infórmalle que o distintivo se outorgaría ao persoal que cumpra os 15 anos a partir da entrada en vigor do Decreto, pero que aínda non hai orde de desenvolvemento.

En canto á segunda pregunta, Mónica Castro indica que o consultará e se lle informará.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión as 11:20 horas.

## 2.2. Comisión de Coordinación

<b>COMISIÓN DE COORDINACIÓN DAS POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA CONVOCATORIA ORDINARIA</b>
---

### A C T A

**Día:** 11 de maio de 2023

**Hora:** 11:30 h

**Lugar:** Sala de xuntas da Academia Galega de Seguridade Pública (A Estrada)

#### ASISTENTES:

##### VICEPRESIDENTE

Santiago Villanueva Álvarez  
*Director xeral de Emerxencias e Interior*

##### VOGAIS

###### REPRESENTACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Elena Muñoz Fonteriz

*Secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes*

Javier Fraga Campo

*Subdirector xeral de Réxime Xurídico Local. Dirección xeral de*

*Administración Local*

Andrés Iglesias López

*Subdirector xeral de Seguridade e Coordinación. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, que actúa como Secretario da Comisión*

Andrés González Murga

*Secretario xeral da Academia Galega de Seguridade Pública*

###### REPRESENTACIÓN DOS CONCELLOS

Alberto Carballo Acuña

*Intendente da Policía Local. Concello de Vigo*

José Luis Piñeiro Santos

*Inspector da Policía Local. Concello de Lugo*  
José María Sánchez Novo  
*Concelleiro. Concello de Arteixo*  
Juan Seoane Collazo  
*Concelleiro. Concello de Carballo*  
José Carlos López Campos  
*Alcalde do Concello da Estrada*

**REPRESENTACIÓN DO PERSOAL DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL**

Pergentino Martínez Pampillón  
*FSP-UGT Galicia*  
José Luis Castro Eitor  
*CIG*  
Antonio Millares Jorge  
*CCOO*  
Iván Viña Botana  
*CSIF*  
José Manuel Rico Rodríguez  
*Asociación Profesional de Xefes e Mandos dos Corpos de Policía local*  
(AXEMPOL)  
Diego Díaz Outeda  
*Asociación Profesional "Unión Galega de Policías Locais" (UGPOL)*

**OUTROS ASISTENTES**

Mónica Castro Pérez  
*Xefa do Servizo de Formación en Seguridade Pública da Academia Galega de Seguridade Pública. Asiste como persoal técnico.*

## **CONSTITUCIÓN:**

Coa asistencia das persoas sinaladas nas representacións indicadas e acadado o *quorum* necesario para a válida constitución da Comisión en segunda convocatoria, ábrese o acto polo Vicepresidente. De seguido procédese ao desenvolvemento da reunión segundo a orde do día da convocatoria que foi obxecto de exame polo Gabinete Técnico, como órgano adscrito á consellería competente en materia de seguridade, na reunión do pasado 4 de maio de 2023.

### **1.- Aprobación da acta da sesión anterior**

O vicepresidente pregunta aos asistentes se hai algunha alegación á acta da anterior reunión da Comisión de Coordinación celebrada o 1 de xuño de 2022, que foi remitida coa convocatoria. Non formulándose ningunha alegación ou observación apróbese a acta.

### **2.- Memoria das actividades de coordinación do ano 2022**

O vicepresidente presenta a memoria das actividades de coordinación na Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2022, que foi remitida xunto coa convocatoria a todos os membros da Comisión de Coordinación.

Con relación á aplicación informática do Rexistro das Policía locais de Galicia, á que se fai referencia na memoria como importante ferramenta para a coordinación, comenta que están dados de alta 75 municipios, recordando a importancia de que todos os concellos soliciten o acceso á aplicación do dito rexistro e manteñan os datos actualizados para ter unha visión real da situación da policía local na Comunidade Autónoma.

Así mesmo, informa que coa convocatoria da reunión enviouse un apéndice da memoria do ano 2021 que recolle as consultas dese ano, como solicitara na anterior reunión de coordinación o representante de CCOO. Este último pide que, se é posible, se lles traslade o criterio da dirección xeral cando se dea resposta ás consultas que se lles formulen.

### **3.- Distincións:**

#### **3.1.- Informar sobre a concesión do distintivo de permanencia no servizo policial**



A vicepresidencia da conta dos distintivos de permanencia que se van conceder neste ano aos policía que cumpriron 25 anos de servizos no ano 2022, unha vez comprobada pola dirección xeral a documentación remitida polos concellos. Informa que se outorgará o distintivo de permanencia a 6 policía do Concello de Arteixo, 1 de Cambre, 9 de Ferrol, 1 de Vilalba e 2 de Cambados, segundo figura na documentación remitida coa convocatoria.

Así mesmo, informa de que se recibiron comunicacións para o outorgamento deste distintivo dos Concellos de Pontevedra, Fene e Ames, pero non se acreditou respecto dos policía propostos o cumprimento de ter cumpridos 25 anos de servizos a 31 de decembro de 2022.

Intervén o representante do Concello de Vigo, que consulta sobre os distintivos de permanencia de 15 e 35 anos previstos no novo Decreto de desenvolvemento da Lei de coordinación de policía locais. Se lle informa pola vicepresidencia de que non se pode proceder ao seu outorgamento en tanto non se diten as disposicións de desenvolvemento necesarias para a descrición e acreditación desas distincións, aclarándolle que no seu momento concederanse esas distincións a aqueles policía dos que se acredite que cumpriron os requisitos para o seu outorgamento a partir da entrada en vigor do dito decreto.

### **3.2. Valoración e informe das propostas á Medalla ao Mérito da Policía Local:**

Pola vicepresidencia se informa de que os Concellos de Vigo e O Porriño solicitaron a concesión de condecoracións por actuacións realizadas no ano 2022 por membros dos seus corpos de policía local e que ambas solicitudes foron examinadas na reunión do Gabinete Técnico do 4 de maio de 2023.

#### **3.2.1. Proposta de concesión a un policía local do Concello de Vigo**

Explica que o Concello de Vigo solicitou a concesión dunha condecoración para un policía que se tirou ao mar no mes de febreiro de 2022 para rescatar a unha persoa que nas inmediacións da praia de Fuchiños estaba pedindo auxilio desde a auga.

Indica que seguindo o criterio do Gabinete Técnico, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior formulou proposta de concesión da Medalla ao Mérito para o policía local do Concello de Vigo por considerar que se tratou dunha actuación meritoria que supera as obrigacións propias das súas funcións como policía local.

A Comisión non formula observacións a esta proposta e a informa favorablemente.

### **3.2.2. Proposta de concesión a sete policía locais do Concello do Porriño**

O Concello do Porriño solicitou a concesión da medalla ao mérito para sete policía locais e dous garda civís pola súa intervención nun operativo de rescate dunha muller que estaba presuntamente secuestrada nun piso dese concello, feito do que tivo coñecemento a policía local por unha nota atopada na rúa que lanzou a vítima pola ventá, motivo polo que decidiu entrar na vivenda, rescatando á muller e detendo ao presunto agresor.

Sinala o vicepresidente que segundo o acordado polo Gabinete Técnico, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior formulou proposta de concesión da Medalla ao Mérito aos dous policía locais do Concello de Porriño que entraron en primeiro lugar na vivenda, non a todos os que participaron na intervención, en canto que se considera que foron os que correron un maior risco, poñendo en perigo á súa vida, ao entrar de primeiros na vivenda, sen saber o que había no seu interior e detendo ao presunto agresor, seguindo deste modo o criterio restritivo de actos extraordinarios e non meramente ordinarios do servizo.

A continuación iníciase un debate no que o vicepresidente e o subdirector xeral de Seguridade e Coordinación expoñen o criterio seguido polo Gabinete Técnico, que estimou merecedores da medalla só aos dous policía do operativo que entraron en primeiro lugar na vivenda ao considerar que son os que soportaron un maior risco, sendo ademais os que accederon a dependencia onde se atopaba o agresor e a vítima, segundo se describe no informe do xefe da policía local do Porriño. Recordan, así mesmo, o criterio restritivo que se ven utilizando para a concesión de distincións.

Por outra banda, varios membros da Comisión, expoñen nas súas intervencións que se a operación policial merece a medalla esta debería concederse aos sete policía locais que entraron na vivenda e non unicamente aos dous que entraron en primeiro lugar e detiveron ao agresor, en canto que se tratou dun operativo no que se actúa en equipo, no que todos accederon ao tempo ao inmovible repartíndose as tarefas e a entrada nas diferentes dependencias, descoñecendo todos eles o que se ían atopar na vivenda, correndo por tanto todos un risco para a súa vida, con independencia de que a detención a realizaran dous dos seus membros.

Finalmente, acádase consenso e a Comisión acorda por unanimidade informar favorablemente que se conceda a medalla ao mérito aos sete

policías locais do Concello do Porriño por considerar que todos puxeron en risco a súa vida nesa operación policial.

Aclara o vicepresidente que non se crea un precedente de concesión de medalla ao mérito polo mero feito da entrada nunha vivenda. Neste suposto outórgase porque os policías locais correron un risco para a súa vida ao acceder a un piso no que estaba a vítima e o presunto agresor, que se trataba dunha persoa perigosa con antecedentes policiais, non sabendo exactamente en que dependencia se atopaba.

### **3.3. Valoración e informe das propostas de felicitacións públicas a persoal que prestou servizos na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior**

A vicepresidencia da conta á Comisión das propostas de resolución remitidas coa convocatoria, para distinguir a José Antonio Fernández López, que foi Subdirector Xeral de Seguridade e Coordinación, e a José González Cores, que foi Xefe do Servizo de Seguridade, cunha felicitación pública, pola súa actividade profesional a prol da coordinación das policías locais de Galicia, de acordo coa proposta realizada polos representantes das organizacións sindicais e asociacións de persoal presentes na Comisión de Coordinación.

Non se formulan observacións pola Comisión que informa favorablemente as propostas de concesión de felicitacións públicas.

### **4.- Dar conta dos procesos unitarios desenvolvidos ao abeiro do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma cos concellos na selección dos membros dos corpos da policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local.**

Informa o vicepresidente dos procesos selectivos unitarios realizados no ano 2022, así como das convocatorias que se están a desenvolver na actualidade para a cobertura dunha praza de inspector pola promoción interna do artigo 38 c) da Lei de Coordinación de policías locais, para a cobertura dunha praza de acceso á categoría de inspector pola vía do artigo 38 d) da mesma lei, e para a selección de 96 auxiliares de policía para 21 concellos.

Tamén sinala que recentemente se publicaron no Diario Oficial de Galicia as convocatorias dos procesos unitarios de policía local (acceso libre e mobilidade) e de oficial (promoción interna e mobilidade), estando pendentes de publicarse no Boletín Oficial do Estado.

**5.- Proposta de vogais (titular e suplente), da Comisión de Coordinación para a composición dos órganos de selección dos procesos unitarios (artigo 6 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro) para as categorías de policía local por acceso libre, policía local por mobilidade, oficial, inspector, inspector principal e de vixiantes municipais. Procedemento para a proposta que corresponde realizar á Comisión de Coordinación dun membro (titular e suplente) integrante dos tribunais nos procesos unitarios.**

O vicepresidente pregunta si se vai a efectuar a proposta de designación de vogais que corresponde á Comisión para os tribunais dos procesos selectivos unitarios do ano 2023. En caso contrario indica que se pode designar como vogais titulares aos que foron suplentes nos anteriores procesos e como suplentes aos que foron titulares.

O representante de UGPOL entrega en man ao vicepresidente unha proposta de vogais para os tribunais para a categoría de policía local e auxiliares de policía.

O vicepresidente lee os nomes das persoas incluídas na dita proposta, que son os seguintes:

- Francisco Cabello Domínguez, policía local de Ourense
- Andrés Alonso Rodríguez, policía local de Zas
- Alejandro Vázquez Vázquez, policía local de Vilagarcía de Arousa
- Carlos Varela Tourís, policía local de Vilagarcía de Arousa
- Ernesto Calvo Cristovo, policía local de Ordes
- Diego García Fariña, policía local de Ordes
- Roberto Rajoy Otero, policía local de Camariñas

Non se presentan máis propostas, nin se formula oposición á realizada por UGPOL.

O representante de CCOO manifesta que non realizan propostas ao considerar que se debe utilizar un sistema como o que se vai tratar nesta reunión.

Indica a vicepresidencia que se utilizará a proposta entregada neste acto, salvo que se poña en funcionamento o procedemento para a formación de

listaxes cuxo borrador, que foi enviado coa convocatoria da reunión, se procede a presentar a continuación.

O subdirector xeral de Seguridade e Coordinación explica que se trata dun borrador da resolución que regula a elección do vogal que lle corresponde propoñer á Comisión de Coordinación. Aclara que de forma subsidiaria se podería designar a funcionarios non pertencentes á policía local para aqueles tribunais para a selección de categorías superiores da policía local, cando non houbera policía locais da categoría necesaria.

O representante da CIG pregunta si o criterio que se establece no borrador de que os vogais non poidan pertencer aos concellos que convoquen prazas vai facerse extensivo aos restantes membros dos tribunais. O vicepresidente indica que é un requisito que se propón para este procedemento, que podería suprimirse se así o considera a Comisión. Entende que non se pode facer extensivo á proposta de designación dos restantes membros dos tribunais que non dependen da Comisión, recordando que xa están vinculados polas causas de abstención e recusación previstas na lei.

Intervén o representante do Concello de Vigo, para suxerir a posibilidade de excluír ás persoas sancionadas disciplinariamente que non teñan cancelados os seus antecedentes.

Non se formulan outras observacións, concedendo o Vicepresidente un prazo de quince días para que se poidan presentar as suxestións ou consideracións que se estimen oportunas, que de ser o caso, se estudiarán no grupo de traballo.

## **6.- Rogos e preguntas**

O representante da CIG pregunta por un recurso presentado en relación coa validez do título propio de criminoloxía de tres anos da Universidade de Santiago de Compostela, nun proceso para o acceso á categoría de inspector. O vicepresidente indícalle que non se ten coñecemento dese escrito, pero que unha vez que se traslade se estudará.

Intervén o representante de AXEMPOL para comentar que se trata dun debate que xurdiu por unha convocatoria do Concello de Ourense que aínda non se publicou.

O representante de CCOO comenta que nos procesos unitarios obsérvase unha maior transparencia que sería desexable que se puidera transferir aos procesos que convocan os concellos, recordando que hai concellos que aínda que están no unitario resérvanse as convocatorias de promoción interna.

Tamén manifesta que no Decreto de desenvolvemento da Lei de coordinación de policía locais, unha vez publicado, nota en falta aspectos nos que houbera consenso polo que a día de hoxe non o apoiarían. Entende que unha vez informado o proxecto pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia debería ter volto a pasar pola Comisión tendo en conta a magnitude das modificacións realizadas na norma publicada.

Por último, alude á problemática dos auxiliares de policía, con sentenzas que declaran á súa condición de persoal indefinido non fixo e que se están a estabilizar en moitos concellos, polo que considera que se debería acometer unha modificación normativa desa figura.

O vicepresidente contéstalle que xa se estableceu unha fórmula para que a Xunta de Galicia exercera de forma delegada as competencias para a selección de policía locais, pero que a adhesión dos concellos aos procesos unitarios é voluntaria, se ben indica que na actualidade son 89 os concellos que asinaron convenio.

En canto aos cambios que se fixeron no proxecto do Decreto, lembra o vicepresidente que foron consecuencia dos informes preceptivos da Asesoría Xurídica e do Consello Consultivo e que se trata de informes que se teñen que emitir unha vez tramitado todo o expediente.

Engade o subdirector xeral de Seguridade e Coordinación que se deu conta á Comisión de Coordinación dos puntos principais do informe da Asesoría Xurídica, e que se entregou copia do dito informe aos membros que o solicitaron, entre eles á representación de CCOO.

Polo que respecta aos auxiliares de policía e á necesidade de cambios normativos, o vicepresidente pide que se envíe unha proposta dos aspectos que se pretendan modificar.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión as 14.30 horas.

### 3. Rexistro de Policía Local de Galicia

O Decreto 105/2008, do 8 de maio, crea e regula o Rexistro das Policía Local de Galicia previsto no artigo 21 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía local.

De acordo co establecido no dito Decreto, no Rexistro inscribíranse preceptivamente todos os membros pertencentes aos corpos de policía local, incluído o persoal auxiliar de policía, así como o persoal vixiante municipal.

No ano 2021 a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior puxo a disposición dos concellos unha nova aplicación informática para a xestión do Rexistro das Policía Local de Galicia (RPOLGA), a través da que se pretende unha xestión informatizada e integral da información.

Na actualidade teñen acceso á aplicación os seguintes concellos:

CONCELLOS DE ALTA EN RPOLGA	
PROVINCIA	CONCELLO
A Coruña	A Laracha
A Coruña	Ares
A Coruña	Arteixo
A Coruña	As Pontes de García Rodríguez
A Coruña	Bergondo
A Coruña	Betanzos
A Coruña	Boiro
A Coruña	Cabana de Bergantiños
A Coruña	Cambre
A Coruña	Carballo
A Coruña	Cariño
A Coruña	Carral

CONCELLOS DE ALTA EN RPOLGA	
PROVINCIA	CONCELLO
A Coruña	Cedeira
A Coruña	Cee
A Coruña	Cerceda
A Coruña	Coruña (A)
A Coruña	Fene
A Coruña	Fisterra
A Coruña	Malpica de Bergantiños
A Coruña	Miño
A Coruña	Mugardos
A Coruña	Muros
A Coruña	Muxía
A Coruña	Neda
A Coruña	Noia
A Coruña	Oleiros
A Coruña	Ordes
A Coruña	Ortigueira
A Coruña	Padrón
A Coruña	A Pobra do Caramiñal
A Coruña	Ponteceso
A Coruña	Ribeira
A Coruña	Sada
A Coruña	Santa Comba
A Coruña	Santiago de Compostela
A Coruña	Trazo
A Coruña	Valdoviño
A Coruña	Zas
Lugo	Burela



CONCELLOS DE ALTA EN RPOLGA	
PROVINCIA	CONCELLO
Lugo	Foz
Lugo	Guitiriz
Lugo	Mondoñedo
Lugo	Monforte de Lemos
Lugo	Palas De Rei
Lugo	Friol
Lugo	Guitiriz
Lugo	Mondoñedo
Lugo	Monforte de Lemos
Lugo	Palas de Rei
Lugo	Rábade
Lugo	Vilalba
Lugo	Viveiro
Ourense	A Pobra de Trives
Ourense	A Rúa
Ourense	Avión
Ourense	Barbadás
Ourense	Maceda
Ourense	O Barco de Valdeorras
Ourense	Ourense
Ourense	Xinzo de Limia
Pontevedra	A Cañiza
Pontevedra	A Guarda
Pontevedra	A Illa de Arousa
Pontevedra	As Neves
Pontevedra	Bueu
Pontevedra	Caldas de Reis

CONCELLOS DE ALTA EN RPOLGA	
PROVINCIA	CONCELLO
Pontevedra	Cambados
Pontevedra	Cangas
Pontevedra	Crecente
Pontevedra	Lalín
Pontevedra	Meaño
Pontevedra	Moaña
Pontevedra	Mos
Pontevedra	O Grove
Pontevedra	O Porriño
Pontevedra	O Rosal
Pontevedra	Ponteareas
Pontevedra	Pontevedra
Pontevedra	Redondela
Pontevedra	Salceda de caselas
Pontevedra	Soutomaior
Pontevedra	Tomiño
Pontevedra	Tui
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa
Pontevedra	Vilanova de Arousa
Pontevedra	Mondariz
Pontevedra	Poio
Pontevedra	Sanxenxo
<b>Total concellos de alta en RPOLGA: 84</b>	

Os concellos que aínda non solicitaron o acceso á nova aplicación do Rexistro son os seguintes:

CONCELLOS PENDENTES DE INCLUSIÓN EN RPOLGA	
PROVINCIA	CONCELLO
A Coruña	Abegondo
A Coruña	Ames
A Coruña	Arzúa
A Coruña	Brión
A Coruña	Cabanas
A Coruña	Camariñas
A Coruña	Carnota
A Coruña	Coristanco
A Coruña	Culleredo
A Coruña	Ferrol
A Coruña	Laxe
A Coruña	Melide
A Coruña	Narón
A Coruña	Negreira
A Coruña	Oroso
A Coruña	Outes
A Coruña	Pontedeume
A Coruña	Porto do Son
A Coruña	Rianxo
A Coruña	Teo
A Coruña	Tordoia
A Coruña	Vimianzo
Lugo	A Fonsagrada
Lugo	Cervo
Lugo	Chantada
Lugo	Lugo

CONCELLOS PENDENTES DE INCLUSIÓN EN RPOLGA	
PROVINCIA	CONCELLO
Lugo	Quiroga
Lugo	Ribadeo
Lugo	Sarria
Lugo	Xove
Ourense	Allariz
Ourense	Bande
Ourense	Celanova
Ourense	O Carballiño
Ourense	Ribadavia
Ourense	Verín
Ourense	Viana Do Bolo
Pontevedra	A Estrada
Pontevedra	Agolada
Pontevedra	Baiona
Pontevedra	Cuntis
Pontevedra	Gondomar
Pontevedra	Marín
Pontevedra	Moraña
Pontevedra	Nigrán
Pontevedra	Ponte Caldelas
Pontevedra	Pontecesures
Pontevedra	Salvaterra de Miño
Pontevedra	Silleda
Pontevedra	Valga
Pontevedra	Vigo
Pontevedra	Vila de Cruces

CONCELLOS PENDENTES DE INCLUSIÓN EN RPOLGA	
PROVINCIA	CONCELLO
Pontevedra	Vilaboa
<b>Total concellos pendentes alta no RPOLGA: 53</b>	

En documento anexo que figura ao final desta memoria, recóllense os cadros de persoal segundo os datos que constan no Rexistro das Policía Local de Galicia.

#### 4. Procesos selectivos unitarios

##### 4.1. Convenios asinados polos concellos

CONCELLO	ANO SINATURA	DATA SINATURA	PRÓRROGA ASINADA
O Carballiño	2018	26/02/2018	10/02/2022
A Cañiza	2018	21/06/2018	14/06/2022
A Coruña	2018	18/04/2018	11/03/2022
A Estrada	2018	09/02/2018 Addenda excl prom interna 29/12/2022	02/02/2022
A Guarda	2018	06/03/2018	21/02/2022
A Illa de Arousa	2023	26/05/2023	
A Laracha	2018	Convenio 27/03/2018 Addenda excl prom interna 12/04/2022	23/02/2022
A Pobra de Trives	2021	05/10/2021	
A Pobra do Caramiñal	2018	06/03/2018	25/02/2022
A Rúa	2020	13/03/2020	

CONCELLO	ANO SINATURA	DATA SINATURA	PRÓRROGA ASINADA
Allariz	2021	26/05/2021	
Ames	2018	19/11/2018	02/11/2022
Arteixo	2020	02/10/2020	
Arzúa	2019	20/08/2019	14/07/2023
Baiona	2022	12/04/2022 Addenda engadir categoría policía 30/03/2023	
Barbadás	2018	06/03/2018	16/02/2022
Bergondo	2018	06/03/2018	16/02/2022
Betanzos	2018	09/02/2018	02/02/2022
Boiro	2023	13/11/2023	
Brión	2022	17/03/2022	
Bueu	2018	27/03/2018	14/03/2022
Burela	2020	11/11/2020	
Cabanas	2020	25/06/2020	
Caldas de Reis	2020	03/01/2020	27/12/2023
Cambados	2018	16/02/2018	07/02/2022
Cambre	2023	04/05/2023	
Cangas	2019	31/01/2019	30/01/2023

CONCELLO	ANO SINATURA	DATA SINATURA	PRÓRROGA ASINADA
Carballo	2018	06/03/2018	21/02/2022
Cariño	2018	09/02/2018	02/02/2022
Carral	2019	20/08/2019	21/07/2023
Cedeira	2019	10/01/2019	09/01/2023
Cee	2021	05/07/2021	
Celanova	2018	06/03/2018	16/02/2022
Cuntis	2018	15/03/2018	22/02/2022
Fene	2018	06/03/2018	17/02/2022
Ferrol	2019	21/02/2019	17/02/2023
Fisterra	2018	09/02/2018	02/02/2022
Foz	2019	26/12/2019	21/12/2023
Friol	2020	14/12/2020	
Gondomar	2018	27/03/2018	16/03/2022
Guitiriz	2020	03/03/2020	
Laxe	2019	22/05/2019	24/04/2023
Lugo	2019	20/03/2019	08/03/2023



CONCELLO	ANO SINATURA	DATA SINATURA	PRÓRROGA ASINADA
Malpica de Bergantiños	2018	06/03/2018	03/03/2022
Marín	2018	06/03/2018	22/02/2022
Meaño	2018	06/03/2018	16/02/2022
Melide	2018	06/03/2018	21/02/2022
Miño	2018	23/02/2018	09/02/2022
Moaña	2021	05/08/2021	
Mondoñedo	2023	14/09/2023	
Mugardos	2019	Convenio categoría policía acceso 08/04/2019 Addenda auxiliares y vigilantes 11/03/2021	24/03/2023
Muxía	2023	27/02/2023	
Narón	2018	09/02/2018	03/02/2022
Negreira	2018	09/02/2018	02/02/2022
Nigrán	2019	10/01/2019	09/01/2023
Noia	2020	20/01/2020	
O Barco de Valdeorras	2018	09/03/2018	21/02/2022
O Grove	2019	31/01/2019	30/01/2023

CONCELLO	ANO SINATURA	DATA SINATURA	PRÓRROGA ASINADA
O Rosal	2018	09/02/2018	02/02/2022
Ordes	2018	16/02/2018	08/02/2022
Oroso	2021	30/03/2021	
Ortigueira	2018	06/03/2018	16/02/2022
Outes	2020	09/06/2020	
Padrón	2020	26/06/2020	
Poio	2019	31/01/2019	30/01/2023
Ponte Caldelas	2020	11/12/2020	
Ponteareas	2018	15/03/2018	28/02/2022
Ponteceso	2020	05/08/2020	
Pontedeume	2019	07/02/2019	06/02/2023
Pontevedra	2020	Convenio 01/04/2020 Addenda auxiliares 26/04/2021	
Porto do Son	2021	25/03/2021	
Rábade	2022	09/12/2022	
Redondela	2018	06/03/2018	03/03/2022

CONCELLO	ANO SINATURA	DATA SINATURA	PRÓRROGA ASINADA
Rianxo	2018	06/03/2018	22/02/2022
Ribadavia	2019	27/03/2019	15/03/2023
Ribadeo	2018	03/04/2018	21/03/2022
Ribeira	2018	06/03/2018	02/03/2022
Sada	2018	06/03/2018	21/02/2022
Salceda de Caselas	2018	06/03/2018	16/02/2022
Santiago de Compostela	2018	27/03/2018	24/03/2022
Sanxenxo	2018	09/02/2018	02/02/2022
Soutomaior	2018	06/03/2018	16/02/2022
Tomiño	2018	03/05/2018	29/04/2022
Tui	2018	27/03/2018 Addenda auxiliares 08/02/2022	08/02/2022
Valdoviño	2018	09/02/2018	02/02/2022
Vigo	2022	30/05/2022	
Vilaboa	2018	09/02/2018	02/02/2022
Vilagarcía de Arousa	2018	16/02/2018	14/02/2022

CONCELLO	ANO SINATURA	DATA SINATURA	PRÓRROGA ASINADA
Vilanova de Arousa	2018	09/02/2018	07/02/2022
Viveiro	2018	06/03/2018	16/02/2022
Xinzo de Limia	2018	05/09/2018	19/07/2022

## ***4.2.Convocatoria de procesos selectivos***

**DOG Núm. 28, 9 de febreiro de 2023**

### **IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

ORDE do 1 de febreiro de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo de acceso por promoción interna previsto no artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector (código de procedemento PR461K).

Con data do 5 de outubro de 2022, publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 190 a Orde do 21 de setembro de 2022 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes e desenvolto todo o proceso, resultan prazas vacantes.

O artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece que de non cubrirse a praza ou prazas a través da convocatoria establecida na letra a) deste artigo e de non cubrirse mediante o procedemento de provisión previsto no artigo 43 poderán ser cubertas mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre o persoal do corpo coa categoría de oficial e policía, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.

Unha vez informados os concellos afectados, e tras a solicitude destes concellos de convocar as prazas que resultan vacantes segundo o disposto no artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, e de conformidade co establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a

cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de Policía Local (Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 22 de novembro), a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude da delegación conferida para o efecto polos concellos interesados,

#### DISPÓN:

Aprobar as bases xerais reguladoras e convocar o proceso selectivo de acceso por promoción interna previsto no artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais nos corpos de Policía Local, escala executiva, categoría de inspector, subgrupo A2, código de procedemento PR461K.

#### 1. Obxecto da convocatoria.

1.1. O obxecto do proceso é cubrir 1 praza dos corpos de Policía Local, escala executiva, categoría de inspector, subgrupo A2.

1.2. O número, denominación e características das prazas que se convocan especificanse no anexo II desta orde.

1.3. Este proceso rexerese polo establecido nestas bases e para o non previsto estarase ao disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que a desenvolve, na Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de Policía Local ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de Policía Local.

O código do procedemento regulado nesta orde é PR461K.

#### 2. Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas interesadas en participar no proceso deberán posuír na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ter feitos os 18 anos e non exceder, de ser o caso, a idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título oficial de grao universitario ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para os efectos profesionais.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación conforme as normas penais e administrativas, que a persoa aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.

g) Ser funcionario/a de carreira do corpo de Policía Local nun dos concellos que aparecen no anexo II na enumeración das prazas ofertadas.

h) Ter en propiedade a categoría de oficial ou policía do corpo de Policía Local nun dos concellos que aparecen no anexo II na enumeración das prazas ofertadas.

i) Estar en servizo activo na categoría de oficial ou policía.

j) Contar cun mínimo de seis anos continuados de servizo activo na categoría de oficial ou policía, computándose tamén neste caso o tempo de segunda

actividade por causa de embarazo ou lactación, así como os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivese a consideración de persoal funcionario en prácticas.

### 3. Solicitudes.

#### 3.1. Forma e prazo de presentación de solicitudes (PR461K).

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, que figura como anexo I a esta convocatoria.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial del Estado.

Non se terá en conta a documentación que non quede debidamente acreditada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

#### 3.2. Taxas.

3.2.1. Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar neste proceso, deberase aboar dentro do prazo de presentación de solicitudes, en concepto de dereito de inscrición, o importe de 33,13 euros e, se é o caso, os gastos de transferencia correspondentes.

Para o pagamento da taxa deberase actuar da seguinte maneira:



– Pagamento electrónico: deberá introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

– Pagamento electrónico-con certificado dixital: poderá realizar o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado desde a opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

– Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na solicitude, imprimir o documento de pagamento (modelo 739) e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante. Unha vez feito o pagamento presencial na entidade financeira deberá achegarse coa solicitude de participación no proceso o xustificante selado pola entidade bancaria.

Os códigos para formalizar as taxas son os seguintes:

Consellería: Presidencia, Xustiza e Deportes. Código 04.

Delegación: servizos centrais. Código 13.

Servizo: Academia Galega de Seguridade Pública. Código 19.

Taxa: denominación: inscrición nos procesos selectivos para a selección de persoal dos corpos de Policía Local de Galicia. Código 30.03.04.

A falta de pagamento da taxa correspondente, se é o caso, determinará a exclusión no proceso da persoa aspirante e non será posible a súa emenda fóra do prazo de presentación de solicitudes.

A presentación do xustificante do aboamento das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

3.2.2. Exención e bonificación no aboamento da taxa.

3.2.2.1. Estarán exentos do pagamento desta taxa por dereito de inscrición:

– Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.

– Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

#### 3.2.2.2. Aplicarase unha bonificación do 50 % do importe da taxa:

- Persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando coa solicitude a seguinte documentación:

- Familia numerosa de categoría xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia.
- Persoas con discapacidade: tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia.
- Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

#### 3.3. Documentación complementaria.

As persoas interesadas en participar no proceso (PR461K) deberán achegar coa súa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

- a) Xustificante do pagamento da taxa (código 30.03.04).
- b) Certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.

- c) Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- d) Resolución administrativa pola que se recoñeza a condición de vítima de terrorismo, de ser o caso.
- e) Relación dos méritos que se acrediten, por cada unha das epígrafes de que consta o concurso segundo o especificado no anexo III.
- f) Copias da documentación acreditativa dos méritos alegados. A documentación acreditativa dos méritos deberá presentarse na orde en que figura cada un dos méritos na relación de méritos.
- g) Certificado acreditativo de ter en propiedade a categoría de oficial ou policía nun dos concellos que aparecen no anexo II, de estar en servizo activo na dita categoría e contar cunha antigüidade mínima de seis anos continuados na categoría de oficial ou policía. Para o seu cómputo teranse en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivo a consideración de persoal funcionario en prácticas, así como os períodos durante os cales se atopou en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación.
- h) Certificado de Celga 4 ou equivalente, sempre que non fose expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### 3.4. Comprobación de datos.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Títulos oficiais non universitarios.
- d) Títulos oficiais universitarios.
- e) Certificado de Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- f) Certificado de inexistencia de antecedentes penais.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) Título de familia numerosa expedido pola Administración autonómica.

b) Certificado de discapacidade expedido pola Administración autonómica.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### 3.5. Notificacións.

3.5.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.5.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3.5.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán crear, de oficio, o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

3.5.4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

3.5.5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.6. Publicación dos actos.

3.6.1. Publicaranse no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro:

- A relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.
- A relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas coa data e lugar de realización da primeira proba.

3.6.2. Na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante, Agasp) ([www.agasp.xunta.gal/es](http://www.agasp.xunta.gal/es)) publicaranse ademais as resolucións coas datas e lugares de realización das restantes probas selectivas, os resultados delas, relación de persoas aprobadas e demais comunicacións deste proceso.

3.7. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. Admisión de aspirantes.

4.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral da Agasp publicará no DOG e na páxina web da Agasp a resolución pola que se declaren con carácter provisional as persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión con indicación da exención ou non da proba de coñecementos da lingua galega. No caso de non existiren persoas excluídas, ou que as persoas excluídas o estean por motivos non emendables, a listaxe será considerada como definitiva.

4.2. As persoas excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no DOG, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación nos procesos, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

4.3. Non se poderá emendar a presentación de solicitude fóra de prazo habilitado para este efecto, nin o non pagamento da taxa establecida. As estimacións ou desestimacións das solicitudes de emenda entenderanse implícitas na resolución da Dirección Xeral da Agasp pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas que se publicará no DOG e na páxina web da Agasp.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar nos procesos.

Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

5. Desenvolvemento do proceso.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

5.1. A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas, se é o caso, polas persoas aspirantes de acordo co baremo contido no anexo III desta orde.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus aspectos, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Serán de aplicación á fase de concurso os límites establecidos no anexo II da Orde do 28 de xaneiro de 2009.

En aplicación do disposto no artigo 32.1.b) do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, no concurso-oposición, a valoración total dos méritos será obxecto de limitación, cun máximo de puntos preestablecido.

Tendo en conta que á fase de concurso lle corresponderá unha porcentaxe máxima do 40 % da puntuación máxima total, incluída a da oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia ese máximo de puntos que os aspirantes poderían acadar, ao cal se lle outorgarían os catro puntos. Proporcionalmente, asignaráselle a puntuación a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

5.2. A fase de oposición será posterior á fase de concurso e constará de tres probas.

Primeira proba: consistirá en contestar por escrito nun período máximo de 2 horas 120 preguntas tipo test máis 10 de reserva, determinadas polo tribunal, relacionadas cos temas comprendidos no anexo IV da presente convocatoria. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixido para alcanzar a puntuación mínima.

A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:  $N=(A-F/3)/12$ , onde N=nota final da proba; A=preguntas acertadas; F=preguntas falladas ou non respondidas.

As persoas aspirantes poderán levar a copia das súas respostas. O mesmo día do exercicio publicarase o cadro de respostas correctas na páxina web da Agasp.

Segunda proba: proba de avaliación do coñecemento da lingua galega. Realizarase a continuación da primeira proba, e consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego e doutro texto do galego para o castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de realizarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima dunha (1) hora.



O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.

As persoas aspirantes que estivesen en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), estarán exentos da realización desta proba.

Terceira proba: consistirá na resolución dun caso práctico, no tempo máximo dunha (1) hora, determinado polo tribunal e relacionado cos temas comprendidos no anexo IV da presente convocatoria.

Seguidamente, as persoas aspirantes procederán á lectura do caso práctico ante o tribunal. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixidos para alcanzar a puntuación mínima. A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións da primeira e da terceira proba, e será necesario alcanzar en cada unha das probas un mínimo de 5 puntos para superar a oposición.

Para ponderar esta puntuación en relación co 60 % da nota final que corresponde á fase de oposición, aplicarase a regra de tres simple, tendo en conta que á nota máxima que se podería acadar na oposición, que sería un 10, outorgaríanselle 6 puntos para a nota ponderada coa fase de concurso, de modo que ambas as puntuacións ponderadas, a do concurso e a da oposición, sumarían como máximo 10 puntos, correspondendo nesa puntuación unha porcentaxe máxima do 40 % ao concurso e do 60 % á da oposición.

Os criterios xerais de corrección desta proba serán os seguintes:

1. O tribunal apreciará a aproximación á descrición e contido da normativa aplicable no esencial; esta puntuación incrementarase ou diminuirá na correspondente proporción en función da súa aproximación ao devandito contido.

2. Terase en conta a concreción das respostas dadas, a motivación destas e completar todas as singularidades de cada resposta segundo o establecido na normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.

### 5.3. Desenvolvemento dos exercicios.

5.3.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será a orde alfabética e comezará por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra T, consonte o establecido na Resolución do 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 24, do 4 de febreiro).

O tribunal, unha vez finalizados o primeiro e o segundo exercicio, establecerá por orde decrecente de puntuación do primeiro exercicio, sempre que se estea exento ou se obteña a cualificación de apto/a no segundo exercicio, o número de aspirantes que deberán desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario.

5.3.2. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

5.3.3. De conformidade co artigo 12 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as persoas aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento, calquera que sexa a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como o suposto que se describe a seguir:

As mulleres embarazadas que prevexan, polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará, con base na información de que dispoña, se procede

ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

5.3.4. Durante o tempo fixado para a realización das probas selectivas, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria; queda prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos, constituíndo causa de inadmisión ao chamamento a simple tenza deles.

5.3.5. O anuncio de realización dos exercicios publicarase na páxina web da Agasp, con dous días hábiles de antelación, polo menos, á data sinalada para o seu inicio.

5.3.6. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poden presentar, anula algunha ou algunhas preguntas incluídas na proba de coñecementos, anunciarao na páxina web da Agasp.

Neste suposto, e no caso que se realizasen, serán tidas en conta as cuestións de reserva, que terán unha puntuación igual ás do resto do exercicio.

5.3.7. As cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na sede da Agasp e na súa páxina web.

Concederase un prazo de cinco días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

5.3.8. En calquera momento do proceso, se o tribunal ten coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria, logo de audiencia da persoa interesada, comunicarllo á Agasp para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, isto suporá a súa exclusión do proceso.

## 6. Cualificación final.

Previamente á fase de oposición, o tribunal procederá á baremación da fase de concurso e publicaraa na páxina web da Agasp, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, as persoas

aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións ante o propio tribunal no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da baremación.

En relación coa aplicación dos baremos, débense ter en conta as seguintes normas:

– Titulacións académicas: non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, salvo que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

– Para os efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional; deberá achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición en que se estableza esta e, de ser o caso, o BOE en que se publicou. Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

– Formación e docencia: non se terán en conta, para os efectos de valoración:

- Os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade.
- Os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a 5 anos desde a finalización do primeiro curso.
- Os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 dos anexos II e III da Orde do 28 de xaneiro de 2009, nin a superación de materias destes.

– En relación coa docencia, tanto como docente da Agasp como fóra do devandito ámbito, só serán avaliadas aquelas participacións en accións formativas que sexan de manifesto interese policial dirixidas, en particular, aos corpos de Policía Local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua. O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, salvo que transcorrese un período superior a 5 anos desde a súa realización.

Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de seren estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase á publicación definitiva na páxina web da Agasp.

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso-oposición.

No caso de empate na puntuación final do proceso establécese a seguinte orde de prioridade:

1º. Por ser un grupo con infrarrepresentación do sexo feminino, e en aplicación do disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, preferencia da muller respecto ao home.

2º. A nota máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición.

3º. A nota máis alta no terceiro exercicio da fase de oposición.

7. Tribunal.

7.1. O nomeamento do tribunal cualificador correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a, pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional para cuxo ingreso se requira a titulación de grao universitario ou equivalente; a súa composición será paritaria, segundo o establecido no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias da Agasp, corresponden ao tribunal as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, a cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas na orde correcta das probas selectivas e resolución de incidencias.

7.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas pola Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.

A persoa titular da presidencia deberá solicitar aos membros do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de non se atoparen incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

7.3. A persoa titular do órgano que nomee ao tribunal publicará no DOG a resolución correspondente pola que se nomeen os novos membros do tribunal que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

7.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no DOG. Na devandita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas titulares da presidencia e da secretaría.

Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito.

Das sesións celebradas polo tribunal redactarase a acta correspondente, que será asinada polo/a secretario/a co visto e praxe do/da presidente/a.

7.5. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, nas instrucións

relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico.

7.6. O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz, pero non voto.

7.7. En ningún caso poderá o tribunal aprobar nin declarar que superou o proceso un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas obxecto da presente convocatoria que non resulten cubertas na súa finalización por non superar o proceso un número suficiente de aspirantes.

7.8. Os acordos adoptados polo tribunal dos procesos poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da dirección xeral da Agasp, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

8. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva, presentación de documentación e nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

8.1. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva.

Unha vez rematado o proceso, o tribunal elaborará por orde decrecente de puntuación a lista de persoas aprobadas. O número destas persoas non poderá superar o de prazas convocadas.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha listaxe de reserva cun número de persoas aspirantes que será, como máximo, igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

Ambas as dúas listas serán publicadas na páxina web da Agasp.

As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que

carecen dalgún dos requisitos non poderán ser nomeadas persoal funcionario en prácticas e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

### 8.2. Nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas na categoría de inspector, mediante resolución da correspondente Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia ao nomeamento xa realizado, o Concello comunicará esta circunstancia á Dirección Xeral da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

### 8.3. Curso selectivo de formación.

As persoas aspirantes aprobadas no proceso deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de inspector, escala executiva, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente na condición de persoal funcionario de carreira na categoría de inspector.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.



O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso.

#### 9. Información ás persoas interesadas.

Sobre esta convocatoria, poderase obter información adicional na Agasp a través dos seguintes medios:

- a) <https://sede.xunta.gal/portada>
- b) Páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>).
- c) No enderezo electrónico [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal)
- d) Nos teléfonos da Agasp 886 20 61 09, 886 20 61 35 e 886 20 61 27.
- e) No Servizo de Coordinación, Planificación e Selección da Agasp (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra).

#### Disposición adicional única

En virtude do establecido no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, acorda delegar a facultade de nomear o tribunal que deberá cualificar este proceso e, se é o caso, a substitución dos membros que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base 7.2 desta convocatoria na persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública.

Igualmente, acórdase delegar na persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública a resolución dos recursos de alzada que se interpoñan contra os acordos do tribunal nomeado para cualificar estes procesos.

#### Disposición derradeira única

1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, o tribunal encargado de xulgar o proceso e as persoas que nel participen.
2. Así mesmo, cantos actos administrativos sexan producidos polo tribunal, pola autoridade convocante ou polo órgano encargado da xestión, poderán

ser impugnados polas persoas interesadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2023

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

ANEXO II

Relación de prazas convocadas

Proceso de acceso por promoción interna	
Vigo	1

**ANEXO III**
**Táboa de méritos fase de concurso do proceso  
de acceso por promoción interna**

Apartados	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)		Valoración máxima por epígrafe
1. Titulacións académicas oficiais	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente</li> <li>– Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente</li> <li>– Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente</li> <li>– Bacharelato técnico ou equivalente</li> </ul>	3,00	2,00	4,00 puntos
		1,50	0,50	
2. Antigüidade como funcionario de carreira	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, nos corpos da Policía Local</li> <li>– Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de seguridade</li> <li>– Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de calquera Administración pública</li> </ul>	0,20	0,10	4,00 puntos
		0,05		
3. Formación	Como alumno da Agasp ou en	AS	AP	8,00 puntos

Apartados	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)		Valoración máxima por epígrafe
profesional e docencia	actividades conveniadas			
	– Cada hora en actividades de tipo presencial			
	– Cada hora en actividades de formación en liña	0,015	0,025	
	Como alumno noutras actividades alleas á Agasp	0,010	0,020	
	– Cursos ou actividades ata 20 horas	0,20	0,30	
	– Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas	0,35	0,50	
	– Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas	0,45	0,65	
	– Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas	0,50	0,75	
	– Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas	0,75	1,00	
	– Cursos ou actividades de máis de 200 horas	1,00	1,30	
	Como profesor da Agasp ou en actividades conveniadas	0,020		
	– Cada hora en actividades de tipo presencial	0,015		
	– Cada hora en actividades de formación en liña	0,015		
	Como profesor noutras actividades alleas á Agasp	0,010		

Apartados	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)	Valoración máxima por epígrafe
	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Cada hora en actividades de tipo presencial</li> <li>– Cada hora en actividades de formación en liña</li> </ul>		
4. Distincións e recompensas oficiais	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Placa individual ao mérito da Policía Local</li> <li>– Placa colectiva ao mérito da Policía Local</li> <li>– Medalla ao mérito da Policía Local</li> <li>– Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos</li> <li>– Distincións do órgano colexiado competente do concello</li> </ul>	<p>2,00</p> <p>1,50</p> <p>1,00</p> <p>0,75</p> <p>0,25</p>	2,00 puntos
5. Idiomas	<p>Coñecemento de idiomas, distintos do español e do galego, acreditados por certificado de EOI</p> <p>A) Ciclos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Certificado de superación do ciclo elemental</li> <li>– Certificado de superación do ciclo superior</li> </ul> <p>B) Niveis.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Certificado superación nivel básico</li> <li>– Certificado superación nivel intermedio</li> </ul>	<p>1,00</p> <p>2,00</p> <p>0,65</p> <p>1,30</p> <p>2,00</p>	4,00 puntos

Apartados	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)	Valoración máxima por epígrafe
	– Certificado superación nivel avanzado  Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten		
6. Lingua galega	Coñecemento da lingua galega, segundo acreditación  – Celga 1 – Celga 2 – Celga 3 – Celga 4 – Curso de iniciación – Curso de perfeccionamento – Curso de linguaxe administrativa nivel medio – Curso de linguaxe administrativa nivel superior  Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten	0,25 0,50 0,75 1,00 0,75 1,00 1,50 2,00	2,00 puntos

## ANEXO IV

### Temario

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Constitución. Concepto e clases. O poder constituínte. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguranza. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.
3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguranza.
4. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguranza. Dereito de petición.
5. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Valedor do Pobo.
6. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.
7. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.
8. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións:



Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. Mención ao Tribunal Superior de Xustiza.

9. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía para Galicia.

10. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

11. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

12. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

13. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

14. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias.

15. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.

16. Bens, actividades e servizos públicos na esfera local.

17. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

18. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

19. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

20. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Disposicións xerais. Principios básicos de actuación. Disposicións estatutarias comúns. Réxime disciplinario.

21. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Funcións da Policía Local.

22. Lei de coordinación das policía locais de Galicia. Estrutura e aspectos esenciais.
23. A selección, formación, promoción e mobilidade das policía locais de Galicia.
24. Réxime disciplinario da Policía Local. Réxime de incompatibilidades. Segunda actividade. Retribucións.
25. A Policía Local como instituto armado de natureza civil. Lexislación aplicable sobre armamento. O uso de armas de fogo.
26. A actividade da Policía Local como policía administrativa I: consumo, abastos, mercados. Venda ambulante.
27. A actividade da Policía Local como policía administrativa II: espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos públicos.
28. A actividade da Policía Local como policía administrativa III: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
29. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.
30. Os plans de emerxencia. Coordinación de todas as administracións. Actuación policial.
31. Concepto e contido do dereito penal. Principios que o informan. Principio de legalidade. Principio de irretroactividade e as súas excepcións.
32. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal.
33. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de execución do delito.
34. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.
35. Delitos contra a Administración pública.
36. atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.
37. Homicidio e as súas formas. Delitos leves contra as persoas.

38. Delitos e delitos leves contra o patrimonio e a orde socioeconómica.
39. Delitos contra a saúde pública. Tráfico de drogas.
40. Delitos relativos á ordenación do territorio e á protección do patrimonio histórico e do ambiente.
41. Delitos contra a seguranza viaria. Delitos leves cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.
42. As penas. Concepto, clases: privativas de liberdade, privativas de dereitos e multa. Clasificación pola súa gravidade: graves, menos graves e leves.
43. A Policía Local como policía xudicial. Lexislación e funcións.
44. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.
45. Entrada e rexistro en lugar pechado. Intervención das comunicacións telefónicas. Intervención das comunicacións postais. Uso da información obtida por estes medios.
46. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención.
47. Contido da asistencia letrada ao detido. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incorrer o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.
48. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
49. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.
50. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia.
51. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.
52. Permisos e licenzas de conducción: as súas clases. Intervención, suspensión e revogación.

53. Transporte de mercadorías perigosas por estrada. Normativa legal. Intervención en caso de accidente. A inspección técnica de vehículos. Transporte escolar: normativa vixente. O tacógrafo: definición e uso.
54. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmovilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.
55. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da Policía Local.
56. Alcholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Doutrina constitucional. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.
57. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.
58. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.
59. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural. A policía como servizo á cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais.
60. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero.
61. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Dirección de equipos de traballo. Concepto e características do mando: funcións, estilos, metodoloxía; relación cos subordinados; técnicas de dirección e xestión de reunións.
62. Toma de decisións: proceso, deberes cara á organización; poder e autoridade.
63. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

64. Responsabilidade no exercicio profesional. Principio de xerarquía e subordinación. Relacións interpersoais. Integridade e imparcialidade. Consideración ética da dirección de persoal.

65. Deontoloxía profesional. Código de conduta para funcionarios encargados de facer cumprir a lei. Declaración do Consello de Europa sobre a policía. Principios básicos de actuación policial desde a perspectiva deontolóxica.

**DOG Núm. 28      9 de febreiro de 2023**

#### **IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

ORDE do 10 de xaneiro de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo de acceso polo sistema de concurso-oposición previsto no artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no corpo da Policía Local de Xinzo de Limia, escala executiva, categoría de inspector (código de procedemento PR461L).

Con data do 5 de outubro de 2022, publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 190 a Orde do 21 de setembro de 2022 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes e desenvolto todo o proceso, resultan prazas vacantes.

O artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece que de non cubrirse a praza ou prazas a través da convocatoria establecida na letra a) deste artigo e de non cubrirse mediante o procedemento de provisión previsto no artigo 43 poderán ser cubertas mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre o persoal do corpo coa categoría de oficial e policía, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.

O artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece que de non cubrirse a praza ou prazas polo sistema anterior, poderán ser cuberta/s, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía Local de Galicia coa categoría de oficial, en posesión da titulación académica de acceso e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.

O Concello de Xinzo de Limia emitiu o 16 de novembro un decreto en que comunica que na actualidade dentro dos compoñentes do corpo da Policía Local dese concello ningún membro reúne os requisitos para poder optar á

convocatoria realizada en aplicación do artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e solicita a convocatoria dun proceso en aplicación do artigo 38.d) da dita lei.

De conformidade co establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de Policía Local (Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 22 de novembro), a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude da delegación conferida para o efecto polo concello interesado,

#### DISPÓN:

Aprobar as bases xerais reguladoras e convocar o proceso selectivo de acceso polo sistema de concurso-oposición previsto no artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no corpo de Policía Local de Xinzo de Limia, escala executiva, categoría de inspector, subgrupo A2, código de procedemento PR461L.

1. Obxecto da convocatoria.

1.1. O obxecto do proceso selectivo de acceso polo sistema de concurso-oposición previsto no artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, é cubrir 1 praza do corpo de Policía Local de Xinzo de Limia, escala executiva, categoría de inspector, subgrupo A2.

1.2. Este proceso rexerase polo establecido nestas bases e para o non previsto estarase ao disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que a desenvolve, na Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de Policía Local ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de Policía Local.

O código do procedemento regulado nesta orde é PR461L.

## 2. Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas interesadas en participar no proceso deberán posuír na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ter feitos os 18 anos e non exceder, de ser o caso, a idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título oficial de grao universitario ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para os efectos profesionais.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación conforme as normas penais e administrativas, que a persoa aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.

g) Ser funcionario/a de carreira do corpo de Policía Local nun dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Ter en propiedade a categoría de oficial do corpo de Policía Local dun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Estar en servizo activo na categoría de oficial.

j) Contar cun mínimo de seis anos continuados de servizo activo na categoría de oficial, computándose tamén neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación.

## 3. Solicitudes.

### 3.1. Forma e prazo de presentación de solicitude.



As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, que figura como anexo I a esta convocatoria.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial del Estado.

Non se terá en conta a documentación que non quede debidamente acreditada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

### 3.2. Taxas.

3.2.1. Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar neste proceso, deberase aboar dentro do prazo de presentación de solicitudes, en concepto de dereito de inscrición, o importe de 33,13 euros e, se é o caso, os gastos de transferencia correspondentes.

Para o pagamento da taxa deberase actuar da seguinte maneira:

- Pagamento electrónico: deberá introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.
- Pagamento electrónico-con certificado dixital: poderá realizar o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado desde a opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.
- Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na solicitude, imprimir o documento de pagamento (modelo 739) e realizar o ingreso do

importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante. Unha vez feito o pagamento presencial na entidade financeira deberá achegarse coa solicitude de participación no proceso o xustificante selado pola entidade bancaria.

Os códigos para formalizar as taxas son os seguintes:

Consellería: Presidencia, Xustiza e Deportes	Código 04
Delegación: servizos centrais	Código 13
Servizo: Academia Galega de Seguridade Pública	Código 19
Taxa: denominación: inscrición nos procesos selectivos para a selección de persoal dos corpos de Policía Local de Galicia	Código 30.03.04

A falta de pagamento da taxa correspondente, se é o caso, determinará a exclusión no proceso da persoa aspirante, e non será posible a súa emenda fóra do prazo de presentación de solicitudes.

A presentación do xustificante do aboamento das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

3.2.2. Exención e bonificación no aboamento da taxa.

3.2.2.1. Estarán exentos do pagamento desta taxa por dereito de inscrición:

- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

3.2.2.2. Aplicarase unha bonificación do 50 % do importe da taxa:

- Persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando coa solicitude a seguinte documentación:

- Familia numerosa categoría xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia.
- Persoas con discapacidade: tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia.
- Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

### 3.3. Documentación complementaria.

3.3.1. As persoas interesadas en participar no proceso deberán achegar coa súa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

- a) Xustificante do pagamento da taxa (código 30.03.04).
- b) Certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- c) Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- d) Resolución administrativa pola que se recoñeza a condición de vítima de terrorismo, de ser o caso.
- e) Relación dos méritos que se acrediten, por cada unha das epígrafes de que consta o concurso segundo o especificado no anexo II.
- f) Copias da documentación acreditativa dos méritos alegados. A documentación acreditativa dos méritos deberá presentarse na orde en que figura cada un dos méritos na relación de méritos.
- g) Certificado acreditativo de ter en propiedade a categoría de oficial nun dos concellos da Comunidade Autónoma Galega, de estar en servizo activo na dita categoría e contar cunha antigüidade mínima de seis anos continuados nesa categoría. Para o seu cómputo teranse en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria se atopou en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación.

h) Certificado de Celga 4 ou equivalente, sempre que non fose expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

3.3.2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

3.3.3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

3.3.4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3.4. Comprobación de datos.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.

- c) Títulos oficiais non universitarios.
- d) Títulos oficiais universitarios.
- e) Certificado de Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- f) Certificado de inexistencia de antecedentes penais.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) Título de familia numerosa expedido pola Administración autonómica.
- b) Certificado de discapacidade expedido pola Administración autonómica.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### 3.5. Notificacións.

3.5.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.5.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3.5.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos

administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán crear, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

3.5.4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

3.5.5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.6. Publicación dos actos.

3.6.1. Publicaranse no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro:

- A relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.
- A relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas, que conterá a data e o lugar de realización da primeira proba.

3.6.2. Na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante, Agasp) ([www.agasp.xunta.gal/es](http://www.agasp.xunta.gal/es)) publicaranse ademais as resolucións coas datas e lugares de celebración das restantes probas selectivas, os resultados delas, relación de persoas aprobadas e demais comunicacións deste proceso.

3.7. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. Admisión de aspirantes.

4.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral da Agasp publicará no DOG e na páxina web da Agasp a resolución pola que se declaren con carácter provisional as persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, con indicación da exención ou non da proba de coñecementos da lingua galega. No caso de non existiren persoas excluídas,

ou que as persoas excluídas o estean por motivos non emendables, a listaxe será considerada como definitiva.

4.2. As persoas excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no DOG, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

4.3. Non se poderá emendar a presentación de solicitude fóra de prazo habilitado para este efecto, nin o non pagamento da taxa establecida. As estimacións ou desestimacións das solicitudes de emenda entenderanse implícitas na resolución da Dirección Xeral da Agasp pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas que se publicará no DOG e na páxina web da Agasp.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso.

Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

5. Desenvolvemento do proceso.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

5.1. A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificados, se é o caso, polas persoas aspirantes de acordo co baremo contido no anexo II desta orde.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus aspectos, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Serán de aplicación á fase de concurso os límites establecidos no anexo II da Orde do 28 de xaneiro de 2009.

En aplicación do disposto no artigo 32.1.b) do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, no concurso-oposición, a valoración total dos méritos será obxecto de limitación, cun máximo de puntos preestablecido.

Tendo en conta que á fase de concurso lle corresponderá unha porcentaxe máxima do 40 % da puntuación máxima total, incluída a da oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia ese máximo de puntos que os aspirantes poderían acadar, ao cal se lle outorgarían os catro puntos. Proporcionalmente, asignaráselle a puntuación a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

5.2. A fase de oposición será posterior á fase de concurso e constará de tres probas.

Primeira proba: consistirá en contestar por escrito nun período máximo de 2 horas 120 preguntas tipo test máis 10 de reserva, determinadas polo tribunal, relacionadas cos temas comprendidos no anexo IV da presente convocatoria. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixido para alcanzar a puntuación mínima.

A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:  $N=(A-F/3)/12$ , onde N=nota final da proba; A=preguntas acertadas; F=preguntas falladas ou non respondidas.

As persoas aspirantes poderán levar a copia das súas respostas. O mesmo día do exercicio publicarase o cadro de respostas correctas na páxina web da Agasp.

Segunda proba: proba de avaliación do coñecemento da lingua galega. Realizarase a continuación da primeira proba, e consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego e doutro texto do galego para o castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima dunha (1) hora.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.

As persoas aspirantes que estivesen en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais



acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), estarán exentos da realización desta proba.

Terceira proba: consistirá na resolución dun caso práctico, no tempo máximo dunha (1) hora, determinado polo tribunal e relacionado cos temas comprendidos no anexo IV da presente convocatoria.

Seguidamente, as persoas aspirantes procederán á lectura do caso práctico ante o tribunal. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixidos para alcanzar a puntuación mínima. A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións da primeira e da terceira proba, e será necesario alcanzar en cada unha das probas un mínimo de 5 puntos para superar a oposición.

Para ponderar esta puntuación en relación co 60 % da nota final que corresponde á fase de oposición, aplicarase a regra de tres simple, tendo en conta que á nota máxima que se podería acadar na oposición, que sería un 10, outorgaríanselle 6 puntos para a nota ponderada coa fase de concurso, de modo que ambas as puntuacións ponderadas, a do concurso e a da oposición, sumarían como máximo 10 puntos, correspondendo nesa puntuación unha porcentaxe máxima do 40 % ao concurso e do 60 % á da oposición.

Os criterios xerais de corrección desta proba serán os seguintes:

1. O tribunal apreciará a aproximación á descrición e contido da normativa aplicable no esencial; esta puntuación incrementárase ou diminuíra na correspondente proporción en función da súa aproximación ao devandito contido.

2. Terase en conta a concreción das respostas dadas, a motivación destas e completar todas as singularidades de cada resposta segundo o establecido na normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.

5.3. Desenvolvemento dos exercicios.

- 5.3.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será a orde alfabética e comezará por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra T, consonte o establecido na Resolución do 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 24, do 4 de febreiro).

O tribunal, unha vez finalizados o primeiro e o segundo exercicio, establecerá por orde decrecente de puntuación do primeiro exercicio, sempre que se estea exento ou se obteña a cualificación de apto/a no segundo exercicio, o número de aspirantes que deberán desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario.

5.3.2. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

En calquera momento, as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

5.3.3. De conformidade co artigo 12 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as persoas aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento, calquera que sexa a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como o suposto que se describe a seguir:

As mulleres embarazadas que prevexan, polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

5.3.4. Durante o tempo fixado para a realización das probas selectivas, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria; queda prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos, constituíndo causa de inadmisión ao chamamento a simple tenza deles.

5.3.5. O anuncio de realización dos exercicios publicarase na páxina web de Agasp, con dous días hábiles de antelación, polo menos, á data sinalada para o seu inicio.

5.3.6. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poden presentar, anulase algunha ou algunhas preguntas incluídas na proba de coñecementos, anunciarao na páxina web da Agasp.

Neste suposto, e no caso que se realizasen, serán tidas en conta as cuestións de reserva, que terán unha puntuación igual ás do resto de exercicio.

5.3.7. As cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na sede da Agasp e na súa páxina web.

Concederáse un prazo de cinco días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

5.3.8. En calquera momento do proceso, se o tribunal ten coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria, logo de audiencia da persoa interesada, comunicarallo á Agasp para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, isto suporá a súa exclusión do proceso.

6. Cualificación final.

Previamente á fase de oposición, o tribunal procederá á baremación da fase de concurso e publicaráa na páxina web da Agasp, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións ante o propio tribunal no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da baremación.

En relación coa aplicación do baremo, débense ter en conta as seguintes normas:

– Titulacións académicas: non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, salvo que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

– Para os efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional; deberá achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición en que se estableza esta e, de ser o caso, o BOE en que se publicou. Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

– Formación e docencia: non se terán en conta, para os efectos de valoración:

- Os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade.
- Os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a 5 anos desde a finalización do primeiro curso.
- Os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 dos anexos II e III da Orde do 28 de xaneiro de 2009, nin a superación de materias destes.

– En relación coa docencia, tanto como docente da Agasp como fóra do devandito ámbito, só serán avaliadas aquelas participacións en accións formativas que sexan de manifesto interese policial dirixidas, en particular, aos corpos de Policía Local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua. O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, salvo que transcorrese un período superior a 5 anos desde a súa realización.

Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de seren estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase á publicación definitiva na páxina web da Agasp.

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso-oposición.

No caso de empate na puntuación final do proceso establécese a seguinte orde de prioridade:

1º. Por ser un grupo con infrarrepresentación do sexo feminino, e en aplicación do disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, preferencia da muller respecto ao home.

2º. A nota máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición.

3º. A nota máis alta no terceiro exercicio da fase de oposición.

7. Tribunal.

7.1. O nomeamento do tribunal cualificador correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a, pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional para

cuxo ingreso se requira a titulación de grao universitario ou equivalente; a súa composición será paritaria, segundo o establecido no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias da Agasp, corresponden ao tribunal as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, a cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas na orde correcta das probas selectivas e resolución de incidencias.

7.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas pola Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

A persoa titular da presidencia deberá solicitar aos membros do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de non se atoparen incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

7.3. A persoa titular do órgano que nomee ao tribunal publicará no DOG a resolución correspondente pola que se nomeen os novos membros do tribunal que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

7.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no DOG. Na devandita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas titulares da presidencia e da secretaría.

Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito.

Das sesións celebradas polo tribunal redactarase a acta correspondente, que será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

7.5. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico.

7.6. O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz, pero non voto.

7.7. En ningún caso poderá o tribunal aprobar nin declarar que superou o proceso un número de aspirantes superior ao da praza convocada polo sistema de concurso-oposición previsto no artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

O tribunal poderá declarar deserta a praza obxecto da presente convocatoria que non resulte cuberta na súa finalización por non superar o proceso ningún aspirante.

7.8. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da dirección xeral da Agasp, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

8. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva, presentación de documentación e nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

8.1. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva.

Unha vez rematado o proceso, o tribunal elaborará por orde decrecente de puntuación a lista de persoas aprobadas. O número destas persoas non poderá superar o da praza convocada.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha listaxe de reserva cun número de persoas aspirantes que será, como máximo, igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva

figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

Ambas as dúas listas serán publicadas na páxina web da Agasp.

As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos non poderán ser nomeadas persoal funcionario en prácticas e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

### 8.2. Nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, a persoa aspirante será nomeada persoal funcionario en prácticas na categoría de inspector, mediante resolución da correspondente Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia ao nomeamento xa realizado, o Concello comunicará esta circunstancia á Dirección Xeral da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

### 8.3. Curso selectivo de formación.

A persoa aspirante aprobada no proceso deberá superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de inspector, escala executiva, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro. Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente na condición de persoal funcionario de carreira na categoría de inspector.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.



O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso.

#### 9. Información ás persoas interesadas.

Sobre esta convocatoria, poderase obter información adicional na Agasp a través dos seguintes medios:

- a) <https://sede.xunta.gal/portada>
- b) Páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>).
- c) No enderezo electrónico [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal)
- d) Nos teléfonos da Agasp 886 20 61 09, 886 20 61 35 e 886 20 61 27.
- e) No Servizo de Coordinación, Planificación e Selección da Agasp (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra).

#### Disposición adicional única

En virtude do establecido no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes acorda delegar a facultade de nomear o tribunal que deberá cualificar este proceso e, se é o caso, a substitución dos membros que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base 7.2 desta convocatoria na persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública. Igualmente, acórdase delegar na persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública a resolución dos recursos de alzada que se interpoñan contra os acordos do tribunal nomeado para cualificar este proceso.

#### Disposición derradeira única

1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan a Administración, o tribunal encargado de xulgar o proceso e as persoas que nel participen.
2. Así mesmo, cantos actos administrativos sexan producidos polo tribunal, pola autoridade convocante ou polo órgano encargado da xestión, poderán ser impugnados polas persoas interesadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.
3. Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade no prazo dun mes contado



desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia,  
Xustiza e Deportes

**ANEXO II**
**Táboa de méritos fase de concurso**

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)		Valoración máxima por epígrafe
1. Titulacións académicas oficiais	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente</li> <li>– Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente</li> <li>– Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente</li> <li>– Bacharelato técnico ou equivalente</li> </ul>	3,00 2,00 1,50 0,50		4,00 puntos
2. Antigüidade como funcionario de carreira	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, nos corpos de Policía Local</li> <li>– Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de seguridade</li> <li>– Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de calquera Administración pública</li> </ul>	0,20 0,10 0,05		4,00 puntos
3. Formación profesional e docencia	Como alumno da Agasp ou en actividades conveniadas <ul style="list-style-type: none"> <li>– Cada hora en actividades de tipo presencial</li> <li>– Cada hora en actividades de formación en liña</li> </ul> Como alumno noutras actividades alleas á Agasp <ul style="list-style-type: none"> <li>– Cursos ou actividades ata 20 horas</li> <li>– Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas</li> </ul>	AS 0,015 0,010 0,20 0,35 0,45 0,50 0,75 1,00	AP 0,025 0,020 0,30 0,50 0,65 0,75 1,00 1,30	8,00 puntos

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)		Valoración máxima por epígrafe
	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas</li> <li>– Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas</li> <li>– Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas</li> <li>– Cursos ou actividades de máis de 200 horas</li> </ul>			
	Como profesor da Agasp ou en actividades conveniadas <ul style="list-style-type: none"> <li>– Cada hora en actividades de tipo presencial</li> <li>– Cada hora en actividades de formación en liña</li> </ul> Como profesor noutras actividades alleas á Agasp <ul style="list-style-type: none"> <li>– Cada hora en actividades de tipo presencial</li> <li>– Cada hora en actividades de formación en liña</li> </ul>	0,020		
		0,015		
		0,015		
		0,010		
4. Distincións e recompensas oficiais	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Placa individual ao mérito da Policía Local</li> <li>– Placa colectiva ao mérito da Policía Local</li> <li>– Medalla ao mérito da Policía Local</li> <li>– Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos</li> <li>– Distincións do órgano colexiado competente do concello</li> </ul>	2,00		2,00 puntos
		1,50		
		1,00		
		0,75		
		0,25		
5. Idiomas	Coñecemento de idiomas, distintos do español e do galego, acreditados por certificado de EOI <ul style="list-style-type: none"> <li>A) Ciclos.</li> <li>– Certificado de superación do ciclo elemental</li> <li>– Certificado de superación do ciclo</li> </ul>	1,00		4,00 puntos
		2,00		
		0,65		
		1,30		
		2,00		

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)	Valoración máxima por epígrafe
	superior B) Niveis. – Certificado superación nivel básico – Certificado superación nivel intermedio – Certificado superación nivel avanzado Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten		
6. Lingua galega	Coñecemento da lingua galega, segundo acreditación – Celga 1 – Celga 2 – Celga 3 – Celga 4 – Curso de iniciación – Curso de perfeccionamento – Curso de linguaxe administrativa nivel medio – Curso de linguaxe administrativa nivel superior Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten	0,25 0,50 0,75 1,00 0,75 1,00 1,50 2,00	2,00 puntos

## ANEXO III

### Temario

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Constitución. Concepto e clases. O poder constituínte. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguranza. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.
3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguranza.
4. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguranza. Dereito de petición.
5. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Valedor do Pobo.
6. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.
7. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.
8. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. Mención ao Tribunal Superior de Xustiza.

9. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía para Galicia.
10. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
11. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.
12. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.
13. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.
14. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias.
15. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.
16. Bens, actividades e servizos públicos na esfera local.
17. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
18. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
19. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.
20. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Disposicións xerais. Principios básicos de actuación. Disposicións estatutarias comúns. Réxime disciplinario.
21. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Funcións da Policía Local.
22. Lei de coordinación das policía locais de Galicia. Estructura e aspectos esenciais.
23. A selección, formación, promoción e mobilidade das policía locais de Galicia.
24. Réxime disciplinario da Policía Local. Réxime de incompatibilidades. Segunda actividade. Retribucións.
25. A Policía Local como instituto armado de natureza civil. Lexislación aplicable sobre armamento. O uso de armas de fogo.

26. A actividade da Policía Local como policía administrativa I: consumo, abastos, mercados. Venda ambulante.
27. A actividade da Policía Local como policía administrativa II: espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos públicos.
28. A actividade da Policía Local como policía administrativa III: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
29. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.
30. Os plans de emerxencia. Coordinación de todas as administracións. Actuación policial.
31. Concepto e contido do dereito penal. Principios que o informan. Principio de legalidade. Principio de irretroactividade e as súas excepcións.
32. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal.
33. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de execución do delito.
34. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.
35. Delitos contra a Administración pública.
36. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.
37. Homicidio e as súas formas. Delitos leves contra as persoas.
38. Delitos e delitos leves contra o patrimonio e a orde socioeconómica.
39. Delitos contra a saúde pública. Tráfico de drogas.
40. Delitos relativos á ordenación do territorio e á protección do patrimonio histórico e do ambiente.
41. Delitos contra a seguranza viaria. Delitos leves cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.
42. As penas. Concepto, clases: privativas de liberdade, privativas de dereitos e multa. Clasificación pola súa gravidade: graves, menos graves e leves.
43. A Policía Local como policía xudicial. Lexislación e funcións.
44. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.
45. Entrada e rexistro en lugar pechado. Intervención das comunicacións telefónicas. Intervención das comunicacións postais. Uso da información obtida por estes medios.

46. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención.
47. Contido da asistencia letrada ao detido. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.
48. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
49. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.
50. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia.
51. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.
52. Permisos e licenzas de conducción: as súas clases. Intervención, suspensión e revogación.
53. Transporte de mercadorías perigosas por estrada. Normativa legal. Intervención en caso de accidente. A inspección técnica de vehículos. Transporte escolar: normativa vixente. O tacógrafo: definición e uso.
54. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.
55. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da Policía Local.
56. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Doutrina constitucional. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.
57. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.
58. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.
59. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural. A policía como servizo á cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais.
60. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero.



61. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Dirección de equipos de traballo. Concepto e características do mando: funcións, estilos, metodoloxía; relación cos subordinados; técnicas de dirección e xestión de reunións.

62. Toma de decisións: proceso, deberes cara á organización; poder e autoridade.

63. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

64. Responsabilidade no exercicio profesional. Principio de xerarquía e subordinación. Relacións interpersoais. Integridade e imparcialidade. Consideración ética da dirección de persoal.

65. Deontoloxía profesional. Código de conduta para funcionarios encargados de facer cumprir a lei. Declaración do Consello de Europa sobre a policía. Principios básicos de actuación policial desde a perspectiva deontolóxica.

**DOG Núm. 39      24 de febreiro de 2023**

#### **IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

**CORRECCIÓN DE ERROS.** Orde do 10 de xaneiro de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo de acceso, polo sistema de concurso-oposición previsto no artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no corpo da Policía Local de Xinzo de Limia, escala executiva, categoría de inspector (código de procedemento PR461L).

Advertidos erros na resolución publicada no Diario Oficial de Galicia número 28, do 9 de febreiro de 2023, cómpre efectuar as seguintes correccións:

1. Na páxina 12818, na base 2, na alínea j), onde di: «j) Contar cun mínimo de seis anos continuados de servizo activo na categoría de oficial, computándose tamén neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación», debe dicir: «j) Contar cunha antigüidade mínima de seis anos de servizo activo como persoal funcionario de policía, tamén se computará neste caso o tempo da segunda actividade por causa de embarazo ou lactación».
2. Na páxina 12821, na base 3.3.1, alínea g), onde di: «g) Certificado acreditativo de ter en propiedade a categoría de oficial nun dos concellos da Comunidade Autónoma galega, de estar en servizo activo na dita categoría e contar cunha antigüidade mínima de seis anos continuados nesa categoría. Para o seu cómputo teranse en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria se atopou en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación», debe dicir: «g) Certificado acreditativo de ter en propiedade a categoría de oficial nun dos concellos da Comunidade Autónoma galega, de estar en servizo activo na dita categoría e contar cunha antigüidade mínima de seis anos de servizo activo como persoal funcionario de policía. Para o seu cómputo teranse en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria se atopou en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación».

3. Na páxina 12837, no anexo I (continuación), onde di: «Certificado acreditativo de ter en propiedade a categoría de oficial nun dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, de estar en servizo activo na dita categoría e contar cunha antigüidade mínima de seis anos continuados nesa categoría. Para o seu cómputo teranse en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivo a consideración de persoal funcionario en prácticas, así como os períodos durante os cales se atopou en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación», debe dicir: «Certificado acreditativo de ter en propiedade a categoría de oficial nun dos concellos da Comunidade Autónoma galega, de estar en servizo activo na dita categoría e contar cunha antigüidade mínima de seis anos de servizo activo como persoal funcionario de policía. Para o seu cómputo teranse en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria se atopou en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación».

DOG Núm. 41 28 de febreiro de 2023

#### IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

#### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

ORDE do 17 de febreiro de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local (código de procedemento PR461A).

De conformidade co establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos da Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 22 de novembro), esta vicepresidencia, en virtude da delegación conferida para o efecto polos concellos interesados,

#### DISPÓN:

Aprobar as bases xerais reguladoras e convocar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local.

1. Obxecto da convocatoria.

1.1. O obxecto desta convocatoria é a provisión, mediante contrato laboral temporal, de 96 postos de auxiliares de policía local dos concellos que a seguir se enumeran e a creación da listaxe de colaboración para a súa contratación.

Concello	Número de postos
A Cañiza	1
A Estrada	4
A Guarda	4
A Laracha	3
Barbadás	2

Concello	Número de postos
Bergondo	2
Cambados	4
Carballo	5
Cedeira	2
Gondomar	2
Malpica de Bergantiños	2
Meaño	1
Melide	3
Miño	2
Nigrán	4
Noia	4
O Barco de Valdeorras	2
Poio	8
Sada	3
Sanxenxo	30
Vilagarcía de Arousa	8
Total	96

1.2. O presente proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases e para o non previsto observarse o disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que a desenvolve na Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos da Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

O código do procedemento regulado nesta orde é PR461A.

## 2. Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas interesadas en participar neste proceso deberán posuír na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado a través do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.

c) Ter feitos os dezoito anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima establecida no artigo 53.1.c) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

d) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente ou en condicións de obtelo na data en que termine o prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar a súa homologación.

e) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación conforme as normas penais e administrativas, que a persoa aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante o procedemento de selección, contratación e/ou permanencia na listaxe de reserva.

## 3. Solicitudes.

### 3.1. Forma e prazo de presentación.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, que é o anexo I desta orde.

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG).

### 3.2. Idioma da segunda proba.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, na epígrafe «Idioma do exame» se o texto do segundo exercicio deberá entregarse en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar a opción.

### 3.3. Taxas.

#### 3.3.1. Aboamento das taxas.

Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar neste proceso selectivo, deberase aboar previamente en concepto de dereitos de exame o importe de 26,99 euros e, de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes, en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o pagamento da taxa deberase actuar da seguinte maneira:

- Pagamento electrónico: deberá introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.
- Pagamento electrónico con certificado dixital: poderán realizar o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado desde a opción

de pagamento electrónico e nese momento obterán o xustificante 730 correspondente.

– Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na solicitude, imprimir o documento de pagamento (modelo 739) e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante. Unha vez feito o pagamento presencial na entidade financeira deberá achegarse coa solicitude de participación no proceso o xustificante selado pola entidade bancaria.

Os códigos para cubrir as taxas son os seguintes:

Consellería: Presidencia, Xustiza e Deportes, código 04.

Delegación: Servizos Centrais, código 13.

Servizo: Academia Galega de Seguridade Pública, código 19.

Taxa: denominación: inscrición nos procesos selectivos para a selección de persoal dos corpos da Policía Local de Galicia, código 30.03.04.

A falta de pagamento da taxa correspondente, de ser o caso, determinará a exclusión no proceso da persoa aspirante, e non será posible a súa emenda fóra do prazo de solicitudes.

A presentación do xustificante do aboamento das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

3.3.2. Exención e bonificación no aboamento da taxa.

3.3.2.1. Estarán exentos do pagamento desta taxa por dereitos de inscrición:

- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

3.3.2.2. Aplicarase unha bonificación do 50 % do importe da taxa:

- Ás persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- Ás persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.



– Ás vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, e presentarse coa solicitude a documentación que se especifica nas letras b), c), d) ou e) do punto 3.4.1 desta orde.

### 3.4. Documentación complementaria.

3.4.1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Xustificante do pagamento da taxa administrativa devindicada pola tramitación da solicitude (código 30.03.04).
- b) Certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- c) Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- d) Resolución administrativa pola que se recoñeza a condición de vítima de terrorismo, de ser o caso.
- e) Certificación negativa da percepción actual de prestación/subsidio por desemprego e antigüidade como demandante de emprego, de ser o caso.
- f) Certificado de Celga 3 ou equivalente, sempre que non sexa expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.4.2. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3.4.3. A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegadas polos/as aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

3.4.4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

3.4.5. No caso de que algún dos documentos que se vaian presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior.

A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3.5. Comprobación de datos.

3.5.1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Título oficial non universitario exixido (graduado en ESO ou equivalente).
- d) Certificado de inexistencia de antecedentes penais.
- e) Certificado de Celga 3 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación, circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) Título de familia numerosa expedido pola Xunta de Galicia.

b) Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia.

c) Situación de desemprego.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

### 3.6. Notificacións.

3.6.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se realicen ou deixen de realizar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

3.6.2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3.6.3. No caso de optar pola notificación en papel, efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.6.4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3.6.5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse realizadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

3.6.6. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, realizarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### 3.7. Publicación dos actos.

3.7.1. Publicaranse no DOG, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.
- Relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas e a data e o lugar de realización da primeira proba.

3.7.2. Na páxina web da Agasp (<https://agasp.xunta.gal/es>) publicaranse, ademais, as resolucións coas datas e lugares de realización das restantes probas selectivas, os seus resultados, a relación de persoas aprobadas e a demais comunicacións deste proceso.

### 3.8. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## 4. Admisión de persoas aspirantes.

4.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade pública (en diante, Agasp) publicará no DOG e na súa páxina web a resolución pola que se declaren, con carácter provisional, as persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como as persoas aspirantes exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega. No caso de non existiren persoas excluídas, ou que as persoas excluídas o estean por motivos non emendables, a listaxe será considerada como definitiva.

4.2. As persoas excluídas e as persoas declaradas non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da resolución no DOG, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que presentasen debidamente a solicitude de participación no proceso pero non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

4.3. Non se poderá emendar a presentación da solicitude fóra do prazo habilitado para este efecto nin o non pagamento da taxa establecida. As estimacións ou desestimacións das solicitudes de emenda entenderanse implícitas na resolución da Dirección Xeral da Agasp pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, así como a listaxe definitiva de persoas exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega, que se publicará no DOG e na páxina web da Agasp.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso selectivo.

Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

#### 5. Tribunal cualificador.

5.1. O nomeamento do tribunal cualificador deste proceso correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de seguridade. Estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes (presidente/a, tres vogais e secretario/a) pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional en que se requira para o seu ingreso a titulación de ensinanza secundaria obrigatoria ou superior, e a súa composición será paritaria segundo o establecido no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias da Agasp, correspóndenlle ao tribunal as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, a cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso selectivo, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento das probas selectivas e resolución de incidencias.

5.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección, aprobadas mediante a Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007, e no acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.

A persoa titular da Presidencia deberalles solicitar aos membros do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de non estaren incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

5.3. A persoa titular do órgano que nomee o tribunal publicará no DOG a resolución correspondente pola que se nomeen os novos membros do tribunal que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

5.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no DOG. Na devandita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concurrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría.

Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito.

Das sesións realizadas polo tribunal redactarse a acta correspondente, que será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

5.5. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases; na Lei 40/2015, do 1 de outubro; nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico.

5.6. O tribunal poderá propor a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen se deberá limitar a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz, pero non voto.

5.7. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso un número superior de aspirantes ao de postos convocados. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

5.8. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

6. Desenvolvemento do proceso.

6.1. O procedemento de selección será o de oposición por quenda libre e posteriormente as persoas que superen este proceso selectivo serán contratadas en réxime laboral temporal nos respectivos concellos ou formarán parte da listaxe de reserva.

6.2. As probas selectivas son as que a seguir se describen:

A. Probas de aptitude física.

As probas físicas terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

A persoa aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os talóns do chan, e marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como se poida, e marcarase novamente cos dedos o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítense dous intentos, só ás persoas aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos o máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

A persoa aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

A persoa aspirante que abandone a carreira quedará excluída.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos o máis
Homes	4'30"	5'00"	5'15"
Mulleres	5'00"	5'30"	5'45"

Para realizar esta proba, as persoas aspirantes deberanse presentar provistas de indumentaria deportiva.

B. Proba de coñecementos.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 50 preguntas tipo test e deberá amosar o dominio dos contidos do temario.

Para cada cuestión propóranse catro respostas alternativas, das cales só unha delas será a correcta. As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo dunha (1) hora para a súa realización.



A proba cualificaráa o tribunal de 0 a 10 puntos, e será preciso acadar cinco puntos, como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:  $N=(A-F/3)/5$ , onde N=nota final da proba; A=preguntas acertadas; F=preguntas erradas ou en branco.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que no momento da publicación desta orde contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes, publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no mesmo lugar onde se realizou e no portal web da Agasp.

O temario para realizar esta proba de coñecementos é:

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

C. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.

Consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego e doutro texto do galego para o castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de se realizar a proba.

O exercicio terá unha duración máxima dunha (1) hora e realizarase inmediatamente despois do remate da proba de coñecementos.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de apto/a.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo, que posuían o Celga 3 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

7. Desenvolvemento dos exercicios.

7.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será a orde alfabética e comezará por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra V, consonte o establecido na Resolución do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 18, do 26 de xaneiro).

7.2. As persoas aspirantes deberanse presentar a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

7.3. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas como colaboradoras.

7.4. Durante o tempo fixado para realizar as probas non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria; queda prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos e constitúe causa de inadmisión ao chamamento a simple tenza destes.

7.5. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

7.6. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria, comunicarllo á Agasp para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

7.7. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web da Agasp con dous días, polo menos, de antelación á data sinalada para o seu inicio.

7.8. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poden presentar, anulase algunha ou algunhas preguntas incluídas na proba de coñecementos, anunciarao na páxina web da Agasp.

Neste suposto, e no caso que se tivesen realizado, serán tidas en conta as cuestións de reserva, que terán unha puntuación igual ás do resto de exercicio.

7.9. A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso selectivo virá determinada pola puntuación do segundo exercicio.

Tendo en conta que nos corpos da Policía Local de Galicia existe infrarrepresentación feminina, no suposto de empate nas puntuacións de

dous ou máis aspirantes, acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- a) Criterio de desempate recollido no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal o empate se resolverá a favor da muller.
- b) Menor tempo acadado na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos, que se aplicará en función dos tramos de idade e sexo previstos nos baremos correspondentes.
- c) En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

7.10. As persoas aspirantes poderán efectuar alegacións ás súas cualificacións en cada proba ou fase do proceso selectivo, dentro dos dous días seguintes ao da súa publicación.

#### 8. Curso de formación.

As persoas aspirantes aprobadas e as incluídas na listaxe de reserva deste proceso selectivo deberán superar un curso de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para seren contratadas como auxiliares de policía local, de conformidade co disposto no artigo 95.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 48 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Só estarán dispensadas de realizar este curso aquelas persoas que xa o realizasen durante os últimos catro anos (con data 2020 ou posterior).

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso selectivo.

9. Listaxe de persoas aprobadas, listaxe de reserva e listaxe de colaboración para contratar persoal auxiliar de policía local, elección de postos e presentación de documentación.

#### 9.1. Listaxe de persoas aprobadas e listaxe de reserva.

Unha vez rematado o proceso, o tribunal elaborará por orde decrecente da puntuación a listaxe de persoas aprobadas. O número destas persoas non poderá superar o de postos convocados.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha listaxe de reserva cun número de persoas aspirantes, que será como máximo igual ao de persoas aprobadas. Na listaxe de reserva

figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas dos proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo posto.

Ambas as dúas listaxes serán publicadas na páxina web da Agasp.

9.2. Listaxe de colaboración para a contratación de persoal auxiliar de policía local.

A listaxe de reserva prevista na base anterior servirá tamén como listaxe selectiva para os efectos do previsto no artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, coa excepción de que o órgano de selección poderá determinar que, para estes únicos efectos, a proba consistente nun cuestionario tipo test se entenderá superada cun número de preguntas correctas inferior ao establecido para acadar a puntuación mínima prevista polo tribunal.

Nesta listaxe integraranse, unha vez rematado o proceso de provisión de postos do proceso convocado e por orde de puntuación, as persoas que formen parte da listaxe de reserva que non obteñan posto, así como as persoas aprobadas con dereito a el que non o elixisen ou aceptasen.

Para a inclusión na listaxe selectiva non será precisa solicitude previa das persoas aspirantes e publicarase na páxina web da Agasp.

9.3. Elección de posto.

9.3.1. A Dirección da Agasp convocará as persoas aprobadas a unha reunión presencial para elixir posto, dentro dos comprendidas nesta convocatoria, por rigorosa orde da puntuación obtida no proceso selectivo.

Será de aplicación á elección de posto o establecido no artigo 19 bis.2 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que a elección de posto estará limitada ao non cumprimento do período máximo de contratación como persoal auxiliar de policía local, tanto no conxunto dos concellos como nos concellos cuxos postos están incluídos nesta convocatoria considerados individualmente.

9.3.2. As persoas aprobadas que, estando obrigadas, non comparezan persoalmente ou por medio de representante á reunión presencial para elixir posto ou renuncien expresamente, antes ou despois da elección, decaerán en calquera dereito en relación co proceso.

Nos supostos de incomparencia á reunión por causa de forza maior, debidamente acreditada e comunicada pola persoa aspirante con anterioridade á reunión, a elección efectuarase telefonicamente no mesmo

acto e no posto que corresponda segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, para cuxo efecto a persoa aspirante deberá designar o número de teléfono onde será localizada. En caso de incumprimento, decaerá no seu dereito.

As persoas aprobadas que comparezan na reunión, pero non acepten ou non elixan ningún dos postos obxecto da convocatoria que lles corresponda elixir, decaerán no seu dereito e pasarán a formar parte da listaxe de colaboración para a contratación de persoal auxiliar de policía local no lugar que proceda pola súa puntuación.

9.3.3. Unha vez asignados os postos de acordo co previsto nesta base, a Dirección da Agasp publicará na súa páxina web a relación delas co nome das persoas ás cales foron adxudicadas e comunicaralles os datos delas aos concellos que correspondan, xunto coa data prevista para o comezo do preceptivo curso de formación.

#### 9.4. Presentación de documentación.

A partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación dos postos, as persoas ás cales se lles adxudicasen disporán dun prazo de 2 días para a presentación ante o concello correspondente, que lle indicará os prazos para a súa contratación.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non se presenten ante o concello ou do exame da súa documentación se deduza que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser contratadas como auxiliares de policía local e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorran por falsidade na solicitude inicial.

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para a contratación, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida a contratación dunha persoa aspirante como auxiliar de policía local, o concello comunicarlle esta circunstancia á Dirección da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na listaxe de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso de formación.

#### 10. Procedementos penais ou administrativos pendentes.

Cando as persoas que participan no proceso selectivo teñan aberto, ou se lles abra con posterioridade, un procedemento penal ou administrativo que

puiden rematar cunha condena por delito doloso, coa separación do servizo das administracións públicas ou a inhabilitación para o exercicio das funcións públicas, a admisión no procedemento selectivo, a permanencia neste, así como a súa inclusión na lista de persoas aprobadas, na lista de reserva e na lista para a colaboración para a contratación de persoal auxiliar de policía local, quedarán condicionadas ao feito que nos citados procedementos non se produza a condena ou separación referida.

O persoal participante, no suposto de estar nas situacións descritas no parágrafo anterior, debe comunicar tal situación e a Dirección Xeral da Agasp poderá solicitar en calquera momento do proceso selectivo unha declaración xurada de non encontrarse nas ditas situacións.

A falsidade ou omisión de datos nesta declaración xurada dará lugar ás responsabilidades que se establezan no Regulamento de réxime interior da Agasp en relación co incumprimento das ordes ou disposicións ditadas pola dirección xeral da Agasp.

#### 11. Información ás persoas interesadas.

Sobre esta convocatoria poderase obter información adicional na Agasp a través dos seguintes medios:

- a) <https://sede.xunta.gal/portada>
- b) Páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>)
- c) No enderezo electrónico [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal)
- d) Nos teléfonos da Agasp 886 20 61 09, 886 20 61 16, 886 20 61 35 e 886 20 61 27.
- e) No Servizo de Coordinación, Planificación e Selección da Agasp (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra).

#### Disposición adicional única

En virtude do establecido no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes acorda delegar a facultade de nomear o Tribunal que deberá cualificar este proceso e, de ser o caso, a substitución dos membros que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base 5.2 desta convocatoria na persoa titular da Dirección Xeral da Agasp.

Igualmente, acórdase delegar na persoa titular da Dirección Xeral da Agasp a resolución dos recursos de alzada que se interpoñan contra os acordos do tribunal nomeado para cualificar este proceso selectivo.

Disposición derradeira única

1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan a Administración, o tribunal encargado de xulgar o proceso e as persoas que nel participen.
2. Así mesmo, cantos actos administrativos sexan producidos polo tribunal, pola autoridade convocante ou polo órgano encargado da xestión poderán ser impugnados polos/as interesados/as de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
3. Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnalas directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
4. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2023

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente segundo e conselleiro  
de Presidencia, Xustiza e Deportes



**DOG Núm. 86      5 de maio de 2023**

#### **IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

ORDE do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial (códigos de procedemento PR461C e PR461H).

De conformidade co establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 22 de novembro), a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude da delegación conferida para o efecto polos concellos interesados,

#### **DISPÓN:**

Aprobar as bases xerais reguladoras e convocar o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local, escala básica, categoría de oficial, subgrupo C1, códigos de procedemento PR461C, para o proceso de acceso por promoción interna, e PR461H, para o proceso de provisión por mobilidade.

1. Obxecto da convocatoria.

1.1. O obxecto do proceso selectivo de acceso por promoción interna é cubrir dez (10) prazas dos corpos de policía local, escala básica, categoría de oficial, subgrupo C1.

O obxecto do proceso de provisión por mobilidade é cubrir unha (1) praza dos corpos de policía local, escala básica, categoría de oficial, subgrupo C1.

1.2. O número, denominación e características das prazas que se convocan no proceso de acceso por promoción interna e no proceso de provisión por mobilidade especifícanse no anexo III desta orde.

1.3. Estes procesos rexeranse polo establecido nestas bases, e para o non previsto, observarase o disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais; no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que a desenvolve; na Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía local ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

Os códigos dos procedementos regulados nesta orde son PR461C para o proceso de acceso por promoción interna e PR461H para o proceso de provisión por mobilidade.

1.4. Será de aplicación aos procesos o establecido no artigo 11.5 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de xeito que as prazas non cubertas no proceso de provisión por mobilidade acrecentarán as prazas convocadas no proceso de acceso por promoción interna.

2. Requisitos das persoas aspirantes.

2.1. As persoas interesadas en participar no proceso de acceso por promoción interna deberán posuír na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión como persoal funcionario os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ter feitos os 18 anos e non exceder, de ser o caso, a idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título oficial de bacharel ou técnico. Así mesmo, observarase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación conforme as normas penais e administrativas, que a persoa aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.

g) Ser funcionario/a de carreira do corpo de policía local nun dos concellos que aparecen no anexo III na enumeración das prazas ofertadas.

h) Ter en propiedade a categoría de policía do corpo de policía local nun dos concellos que aparecen no anexo III na enumeración das prazas ofertadas.

i) Estar en servizo activo na categoría de policía.

j) Ter unha antigüidade mínima de tres anos continuados na categoría de policía. Para o seu cómputo teranse en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivese a consideración de persoal funcionario en prácticas, así como os períodos durante os que se encontrase en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación.

2.2. As persoas interesadas en participar no proceso de provisión por mobilidade, deberán posuír na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter os seguintes requisitos:

a) Encontrarse na situación administrativa de servizo activo na categoría de oficial.

b) Ter unha antigüidade mínima de tres anos na categoría de oficial.

c) Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.

d) Non encontrarse en situación administrativa de segunda actividade, salvo os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.

e) Estar en posesión do título de bacharel ou técnico. Así mesmo, observarse o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria

obligatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais.

### 3. Solicitudes.

3.1. Forma e prazo de presentación no proceso de acceso por promoción interna (PR461C).

3.1.1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, que figura como anexo I a esta convocatoria.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial del Estado. O anuncio desta convocatoria será publicado tamén nos boletíns provinciais das catro provincias galegas.

Non se terá en conta a documentación que non quede debidamente acreditada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

3.1.2. Idioma dos enunciados da primeira e da segunda proba.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, na epígrafe «Idioma do exame», se o enunciado do primeiro e do segundo exercicio se deberá entregar en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar a opción.

3.2. Forma e prazo de presentación no proceso de provisión por mobilidade (PR461H).

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, que figura como anexo II a esta convocatoria.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial del Estado. O anuncio desta convocatoria será publicado tamén nos boletíns provinciais das catro provincias galegas.

Non se terá en conta a documentación que non quede debidamente acreditada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de participación no proceso de provisión por mobilidade vincularán as persoas solicitantes unha vez finalizado o prazo de presentación destas.

Poderase renunciar a participar neste proceso de provisión por mobilidade en calquera momento ata os dez días hábiles seguintes ao da publicación da relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG).

No suposto de estar interesados en varias prazas ofertadas no anexo III desta orde, deberanas solicitar por orde de preferencia.

### 3.3. Taxas.

3.3.1. Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar neste proceso deberase aboar dentro do prazo de presentación de solicitudes, en concepto de dereitos de inscrición, o importe de 33,13 euros e, de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes.

Para o pagamento da taxa deberase actuar da seguinte maneira:

- Pagamento electrónico: deberá introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.
- Pagamento electrónico-con certificado dixital: poderán realizar o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado desde a opción de pagamento electrónico e nese momento obterán o xustificante 730 correspondente.
- Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na solicitude, imprimir o documento de pagamento (modelo 739) e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante. Unha vez feito o pagamento presencial na entidade financeira, deberase achegar coa solicitude de participación no proceso o xustificante selado pola entidade bancaria.

Os códigos para cumprimentar as taxas son os seguintes:

Consellería: Presidencia, Xustiza e Deportes. Código 04.

Delegación: servizos centrais. Código 13.

Servizo: Academia Galega de Seguridade Pública. Código 19.

Taxa: denominación: inscrición nos procesos selectivos para a selección de persoal dos corpos de policía local de Galicia. Código 30.03.04.

A falta de pagamento da taxa correspondente, de ser o caso, determinará a exclusión no proceso da persoa aspirante e non será posible a súa emenda fóra do prazo de solicitudes.

A presentación do xustificante do aboamento das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

3.3.2. Exención e bonificación no aboamento da taxa.

3.3.2.1. Estarán exentas do pagamento desta taxa por dereito de inscrición:

- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

3.3.2.2. Aplicarase unha bonificación do 50% do importe da taxa:

- A persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.

– Ás vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola cal se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que conviva con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando coa solicitude a documentación que se especifica nas alíneas b), c) ou d) do punto 3.4.1 ou 3.4.2 desta orde, segundo o caso.

#### 3.4. Documentación complementaria.

3.4.1. As persoas interesadas en participar no proceso de acceso por promoción interna, código do procedemento PR461C, deberán achegar coa súa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

- a) Xustificante do pagamento da taxa (código 30.03.04).
- b) Certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- c) Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- d) Resolución administrativa pola cal se recoñeza a condición de vítima de terrorismo, de ser o caso.
- e) Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos puntos de que consta o concurso, segundo o especificado no anexo IV.
- f) Copias da documentación acreditativa dos méritos alegados. A documentación acreditativa dos méritos deberase presentar na orde en que figura cada un dos méritos na relación de méritos.
- g) Certificado acreditativo de ter, en propiedade, a categoría de policía nun dos concellos que aparecen no anexo III para o proceso de acceso por promoción interna, de estar en servizo activo na dita categoría e contar cunha antigüidade mínima de tres anos continuados nesa categoría. Para o seu cómputo teranse en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivo a consideración de persoal funcionario en prácticas, así como

os períodos durante os cales se encontrou en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación.

h) Certificado de Celga 4 ou equivalente, sempre que non sexa expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

3.4.2. As persoas interesadas en participar no proceso de provisión por mobilidade, código do procedemento PR461H, deberán achegar coa súa solicitude (anexo II) a seguinte documentación:

a) Xustificante do pagamento da taxa (código 30.03.04).

b) Certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.

c) Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.

d) Resolución administrativa pola cal se recoñeza a condición de vítima de terrorismo, de ser o caso.

e) Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos puntos de que consta o concurso, segundo o especificado no anexo V.

f) Copias da documentación acreditativa dos méritos alegados. A documentación acreditativa dos méritos deberase presentar na orde en que figura cada un dos méritos na relación de méritos.

g) Certificado acreditativo de ter, en propiedade, a categoría de oficial nos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia, de estar en servizo activo na dita categoría, de contar cunha antigüidade mínima de tres anos nesa categoría, de levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino e de non encontrarse en situación administrativa de segunda actividade, salvo os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.

3.4.3. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

3.4.4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

3.4.5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3.5. Comprobación de datos.

3.5.1. Para a tramitación destes procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Título oficial non universitario exixido (bacharelato, técnico ou equivalente).
- d) Títulos oficiais universitarios.
- e) Certificado de Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística (só no caso do proceso de acceso por promoción interna).
- f) Certificado de inexistencia de antecedentes penais (só no caso do proceso de acceso por promoción interna).

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) Título de familia numerosa expedido pola Administración autonómica.
- b) Certificado de discapacidade expedido pola Administración autonómica.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

### 3.6. Notificacións.

3.6.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.6.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3.6.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento

por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

3.6.4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderase rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

3.6.5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.7. Publicación dos actos.

3.7.1. Publicaranse no DOG, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.
- Relación definitiva de persoas admitidas, e non admitidas e data e lugar de realización da primeira proba (no caso do proceso de acceso por promoción interna).

3.7.2. Na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante, Agasp) ([www.agasp.xunta.gal/es](http://www.agasp.xunta.gal/es)) publicaranse, ademais, as resolucións coas datas e lugares de realización das restantes probas selectivas, os resultados destas, a relación de persoas aprobadas e demais comunicacións destes procesos.

3.8. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. Admisión de aspirantes.

4.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral da Agasp publicará no DOG e na páxina web da Agasp a resolución pola que se declaren con carácter provisional as persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como as persoas aspirantes exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega. No caso de non existiren persoas excluídas, ou que as persoas excluídas o estean por motivos non emendables, a listaxe será considerada definitiva.

4.2. As persoas excluídas e as persoas declaradas non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no DOG, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación nos procesos, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

4.3. Non se poderán emendar a presentación de solicitude fóra do prazo habilitado para este efecto nin o impagamento da taxa establecida. As estimacións ou desestimacións das solicitudes de emenda entenderanse implícitas na resolución da Dirección Xeral da Agasp pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no DOG e na páxina web da Agasp.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar nos procesos.

Cando, da documentación que deben presentar tras superar a oposición, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación.

5. Proceso de acceso por promoción interna.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

5.1. A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas, se é o caso, polas persoas aspirantes de acordo co baremo contido no anexo IV desta orde.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus aspectos, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Serán de aplicación á fase de concurso os límites establecidos no anexo II da Orde do 28 de xaneiro de 2009.

Tendo en conta que á fase de concurso lle corresponderá unha porcentaxe máxima do 40 % da puntuación máxima total, incluída a da oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia ese máximo de puntos que os aspirantes poderían acadar, ao cal se lle outorgarían os

catro puntos. Proporcionalmente, asignaráselle a puntuación a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen arredamento.

5.2. A fase de oposición será posterior á fase de concurso e constará de dúas probas de coñecementos referidos ao temario desta convocatoria, que se recolle no seu anexo VI, e unha proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.

Primeira proba: consistirá en contestar por escrito, nun período máximo de dúas (2) horas, 120 preguntas tipo test máis 10 de reserva, determinadas polo tribunal, relacionadas cos temas comprendidos no anexo VI desta convocatoria. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado/a.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixido para acadar a puntuación mínima.

A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:  $N=(A-F/3)/12$ , onde N=nota final da proba; A=preguntas acertadas; F=preguntas falladas ou non respondidas.

As persoas aspirantes poderán levar a copia das súas respostas. O mesmo día do exercicio publicarase o cadro de respostas correctas na páxina web da Agasp.

Segunda proba: consistirá na resolución dun caso práctico, no tempo máximo dunha (1) hora, determinado polo tribunal e relacionado cos temas comprendidos no anexo VI desta convocatoria.

A seguir, as persoas aspirantes lerán o caso práctico ante o tribunal. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado/a.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixidos para acadar a puntuación mínima.

Os criterios xerais de corrección desta proba serán os seguintes:

1. O tribunal apreciará a aproximación á descrición e ao contido da normativa aplicable no esencial; esta puntuación incrementarase ou diminuirá na correspondente proporción en función da súa aproximación ao dito contido.
2. Terase en conta a concreción das respostas dadas, a motivación destas e o feito de completar todas as singularidades de cada resposta segundo o

establecido na normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.

Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega. Consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego e doutro texto do galego para o castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de realizarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima dunha (1) hora.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.

As persoas aspirantes que estean en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), estarán exentos da realización desta proba.

A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións da primeira e da segunda proba, e será necesario acadar en cada unha das probas un mínimo de 5 puntos para superar a oposición.

Para ponderar esta puntuación en relación co 60 % da nota final que corresponde á fase de oposición, aplicarase a regra de tres simple, tendo en conta que á nota máxima que se podería acadar na oposición, que sería un 10, se lle outorgarían 6 puntos para a nota ponderada coa fase de concurso, de modo que ambas as puntuacións ponderadas, a do concurso e a da oposición, sumarían como máximo 10 puntos, e que nesa puntuación corresponde unha porcentaxe máxima do 40 % ao concurso e do 60 % á oposición.

### 5.3. Desenvolvemento dos exercicios.

5.3.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será a orde alfabética e comezará por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra V, consonte o establecido na Resolución do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 18, do 26 de xaneiro).

O tribunal, unha vez finalizado o primeiro exercicio, establecerá por orde decrecente de puntuación o número de aspirantes que deberán desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario.

5.3.2. As persoas aspirantes deberanse presentar a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que ao xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

5.3.3. As persoas aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento, calquera que sexa a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como o suposto que se describe a continuación.

As mulleres embarazadas que, polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do puerperio, prevexan a posibilidade de coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso, poderano pór en coñecemento do tribunal achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberase realizar dentro dos dous días seguintes ao do anuncio da data do exame e o tribunal determinará, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

5.3.4. Durante o tempo fixado para a realización das probas selectivas non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria; queda prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos e constituirá causa de inadmisión ao chamamento a simple tenza deles.

5.3.5. O anuncio de realización dos exercicios publicarase na páxina web da Agasp con dous días de antelación, polo menos, ao da data sinalada para o seu inicio.

5.3.6. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poden presentar, anula algunha ou algunhas preguntas incluídas na primeira proba do proceso, anunciarao na páxina web da Agasp.

Neste suposto, e no caso que se realizasen, teranse en conta as cuestións de reserva, que terán unha puntuación igual ás do resto do exercicio.

5.3.7. As cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios do proceso publicaranse na sede da Agasp e na súa páxina web.

Concederáse un prazo de cinco días para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

5.3.8. En calquera momento do proceso, se o tribunal ten coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria, logo de audiencia da persoa interesada, comunicarllo á Agasp para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, isto suporá a súa exclusión do proceso.

5.4. Desempate no proceso de acceso por promoción interna.

De conformidade co establecido no artigo 34 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de se producir empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes, aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata se producir o desempate:

a) Preferencia pola muller, mentres se manteña a infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos expresados polo artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

b) Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior, e así de xeito sucesivo.

c) Primarase a puntuación máis alta referida aos méritos na epígrafe de formación profesional.

d) Primarase a posesión de titulación académica de máis nivel.

No caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores, realizarase un sorteo entre as persoas aspirantes.

6. Proceso de provisión por mobilidade.

6.1. O proceso de provisión efectuarase polo sistema de concurso, de conformidade co baremo de méritos que se recolle no anexo V desta orde, que non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do



tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes. Soamente se terán en conta os documentos acreditativos que aquelas presentasen ata o peche do prazo de presentación de solicitudes, sen se poderen presentar méritos en período de alegacións. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus aspectos no momento da finalización do prazo de presentación de instancias.

O tribunal baremará os méritos e publicaráo na páxina web da Agasp, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións, ante o propio tribunal, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da baremación.

Á vista das reclamacións que se presenten, no caso de seren estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e publicárase a baremación definitiva na páxina web da Agasp.

A orde de prelación das persoas aspirantes que serán propostas para a adxudicación das prazas convocadas efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso para o proceso de provisión por mobilidade. O número de persoas propostas non poderá ser superior ao de prazas convocadas no proceso de provisión por mobilidade.

A puntuación final de cada aspirante consistirá na suma das cualificacións dos méritos totais, sen limitación.

#### 6.2. Desempate no proceso de provisión por mobilidade.

De conformidade co establecido no artigo 34 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de se producir empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata se producir o desempate:

a) Preferencia pola muller, mentres se manteña a infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos expresados polo artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

b) Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior, e así de xeito sucesivo.

c) Primarase a puntuación máis alta referida aos méritos na epígrafe de formación profesional.

d) Primarase a posesión de titulación académica de máis nivel.

No caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores, realizarase un sorteo entre as persoas aspirantes.

6.3. Obrigas no caso de participación simultánea en varios procesos de mobilidade.

O personal funcionario participante en dous ou máis procesos simultáneos de mobilidade horizontal está suxeito ás seguintes obrigas:

1. Comunicarlles a cada concello afectado e á Agasp a súa participación en procesos idénticos noutros concellos e na Agasp, de xeito que poidan ter en conta esta circunstancia cada concello e pola Agasp, no suposto de resultar seleccionado, antes de ditar a proposta de resolución do proceso de mobilidade horizontal.

2. Comunicarlles por escrito ao concello en que non vaia tomar posesión e á Agasp, antes da proposta de resolución do proceso de mobilidade horizontal, a renuncia.

7. Cualificación final.

Tanto no proceso de acceso por promoción interna, previamente á fase de oposición, como no proceso de provisión por mobilidade, o tribunal procederá á baremación da fase de concurso e publicaráa na páxina web da Agasp, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións, ante o propio tribunal, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da baremación.

En relación coa aplicación dos baremos, débense ter en conta as seguintes normas:

– Titulacións académicas: non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, salvo que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregaron como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

– Para os efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, e deberase achegar

a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición en que se estableza esta e, de ser o caso, o BOE en que se publicou. Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

– Formación e docencia: non se terán en conta para os efectos de valoración:

- Os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade.
- Os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco (5) anos desde a finalización do primeiro curso.
- Os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 dos anexos II e III da Orde do 28 de xaneiro de 2009 nin a superación de materias destes.

– En relación coa docencia, tanto como docente da Agasp como fóra do dito ámbito, só serán avaliadas aquelas participacións en accións formativas que sexan de manifesto interese policial, dirixidas, en particular, aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua. O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, salvo que transcorrese un período superior a cinco (5) anos desde a súa realización.

Á vista das reclamacións que se presenten, no caso de seren estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase á publicación definitiva na páxina web da Agasp.

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso de promoción interna efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso-oposición.

A orde de prelación das persoas participantes no proceso de provisión por mobilidade efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

## 8. Tribunal.

8.1. O nomeamento do tribunal cualificador correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a, pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional para cuxo ingreso se requira a titulación de bacharelato, técnico ou equivalente; a súa composición será paritaria, segundo o establecido no artigo 48 do

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias da Agasp, correspóndenlle ao tribunal as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, a cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención nos procesos, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento dos procesos e resolución de incidencias.

8.2. Os membros do tribunal deberanse abster de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas pola Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 11 de abril de 2007, e no Acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.

A persoa titular da Presidencia deberaselles solicitar aos membros do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de que non se encontran incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

8.3. A persoa titular do órgano que nomee o tribunal publicará no DOG a resolución correspondente pola que se nomeen os novos membros do tribunal que substituirán os que perderon a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

8.4. A sesión de constitución deberase realizar nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no DOG. Na dita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que correspondan para o correcto desenvolvemento dos procesos.

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concurrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría.

Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito.

Das sesións realizadas polo tribunal redactarase a acta correspondente, que será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

8.5. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e no resto do ordenamento xurídico.

8.6. O tribunal poderá propor a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen se deberá limitar a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz, pero non voto.

8.7. En ningún caso poderá o tribunal aprobar nin declarar que superou o proceso de acceso por promoción interna un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas nese proceso e, de ser o caso, as que resulten acrecentadas de conformidade co establecido no punto 1.4 desta orde. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

En ningún caso poderá o tribunal, no proceso de provisión por mobilidade, propor a adxudicación de prazas a un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas nese proceso. Calquera proposta de adxudicación de prazas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

8.8. Os acordos adoptados polo tribunal dos procesos poderán ser obxecto de recurso de alzada, ante a persoa titular da Dirección Xeral da Agasp, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

9. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva, presentación de documentación e nomeamento como persoal funcionario en prácticas para o proceso de acceso por promoción interna.

9.1. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva.

Unha vez rematado o proceso de acceso por promoción interna, o tribunal elaborará por orde decrecente de puntuación a lista de persoas aprobadas. O número destas persoas non poderá superar o de prazas convocadas e, de ser o caso, as que resulten acrecentadas de conformidade co establecido no punto 1.4 desta orde.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva cun número de persoas aspirantes que será, como máximo, igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

Ambas as dúas listas serán publicadas na páxina web da Agasp.

As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos non poderán ser nomeadas persoal funcionario en prácticas e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

#### 9.2. Nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas na categoría de oficial, mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, o concello comunicará esta circunstancia á Dirección Xeral da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

#### 9.3. Curso selectivo de formación.

As persoas aspirantes aprobadas no proceso de acceso por promoción interna deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de oficial, de conformidade co disposto no artigo 33 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e nos artigos 32 e 56 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro.

Só estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas

directamente na condición de persoal funcionario de carreira na categoría de oficial.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso de acceso por promoción interna.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos acadados no proceso.

10. Proposta de adxudicación de prazas no concello correspondente no proceso de provisión por mobilidade.

10.1. Ás persoas con puntuacións máis altas, en número igual ao de prazas convocadas por este sistema, adxudicaráselles as prazas ofertadas.

O tribunal remitiralle á Agasp a proposta de adxudicación de praza nos correspondentes concellos segundo o resultado do concurso de méritos xunto con igual número de reservas, de xeito que cada persoa aspirante só pode estar proposta para a adxudicación dunha das prazas convocadas no proceso de mobilidade, de conformidade coa súa puntuación e coa orde de preferencia indicada na solicitude de participación no proceso.

10.2. A Agasp notificaralles esta proposta aos concellos interesados, no prazo de cinco (5) días desde a súa publicación, para que eleven a definitiva tal proposta e se proceda á adxudicación das prazas.

Así mesmo, a Agasp comunicaralles, no suposto de quedaren prazas vacantes ou declaradas desertas, a súa incorporación á convocatoria de promoción interna.

De conformidade co artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e co artigo 41 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, os destinos adxudicados son irrenunciabes, excepto que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se obteña outro destino mediante convocatoria pública. Nese caso, a persoa adxudicataria poderá optar e comunicar a opción elixida.

Unha vez comunicada esta circunstancia á Agasp da praza a que renuncia, poderá tomar posesión da outra praza obtida en paralelo noutra convocatoria pública.

O tribunal realizará neste suposto unha segunda e, de ser o caso, sucesivas propostas, en favor da persoa candidata que obtivese a seguinte mellor cualificación no concurso. Esta previsión sería aplicable tamén no caso de que



a persoa candidata proposta non reúna os requisitos de participación, unha vez que sexan comprobados.

11. Información ás persoas interesadas.

Sobre esta convocatoria poderase obter información adicional na Agasp a través dos seguintes medios:

a) <https://sede.xunta.gal/portada>

b) Páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>).

c) No enderezo electrónico [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal)

d) Nos teléfonos da Agasp 886 20 61 09, 886 20 61 16, 886 20 61 35 e 886 20 61 27.

e) No Servizo de Coordinación, Planificación e Selección da Agasp (Avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra).

Disposición adicional única

En virtude do establecido no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes acorda delegar na persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública a facultade de nomear o tribunal que deberá cualificar estes procesos e, de ser o caso, a substitución dos membros que perderon a súa condición por algunha das causas previstas na base 8.2 desta convocatoria.

Igualmente, acórdase delegar na persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública a resolución dos recursos de alzada que se interpoñan contra os acordos do tribunal nomeado para cualificar estes procesos.

Disposición derradeira única

1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan a Administración, o tribunal encargado de xulgar os procesos e as persoas que participen neles.

2. Así mesmo, cantos actos administrativos produzan o tribunal, a autoridade convocante ou o órgano encargado da xestión poderán ser impugnados polas persoas interesadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da



consellería competente en materia de seguridade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

## ANEXO III

## Relación de prazas convocadas

Proceso de acceso por promoción interna	
A Guarda	1
Ames	1
Burela	1
Caldas de Reis	1
Gondomar	1
Moaña	1
Noia	1
Ponteareas	1
Ribeira	1
Soutomaior	1

Proceso de provisión por mobilidade	
Santiago de Compostela	1

**ANEXO IV**
**Taboa de méritos fase de concurso do proceso de acceso por promoción  
interna**

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)		Valoración máxima por epígrafe																		
1. Titulacións académicas oficiais	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente.</li> <li>– Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente.</li> <li>– Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en Criminoloxía, Ciencias Policiais ou equivalente.</li> <li>– Bacharelato técnico ou equivalente.</li> </ul>	3,00 2,00 1,50 0,50		4,00 puntos																		
2. Antigüidade como funcionario de carreira	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, nos corpos de policía local.</li> <li>– Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, noutro corpo de seguridade.</li> <li>– Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, noutro corpo de calquera Administración pública.</li> </ul>	0,20 0,10 0,05		4,00 puntos																		
3. Formación profesional e docencia	<p>Como alumno de Agasp ou en actividades conveniadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Cada hora en actividades de tipo presencial.</li> <li>– Cada hora en actividades de formación en liña.</li> </ul> <p>Como alumno noutras actividades alleas á Agasp:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Cursos ou actividades ata 20 horas.</li> </ul>	<table style="border: none;"> <tr> <td>AS</td> <td>AP</td> </tr> <tr> <td>0,015</td> <td>0,025</td> </tr> <tr> <td>0,010</td> <td>0,020</td> </tr> <tr> <td>0,20</td> <td>0,30</td> </tr> <tr> <td>0,35</td> <td>0,50</td> </tr> <tr> <td>0,45</td> <td>0,65</td> </tr> <tr> <td>0,50</td> <td>0,75</td> </tr> <tr> <td>0,75</td> <td>1,00</td> </tr> <tr> <td>1,00</td> <td>1,30</td> </tr> </table>	AS	AP	0,015	0,025	0,010	0,020	0,20	0,30	0,35	0,50	0,45	0,65	0,50	0,75	0,75	1,00	1,00	1,30		8,00 puntos
AS	AP																					
0,015	0,025																					
0,010	0,020																					
0,20	0,30																					
0,35	0,50																					
0,45	0,65																					
0,50	0,75																					
0,75	1,00																					
1,00	1,30																					

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)	Valoración máxima por epígrafe
	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas.</li> <li>– Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas.</li> <li>– Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas.</li> <li>– Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas.</li> <li>– Cursos ou actividades de máis de 200 horas.</li> </ul>		
	<p>Como profesor da Agasp ou en actividades conveniadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Cada hora en actividades de tipo presencial.</li> <li>– Cada hora en actividades de formación en liña.</li> </ul> <p>Como profesor noutras actividades alleas á Agasp:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Cada hora en actividades de tipo presencial.</li> <li>– Cada hora en actividades de formación en liña.</li> </ul>	<p>0,020 0,015 0,015 0,010</p>	
<p>4. Distincións e recompensas oficiais</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Placa individual ao mérito da policía local.</li> <li>– Placa colectiva ao mérito da policía local.</li> <li>– Medalla ao mérito da policía local.</li> <li>– Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos.</li> <li>– Distincións do órgano colexiado competente do concello.</li> </ul>	<p>2,00 1,50 1,00 0,75 0,25</p>	<p>2,00 puntos</p>
<p>5. Idiomas</p>	<p>Coñecemento de idiomas, distintos do español e do galego, acreditados por certificado de escola oficial de idiomas.</p> <p>A) Ciclos:</p>	<p>1,00 2,00 0,65 1,30 2,00</p>	<p>4,00 puntos</p>

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)	Valoración máxima por epígrafe
	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Certificado de superación do ciclo elemental.</li> <li>– Certificado de superación do ciclo superior.</li> <li>B) Niveis:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Certificado superación nivel básico.</li> <li>– Certificado superación nivel intermedio.</li> <li>– Certificado superación nivel avanzado.</li> </ul> </li> </ul> <p>Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.</p>		
6. Lingua galega	<p>Coñecemento da lingua galega, segundo acreditación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Celga 1.</li> <li>– Celga 2.</li> <li>– Celga 3.</li> <li>– Celga 4.</li> <li>– Curso de iniciación.</li> <li>– Curso de perfeccionamento.</li> <li>– Curso de linguaxe administrativa nivel medio.</li> <li>– Curso de linguaxe administrativa nivel superior.</li> </ul> <p>Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.</p>	<p>0,25 0,50 0,75 1,00 0,75 1,00 1,50 2,00</p>	2,00 puntos

**ANEXO V**
**Taboa de méritos no proceso de provisión por mobilidade**

Epigrafas	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)	
1. Titulacións académicas oficiais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente.</li> <li>- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente.</li> <li>- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en Criminoloxía, Ciencias Policiais ou equivalente.</li> <li>- Bacharelato técnico ou equivalente.</li> </ul>	3,00 2,00 1,50 0,50	
2. Antigüidade como funcionario de carreira	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, nos corpos de policía local.</li> <li>- Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, noutro corpo de seguridade.</li> <li>- Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, noutro corpo de calquera Administración pública.</li> </ul>	0,20 0,10 0,05	
3. Formación profesional e docencia	Como alumno da Agasp ou en actividades conveniadas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cada hora en actividades de tipo presencial.</li> <li>- Cada hora en actividades de formación en liña.</li> </ul> Como alumno noutras actividades alleas á Agasp: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cursos ou actividades ata 20 horas</li> <li>- Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas.</li> <li>- Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas.</li> <li>- Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas.</li> <li>- Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas.</li> <li>- Cursos ou actividades de máis de 200 horas.</li> </ul>	AS 0,015 0,010 0,20 0,35 0,45 0,50 0,75 1,00	AP 0,025 0,020 0,30 0,50 0,65 0,75 1,00 1,30
	Como profesor da Agasp ou en actividades conveniadas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cada hora en actividades de tipo presencial.</li> </ul>	0,020 0,015 0,015	

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)
	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Cada hora en actividades de formación en liña. Como profesor noutras actividades alleas á Agasp;</li> <li>– Cada hora en actividades de tipo presencial.</li> <li>– Cada hora en actividades de formación en liña.</li> </ul>	0,010
4. Distincións e recompensas oficiais	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Placa individual ao mérito da policía local.</li> <li>– Placa colectiva ao mérito da policía local.</li> <li>– Medalla ao mérito da policía local.</li> <li>– Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos.</li> <li>– Distincións do órgano colexiado competente do concello.</li> </ul>	2,00 1,50 1,00 0,75 0,25
5. Idiomas	<p>Coñecemento de idiomas, distintos do español e do galego, acreditados por certificado de escola oficial de idiomas.</p> <p>A) Ciclos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Certificado de superación do ciclo elemental.</li> <li>– Certificado de superación do ciclo superior.</li> </ul> <p>B) Niveis.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Certificado superación nivel básico.</li> <li>– Certificado superación nivel intermedio.</li> <li>– Certificado superación nivel avanzado.</li> </ul> <p>Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.</p>	1,00 2,00 0,65 1,30 2,00
6. Lingua galega	<p>Coñecemento da lingua galega, segundo acreditación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Celga 1.</li> <li>– Celga 2.</li> <li>– Celga 3.</li> <li>– Celga 4.</li> <li>– Curso de iniciación.</li> <li>– Curso de perfeccionamento.</li> <li>– Curso de linguaxe administrativa nivel medio.</li> <li>– Curso de linguaxe administrativa nivel superior.</li> </ul> <p>Só se terá en conta o título de máis nivel dos</p>	0,25 0,50 0,75 1,00 0,75 1,00 1,50 2,00

Epigrafas	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)
	que se acrediten.	



## ANEXO VI

### Temario

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.
3. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución. Dereitos fundamentais e liberdades II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. Tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguridade.
4. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguridade. Dereito de petición.
5. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías de dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.
6. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.
7. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.
8. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións:

Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. Mención ao Tribunal Superior de Xustiza.

9. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

10. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

11. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

12. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

13. Oréxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

14. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias.

15. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.

16. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

17. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

18. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

19. Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Funcións da policía local.

20. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

21. A actividade da policía local como policía administrativa I. Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

22. A actividade da policía local como policía administrativa II. Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

23. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

24. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal.
25. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.
26. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.
27. Delitos contra a Administración pública.
28. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.
29. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas.
30. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.
31. Delitos contra a saúde pública. Tráfico de drogas.
32. Delitos contra a seguridade viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
33. As penas. Concepto, clases: privativas de liberdade, privativas de dereitos e multa. Clasificación pola súa gravidade: graves, menos graves e leves.
34. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.
35. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Deberes do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereitos do detido. Responsabilidades penais en que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.
36. Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
37. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.
38. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de urxencia.
39. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.
40. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.
41. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local.
42. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Doutrina constitucional. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

43. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

44. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

45. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

46. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

47. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

48. O mando: concepto, estilos, calidades, trazos, regras e características do mando; relación con subordinados; técnicas de dirección e reunións.

49. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

50. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo á cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais.

**DOG Núm. 86      5 de maio de 2023**

#### **IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

ORDE do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía (código de procedemento PR461B).

De conformidade co establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 22 de novembro), a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude da delegación conferida para o efecto polos concellos interesados,

#### **DISPÓN:**

Aprobar as bases xerais reguladoras e convocar o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, subgrupo C1, código de procedemento PR461B.

1. Obxecto da convocatoria.

1.1. O obxecto do proceso é cubrir oitenta e nove (89) prazas dos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, subgrupo C1.

1.2. O número, denominación e características das prazas que se convocan a este proceso especificanse no anexo II desta orde.

1.3. Este proceso rexerase polo establecido nestas bases e, para o non previsto, observarase o disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais; no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que a desenvolve; na Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía local ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de

tempada, e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

1.4. O código do procedemento regulado nesta orde é PR461B.

2. Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas interesadas en participar no proceso deberán posuír na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión como persoal funcionario os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ter feito os dezoito anos e non exceder, de ser o caso, a idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título oficial de bacharel ou técnico. Así mesmo, observárase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario de que a persoa fose separada ou inhabilitada.

f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.

g) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B.

h) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas.

3. Solicitudes.

3.1. Forma e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> e que é o anexo I desta orde.

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial del Estado. O anuncio desta convocatoria será publicado tamén nos boletíns provinciais das catro provincias galegas.

### 3.2. Idioma da primeira proba.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, na epígrafe «Idioma do exame», se o texto do primeiro exercicio se deberá entregar en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar a opción.

3.3. A participación neste proceso de selección é voluntaria, e implica que se presta consentimento para realizar as probas e os exercicios psicotécnicos, aceptando que o resultado desas probas sexa empregado como factor de valoración, de conformidade co previsto nestas bases.

### 3.4. Taxas.

3.4.1. Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar neste proceso deberase aboar dentro do prazo de presentación de solicitudes, en concepto de dereitos de inscrición, o importe de 33,13 euros e, de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes.

Para o pagamento da taxa deberase actuar da seguinte maneira:

– Pagamento electrónico: deberá introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

– Pagamento electrónico-con certificado dixital: poderán realizar o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado desde a opción de pagamento electrónico e nese momento obterán o xustificante 730 correspondente.

– Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na solicitude, imprimir o documento de pagamento (modelo 739) e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante. Unha vez feito o pagamento presencial na entidade financeira, deberase achegar coa solicitude de participación no proceso o xustificante selado pola entidade bancaria.

Os códigos para cubrir as taxas son os seguintes:

Consellería: Presidencia, Xustiza e Deportes. Código 04.

Delegación: servizos centrais. Código 13.

Servizo: Academia Galega de Seguridade Pública. Código 19.

Taxa. Denominación: inscrición nos procesos selectivos para a selección de persoal dos corpos de policía local de Galicia. Código 30.03.04.

A falta de pagamento da taxa correspondente, de ser o caso, determinará a exclusión no proceso da persoa aspirante e non será posible a súa emenda fóra do prazo de solicitudes.

A presentación do xustificante do aboamento das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

3.4.2. Exención e bonificación no aboamento da taxa.

3.4.2.1. Estarán exentas do pagamento desta taxa por dereito de inscrición:

– Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.

– Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

3.4.2.2. Aplicarase unha bonificación do 50 % do importe da taxa:

– A persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.

– Ás persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que



soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

– Ás vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola cal se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que conviva con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando coa solicitude a seguinte documentación:

– Familia numerosa categoría xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia.

– Persoas con discapacidade: tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia.

– Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola cal se recoñeza tal condición.

– Persoas en situación de desemprego: certificación negativa da percepción actual de prestación/subsidio por desemprego e antigüidade como demandante de emprego.

### 3.5. Documentación complementaria.

3.5.1. As persoas interesadas no proceso deberán achegar coa solicitude correspondente ao procedemento PR461B (anexo I) a seguinte documentación:

a) Xustificante do pagamento da taxa (código 30.03.04).

b) Certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.

c) Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.

d) Resolución administrativa pola cal se recoñeza a condición de vítima de terrorismo, de ser o caso.

e) Certificado de Celga 4 ou equivalente, sempre que non sexa expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.5.2. As persoas interesadas responsabilizáranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3.5.3. A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

3.5.4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

3.5.5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### 3.6. Comprobación de datos.

Para a tramitación do proceso consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.

- c) Título oficial non universitario exixido (bacharelato, técnico ou equivalente).
- d) Certificado de inexistencia de antecedentes penais.
- e) Consulta dos permisos de conducir da persoa solicitante.
- f) Certificado de Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) Título de familia numerosa expedido pola Xunta de Galicia.
- b) Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia.
- c) Situación de desemprego.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

### 3.7. Notificacións.

3.7.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

3.7.2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3.7.3. No caso de optar pola notificación en papel, efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.7.4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema

remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3.7.5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderase rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

3.7.6. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.8. Publicación dos actos.

3.8.1. Publicaranse no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.
- Relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas, e data e lugar de realización da primeira proba.

3.8.2. Na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante, Agasp) (<https://agasp.xunta.gal/es>) publicaranse, ademais, as resolucións coas datas e lugares de realización das restantes probas selectivas, os resultados destas, a relación de persoas aprobadas e demais comunicacións deste proceso.

3.9. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizaren trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Admisión de aspirantes.

4.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral da Agasp publicará no DOG e na páxina web da Agasp a resolución pola que se declaren con carácter provisional as persoas admitidas e excluídas, co

motivo da exclusión, así como as persoas aspirantes exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega. No caso de non existiren persoas excluídas, ou que as persoas excluídas o estean por motivos non emendables, a listaxe será considerada definitiva.

4.2. As persoas excluídas e as persoas declaradas non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no DOG, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

4.3. Non se poderán emendar a presentación de solicitude fóra do prazo habilitado para este efecto nin o impagamento da taxa establecida. As estimacións ou desestimacións das solicitudes de emenda entenderanse implícitas na resolución da Dirección Xeral da Agasp pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, así como a listaxe definitiva de persoas exentas e non exentas da proba de coñecementos da lingua galega, que se publicará no DOG e na páxina web da Agasp.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso. Cando, da documentación que deben presentar tras superar o proceso se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación.

4.4. Na resolución pola cal se declaren con carácter definitivo as persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como as persoas aspirantes exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega, indicaranse o lugar, a data e a hora da realización do primeiro exercicio.

5. Desenvolvemento do proceso.

5.1. O sistema de selección será o de oposición libre e constará de cinco exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte as persoas aspirantes que non acadasen a cualificación mínima establecida para cada un deles.

5.2. A oposición consistirá na realización dos exercicios que se enumeran no anexo III desta orde, coa forma e sistema de cualificación descritos nel.

6. Desenvolvemento dos exercicios do proceso.

6.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será a orde alfabética e comezará por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra V, consonte o establecido na Resolución do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 18, do 26 de xaneiro).

O tribunal, unha vez finalizado o primeiro exercicio, establecerá por orde decrecente de puntuación o número de aspirantes que deberán desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario.

6.2. As persoas aspirantes deberanse presentar a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que ao xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

6.3. As persoas aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que sexa a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como o suposto que se describe a continuación.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes en que conorra a dita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles corresponda realizar, prazo que se podería prorrogar, como máximo, outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só o resto das probas.

En calquera caso, daráselles por superado o proceso a aquelas persoas aspirantes que obteñan una puntuación final que non poida ser acadada, mesmo coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollan ao dereito de aprazamento.

As mulleres embarazadas que prevexan, polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización

de calquera dos exames ou probas previstos no proceso, poderano pór en coñecemento do tribunal achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberase realizar dentro dos dous días seguintes ao do anuncio da data do exame e o tribunal determinará, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico considerarán como circunstancias negativas, para os efectos do proceso, calquera derivada da situación de embarazo e lactación. Ante a solicitude da muller que acredite encontrarse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso.

6.4. Durante o tempo fixado para a realización das probas selectivas non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria; quedará prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos e constituirá causa de inadmisión ao chamamento a simple tenza destes.

6.5. O anuncio de realización dos exercicios publicarase na páxina web da Agasp con dous días de antelación, polo menos, ao da data sinalada para o seu inicio.

6.6. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poden presentar, anula algunha ou algunhas preguntas incluídas na proba de coñecementos, anunciarao na páxina web da Agasp.

Neste suposto, e no caso que se realizasen, teranse en conta as cuestións de reserva, que terán unha puntuación igual ás do resto do exercicio.

6.7. As cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicarase na sede da Agasp e na súa páxina web.

Concederase un prazo de cinco días para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola cal se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

6.8. En calquera momento do proceso, se o tribunal ten coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, logo de audiencia da persoa interesada, comunicarallo á Agasp para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.



No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, suporá a súa exclusión do proceso.

6.9. A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso virá determinada pola puntuación do primeiro exercicio.

Tendo en conta que nos corpos de policía local de Galicia existe infrarrepresentación feminina, no suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

a) Criterio de desempate recollido no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal o empate se resolverá a favor da muller.

b) Menor tempo rexistrado na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos.

c) Menor tempo rexistrado na proba de velocidade, carreira de 50 metros lisos.

d) En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

7. Tribunal cualificador.

7.1. O nomeamento do tribunal cualificador correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de seguridade, e estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes (presidente/a, tres vogais e secretario/a) pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional en que se requira para o seu ingreso a titulación de bacharelato, técnico ou superior, e a súa composición será paritaria segundo o establecido no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias da Agasp, correspóndenlle ao tribunal as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, a cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento das probas selectivas e resolución de incidencias.



7.2. Os membros do tribunal deberanse abster de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas mediante a Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 11 de abril de 2007, e no Acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.

A persoa titular da Presidencia deberalles solicitar aos membros do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorporen aos seus traballos unha declaración expresa de que non se encontran incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

7.3. A persoa titular do órgano que nomee o tribunal publicará no DOG a resolución correspondente pola que se nomeen os novos membros do tribunal que substituirán os que perderon a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

7.4. A sesión de constitución deberase realizar nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no DOG. Na dita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concurrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría.

Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito.

Das sesións realizadas polo tribunal redactarase a acta correspondente, que será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

7.5. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e no resto do ordenamento xurídico.

7.6. O tribunal poderá propor a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, que se deberá limitar a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz, pero non voto.

7.7. En ningún caso poderá o tribunal aprobar nin declarar que superou o proceso un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

7.8. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada, ante a persoa titular da Dirección Xeral da Agasp, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

8. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva, elección de prazas, presentación de documentación e nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

8.1. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva.

Unha vez rematado o proceso, o tribunal elaborará por orde decrecente da puntuación a lista de persoas aprobadas. O número destas persoas non poderá superar o de prazas convocadas.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva cun número de persoas aspirantes que será, como máximo, igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

Ambas as dúas listas serán publicadas na páxina web da Agasp.

8.2. Elección de praza.

A Dirección Xeral da Agasp, a través da súa páxina web, convocará as persoas aprobadas a unha reunión presencial para elixir praza, dentro das comprendidas nesta convocatoria, por rigorosa orde da puntuación obtida no proceso.

A concorrencia por parte das persoas aprobadas á reunión prevista neste artigo soamente se poderá aprazar nos supostos e nos termos previstos nos artigos 16 e 17 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, para as probas das oposicións.

Ás persoas aprobadas ás cales non se lles aprazase a reunión citada nesta base e que non comparezan persoalmente, ou por medio de representante, seranlles adxudicadas as prazas que lles correspondan segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación das persoas aprobadas presentes ou representadas, entre as que quedasen sen adxudicar.

Asignadas as prazas de acordo co previsto nesta base, a Dirección Xeral da Agasp publicará na súa páxina web a relación destas co nome das persoas ás cales lles foron adxudicadas e comunicaralles os datos destas aos concellos que correspondan, xunto coa data prevista para o comezo do preceptivo curso selectivo de formación e a documentación precisa que acredita o cumprimento dos requisitos exixidos para o seu nomeamento como funcionarios/as en prácticas.

A partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación das prazas, as persoas ás cales se lles adxudicasen disporán dun prazo de cinco días hábiles para a presentación ante o concello para os efectos que correspondan.

As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos non poderán ser nomeadas persoal funcionario en prácticas e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

### 8.3. Nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

As persoas así nomeadas permanecerán na dita situación desde o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Agasp, na cal se indicará a data de inicio.

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal

funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, o concello comunicarlle esta circunstancia á Dirección Xeral da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

#### 8.4. Curso selectivo de formación.

As persoas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e nos artigos 51 a 55 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro.

Só estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente na condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos acadados no proceso.

Aos funcionarios e funcionarias en prácticas seralles de aplicación o Regulamento de réxime interior da Agasp durante o seu curso de formación e o período de prácticas, e con carácter supletorio, cando os feitos non constitúan falta no dito regulamento, seranlles de aplicación as normas do réxime disciplinario da Policía Local de Galicia recollidas na Lei 4/2007, do 20 de abril, e normativa de desenvolvemento.

A cualificación do curso de formación e do período de prácticas quedará en suspenso ante a concorrencia sobrevida de calquera causa de exclusión ata que se resolva o expediente que se incoe.

#### 9. Procedementos penais ou administrativos pendentes.

Cando as persoas que participan no proceso teñan aberto ou se lles abra con posterioridade un procedemento penal ou administrativo que poida rematar cunha condena por delito doloso, coa separación do servizo das administracións públicas ou a inhabilitación para o exercicio das funcións

públicas, a admisión ao proceso, a permanencia nel, así como o seu acceso ao corpo de policía local quedarán condicionados ao feito de que nos citados procedementos non se produza a condena ou separación referida.

O persoal participante, no suposto de encontrarse nas situacións descritas no parágrafo anterior, debe comunicar tal situación, e a Dirección Xeral da Agasp poderá solicitar en calquera momento do proceso unha declaración xurada de non encontrarse nas ditas situacións.

A falsidade ou omisión de datos nesta declaración xurada dará lugar ás responsabilidades que se establezan no Regulamento de réxime interior da Agasp en relación co incumprimento das ordes ou disposicións ditadas pola Dirección Xeral da Agasp.

#### 10. Información ás persoas interesadas.

Sobre esta convocatoria poderase obter información adicional na Agasp a través dos seguintes medios:

- a) <https://sede.xunta.gal/portada>
- b) Páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>).
- c) No enderezo electrónico [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal)
- d) Nos teléfonos da Agasp 886 20 61 09, 886 20 61 16, 886 20 61 35 e 886 20 61 27.
- e) No Servizo de Coordinación, Planificación e Selección (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra).

#### Disposición adicional única

En virtude do establecido no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes acorda delegar na persoa titular da Dirección Xeral da Agasp a facultade de nomear o tribunal que deberá cualificar este proceso e, de ser o caso, a substitución dos membros que perderon a súa condición por algunha das causas previstas na base 7.2 desta convocatoria.

Igualmente, acórdase delegar na persoa titular da Dirección Xeral da Agasp a resolución dos recursos de alzada que se interpoñan contra os acordos do tribunal nomeado para cualificar este proceso.

#### Disposición derradeira única

1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan a Administración, o tribunal encargado de xulgar o proceso e as persoas que participen nel.
2. Así mesmo, cantos actos administrativos produzan o tribunal, a autoridade convocante ou o órgano encargado da xestión poderán ser impugnados polas persoas interesadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.
3. Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
4. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

**ANEXO II**
**Relación de prazas convocadas**

Concello	Nº de prazas	Denominación	Escalera	Categoría	Grupo
A Coruña	30	Policía local	Básica	Policía	C1
Ames	1	Policía local	Básica	Policía	C1
Baiona	2	Policía local	Básica	Policía	C1
Bergondo	1	Policía local	Básica	Policía	C1
Betanzos	1	Policía local	Básica	Policía	C1
Caldas de Reis	1	Policía local	Básica	Policía	C1
Carballo	3	Policía local	Básica	Policía	C1
Cuntis	2	Policía local	Básica	Policía	C1
Ferrol	2	Policía local	Básica	Policía	C1
Gondomar	2	Policía local	Básica	Policía	C1
Lugo	9	Policía local	Básica	Policía	C1
Marín	1	Policía local	Básica	Policía	C1
Muxía	1	Policía local	Básica	Policía	C1
Narón	2	Policía local	Básica	Policía	C1

Concello	Nº de prazas	Denominación	Escalera	Categoría	Grupo
			a		
Noia	5	Policía local	Básica	Policía	C1
Padrón	4	Policía local	Básica	Policía	C1
Ponteareas	2	Policía local	Básica	Policía	C1
Porto do Son	1	Policía local	Básica	Policía	C1
Redondela	2	Policía local	Básica	Policía	C1
Sanxenxo	2	Policía local	Básica	Policía	C1
Tomiño	2	Policía local	Básica	Policía	C1
Tui	2	Policía local	Básica	Policía	C1
Vigo	9	Policía local	Básica	Policía	C1
Vilanova de Arousa	2	Policía local	Básica	Policía	C1



### ANEXO III Exercicios

1. Primeiro exercicio: proba de avaliación dos coñecementos.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberán amosar o dominio dos contidos do temario que figura como anexo IV desta orde.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que no momento de publicación no DOG desta convocatoria contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior. Esta mesma data terase en conta igualmente para todos aqueles datos do temario que se poidan valorar.

As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que esta proba sexa corrixida sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes. Cando finalice, entregarase a cada aspirante a folla autocopiativa do seu exame. O modelo de corrección coas respostas correctas publicarase no mesmo lugar en que se realizou e no portal web da Agasp.

O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e a valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberanse adoptar sen coñecer a identidade das persoas aspirantes a que corresponden os resultados obtidos.

A proba será cualificada polo tribunal de cero a dez puntos e será preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:

$$N=(A-F/3)/10$$

Onde N= nota final da proba; A=cuestións acertadas; F=cuestións erradas ou non contestadas.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

2. Segundo exercicio: proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.

Realizarase a continuación da proba de coñecementos, e consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego e doutro texto do galego para o castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de realizarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima dunha (1) hora.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.

As persoas aspirantes que estean en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), estarán exentas da realización desta proba.

3. Terceiro exercicio: probas de aptitude física.

Este terceiro exercicio consistirá na realización de todas as probas físicas que se indican a continuación.

1. Probas físicas.

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto/a ou non apto/a. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas 1.1, 1.4 e 1.5, e acadar ou superar os mínimos das probas 1.2. e 1.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

As persoas aspirantes entregaranlle ao tribunal un informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.

Este informe médico deberá ser expedido dentro dos quince (15) días inmediatamente anteriores ao da data de realización da primeira proba de aptitude física.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación, que se poderán facer de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación dispónse dunha soa posibilidade de execución; no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto/a.

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberase realizar en lugares axeitados ao tipo de proba que se vai executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor/a.

1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

A persoa aspirante colocárase na pista no lugar sinalado e poderá realizar a saída de pé ou agachada, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) exixidas para a superación da proba son:

Homes: 7.40"

Mulleres: 8.20"

1.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

1.2.1. Flexións de brazos.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans nús, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por riba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas, e efectuaranse de forma continuada.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo exixible é de 10 flexións.

1.2.2. Suspensión en barra.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

O exercicio consiste en permanecer, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, presa coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por riba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo exixido para a superación da proba é de 52 segundos.

### 1.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realízase en ximnasio ou campo de deportes, con chan horizontal e coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

A persoa aspirante colócase de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura (realízase o salto desde a posición de parado). Realizará un salto horizontal e caerá cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas exixidas (en centímetros) para a superación da proba son:  
Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.

### 1.4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realízase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

A persoa aspirante colócase na pista no lugar indicado. A saída realízase en pé.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos e segundos) exixidas para a superación da proba son:

Homes: 3'30"

Mulleres: 4'10"

### 1.5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realízase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

A persoa aspirante poderase colócase para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, e neste último caso deberá permanecer en contacto co bordo da saída.

Unha vez que se dea o sinal de saída, as persoas aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes: 0'24"

Mulleres: 0'28"

A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación da persoa aspirante.

As persoas aspirantes deberanse presentar á realización das probas coa roupa e co calzado que consideren adecuados e cun informe médico expedido dentro dos quince (15) días inmediatamente anteriores ao da data de realización da primeira proba deste exercicio. A non presentación do dito documento suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso.

Para a proba de natación, as persoas aspirantes utilizarán traxes de baño (que achegarán elas mesmas) e do modelo que desexen. Queda prohibida a utilización de traxes de neopreno ou similares e axudas para a flotabilidade e/ou o incremento da velocidade de calquera tipo.

4. Cuarto exercicio: probas psicotécnicas.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, e comprobarán que presentan un perfil psicolóxico axeitado.

Terán que ser efectuadas e valoradas por persoal especialista e cualificaranse como apto/a ou non apto/a. Para superalas será necesario obter o resultado de apto/a no conxunto das probas realizadas.

a) Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou algúns dos seguintes factores: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

b) Probas de personalidade.

As probas orientaranse á avaliación dos trazos de personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social das persoas aspirantes. Así mesmo, deberase descartar a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou de personalidade. Entre outros, exploraranse os seguintes aspectos: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control adecuado da impulsividade, axuste

persoal e social, capacidade de adaptación ás normas, capacidade de afrontar o estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas dúas probas anteriores serán contrastados mediante unha proba individual que consistirá na contestación a un cuestionario formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico das persoas aspirantes.

Á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse ademais os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos, e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

#### 5. Quinto exercicio: recoñecemento médico.

O recoñecemento médico será efectuado por persoal facultativo e o seu fin é garantir que as persoas aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.

Para os efectos da exclusión da persoa aspirante, terase en conta o seguinte:

##### a) Obesidade-delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9, considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

b) Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, ao xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes; en todo caso, coa publicación da data e do lugar desta proba o tribunal publicará o cadro de exclusións médicas que se vai aplicar.

As exclusións garantíranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

## ANEXO IV Temario

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.
3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguridade. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguridade. Dereito de petición.
4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.
5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.
6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.
7. Organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.

8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.
9. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.
11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.
12. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.
13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e o funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.
14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
16. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.
17. Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Funcións da policía local.
18. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
19. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
20. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
21. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.



22. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.
23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.
24. Delitos contra a Administración pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.
25. Homicidio e as súas formas. Delitos leves contra as persoas. Delitos e delitos leves contra o patrimonio e a orde socioeconómica.
26. Delitos contra a seguridade viaria. Delitos leves cometidos con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
27. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.
28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.
29. Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.
31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.
32. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.
33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.
34. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipamentos de traballo e atención á cidadanía.

37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

39. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.

**DOG Núm. 86      5 de maio de 2023**

#### **IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

ORDE do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía (código de procedemento PR461D).

De conformidade co establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 22 de novembro), a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude da delegación conferida para o efecto polos concellos interesados,

#### **DISPÓN:**

Aprobar as bases xerais reguladoras e convocar o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, subgrupo C1, código de procedemento PR461D.

1. Obxecto da convocatoria.

1.1. O obxecto do proceso é cubrir vinte e dúas (22) prazas dos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, subgrupo C1.

1.2. O número, denominación e características das prazas que se convocan a este proceso especifícanse no anexo II desta orde.

1.3. Este proceso rexerase polo establecido nestas bases e, para o non previsto, observarase o disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais; no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que a desenvolve; na Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integracións dos vixilantes e auxiliares de policía local ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de

tempada, e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

1.4. O código do procedemento regulado nesta orde é PR461D.

2. Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas interesadas en participar no proceso deberán posuír na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión como persoal funcionario os seguintes requisitos:

a) Encontrarse na situación administrativa de servizo activo na categoría de policía.

b) Ter unha antigüidade mínima de tres anos na categoría de policía.

c) Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.

d) Non encontrarse en situación administrativa de segunda actividade, salvo os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.

e) Estar en posesión do título de bacharel ou técnico. Así mesmo, observárase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais.

3. Solicitudes.

3.1. Forma e prazo de presentación no proceso (PR461D).

As solicitudes presentarase obrigatoriedade por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, que figura como anexo I a esta convocatoria.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial del Estado. O anuncio desta convocatoria será publicado tamén nos boletíns provinciais das catro provincias galegas.

Non se terá en conta a documentación que non quede debidamente acreditada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de participación no proceso vincularán as persoas solicitantes unha vez finalizado o prazo de presentación destas.

Poderase renunciar a participar neste proceso en calquera momento ata os dez días hábiles seguintes ao da publicación da relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG).

No suposto de estaren interesados en varias prazas ofertadas no anexo II desta orde, deberanas solicitar por orde de preferencia.

### 3.2. Taxas.

3.2.1. Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar neste proceso deberase aboar, dentro do prazo de presentación de solicitudes, en concepto de dereitos de inscrición, o importe de 33,13 euros e, de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes.

Para o pagamento da taxa deberase actuar da seguinte maneira:

– Pagamento electrónico: deberá introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

– Pagamento electrónico-con certificado dixital: poderá realizar o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado desde a opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

– Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na solicitude, imprimir o documento de pagamento (modelo 739) e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras

autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante. Unha vez feito o pagamento presencial na entidade financeira, deberase achegar coa solicitude de participación no proceso o xustificante selado pola entidade bancaria.

Os códigos para cubrir as taxas son os seguintes:

Consellería: Presidencia, Xustiza e Deportes. Código 04.

Delegación: Servizos Centrais. Código 13.

Servizo: Academia Galega de Seguridade Pública. Código 19.

Taxa. Denominación: Inscripción nos procesos selectivos para a selección de persoal dos corpos de policía local de Galicia. Código 30.03.04.

A falta de pagamento da taxa correspondente, de ser o caso, determinará a exclusión no proceso da persoa aspirante e non será posible a súa emenda fóra do prazo de solicitudes.

A presentación do xustificante do aboamento das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

3.2.2. Exención e bonificación no aboamento da taxa.

3.2.2.1. Estarán exentas do pagamento desta taxa por dereito de inscrición:

- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

3.2.2.2. Aplicarase unha bonificación do 50 % do importe da taxa:

- A persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- Ás vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola cal se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que conviva con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando coa solicitude a documentación que figura nas alíneas b), c) ou d) do punto 3.3.1 desta orde.

3.3. Documentación complementaria.

3.3.1. As persoas interesadas no proceso, código do procedemento PR461D, deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

- a) Xustificante do pagamento da taxa (código 30.03.04).
- b) Certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- c) Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- d) Resolución administrativa pola cal se recoñeza a condición de vítima de terrorismo, de ser o caso.
- e) Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos puntos de que consta o concurso, segundo o especificado no anexo III.
- f) Copias da documentación acreditativa dos méritos alegados. A documentación acreditativa dos méritos deberase presentar na orde en que figura cada un dos méritos na relación de méritos.
- g) Certificado acreditativo de ter, en propiedade, a categoría de policía nos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia, de estar en servizo activo na dita categoría, de contar cunha antigüidade mínima de tres anos nesa categoría, de levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino e de non encontrarse en situación administrativa de segunda actividade, salvo os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.

A documentación complementaria deberase presentar electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3.3.2. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

3.3.3. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### 3.4. Comprobación de datos.

Para a tramitación do proceso, código do procedemento PR461D, consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Títulos oficiais non universitarios.
- d) Títulos oficiais universitarios.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) Título de familia numerosa expedido pola Xunta de Galicia.
- b) Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### 3.5. Notificacións.



3.5.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.5.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3.5.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

3.5.4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

3.5.5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.6. Publicación dos actos.

3.6.1. Publicaranse no DOG, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.
- Relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas.

3.6.2. Na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante, Agasp) (<https://agasp.xunta.gal/es>) publicaranse, ademais, as resolucións do proceso, a relación de persoas aprobadas e demais comunicacións deste proceso.

3.7. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. Admisión de aspirantes.

4.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral da Agasp publicará no DOG e na páxina web da Agasp a resolución pola que se declaren con carácter provisional as persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión. No caso de non existiren persoas excluídas, ou que as persoas excluídas o estean por motivos non emendables, a listaxe será considerada definitiva.

4.2. As persoas excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no DOG, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

4.3. Non se poderán emendar a presentación de solicitude fóra do prazo habilitado para este efecto nin o impagamento da taxa establecida. As estimacións ou desestimacións das solicitudes de emenda entenderanse implícitas na resolución da Dirección Xeral da Agasp pola cal se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no DOG e na páxina web da Agasp.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso. Cando, da documentación que deben presentar tras superar o proceso, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación.

5. Desenvolvemento do proceso.

5.1. O proceso efectuarase polo sistema de concurso, de conformidade co baremo de méritos que se recolle no anexo III desta convocatoria e no anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009, que non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes. Soamente se terán en conta os documentos acreditativos que aquelas presentasen ata o peche do prazo de presentación de solicitudes, sen que se poidan presentar méritos en período de alegacións. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus aspectos no momento da finalización do prazo de presentación de instancias.

O tribunal procederá á baremación dos méritos e publicaráa na páxina web da Agasp, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións, ante o propio tribunal, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da baremación.

En relación coa aplicación dos baremos, débense ter en conta as seguintes normas:

– Titulacións académicas: non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, salvo que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

– Para os efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, e deberase achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición en que se estableza esta e, de ser o caso, o BOE en que se publicou. Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

– Formación e docencia: non se terán en conta para os efectos de valoración:

- Os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade.
- Os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco (5) anos desde a finalización do primeiro curso.

- Os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 do anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, nin a superación de materias destes.

– En relación coa docencia, tanto como docente da Agasp como fóra do dito ámbito, só serán avaliadas aquelas participacións en accións formativas que sexan de manifesto interese policial, dirixidas, en particular, aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua. O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, salvo que transcorrese un período superior a cinco (5) anos desde a súa realización.

Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de seren estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase á publicación definitiva na páxina web da Agasp.

A orde de prelación das persoas aspirantes que serán propostas para a adxudicación das prazas convocadas efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso. O número de persoas propostas non poderá ser superior ao de prazas convocadas no proceso.

A baremación definitiva das persoas aspirantes será publicada na páxina web da Agasp.

## 5.2. Desempate no proceso.

De conformidade co establecido no artigo 34 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de se producir empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes, aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata se producir o desempate:

a) Preferencia á muller, mentres se manteña a infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos expresados polo artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

- b) Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior, e así de xeito sucesivo.
  - c) Primarase a puntuación máis alta referida aos méritos na epígrafe de formación profesional.
  - d) Primarase a posesión de titulación académica de máis nivel.
- No caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores, realizarase un sorteo entre as persoas aspirantes.

## 6. Tribunal.

6.1. O nomeamento do tribunal correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de seguridade, e estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes (presidente/a, tres vogais e secretario/a) pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional en que se requira para o seu ingreso a titulación de bacharelato, técnico ou superior, e a súa composición será paritaria segundo o establecido no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias da Agasp, correspóndenlle ao tribunal as funcións relativas á cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento do proceso e resolución de incidencias.

6.2. Os membros do tribunal deberanse abster de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas mediante Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 11 de abril de 2007, e no Acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.

A persoa titular da Presidencia deberalles solicitar aos membros do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de non se encontraren incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.3. A persoa titular do órgano que nomee o tribunal publicará no DOG a resolución correspondente pola que se nomeen os novos membros do tribunal que substituirán os que perderon a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

6.4. A sesión de constitución deberase realizar nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no DOG. Na dita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría.

Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito.

Das sesións realizadas polo tribunal redactarse a acta correspondente, que será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

6.5. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases; na Lei 40/2015, do 1 de outubro; nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e no resto do ordenamento xurídico.

6.6. O tribunal poderá propor a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, que se deberá limitar a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz, pero non voto.

6.7. En ningún caso poderá o tribunal propor a adxudicación de prazas a un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas. Calquera proposta de adxudicación de prazas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

6.8. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada, ante a persoa titular da Dirección Xeral da Agasp, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

7. Proposta de adxudicación de prazas no concello correspondente.

7.1. Ás persoas con puntuacións máis altas, en número igual ao de prazas convocadas neste proceso, adxudicaráselles as prazas ofertadas.

O tribunal remitirá á Agasp a proposta de adxudicación de praza nos correspondentes concellos segundo o resultado do concurso de méritos xunto con igual número de reservas, de xeito que cada persoa aspirante só pode estar proposta para a adxudicación dunha das prazas convocadas no proceso, de conformidade coa súa puntuación e coa orde de preferencia indicada na solicitude de participación no proceso.

7.2. A Agasp notificaralles esta proposta aos concellos interesados no prazo de cinco (5) días desde a súa publicación para que eleven a definitiva tal proposta e se proceda á adxudicación das prazas.

De conformidade co artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e co artigo 41 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, os destinos adxudicados son irrenunciabes, excepto que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se obteña outro destino mediante convocatoria pública. Nese caso, a persoa adxudicataria poderá optar e comunicar a opción elixida.

Unha vez comunicada esta circunstancia á Agasp da praza a que renuncia, poderá tomar posesión da outra praza obtida en paralelo noutra convocatoria pública.

O tribunal realizará neste suposto unha segunda e, de ser o caso, sucesivas propostas, en favor da persoa candidata que obtivese a seguinte mellor cualificación no concurso. Esta previsión sería aplicable tamén no caso de que a persoa candidata proposta non reúna os requisitos de participación, unha vez que sexan comprobados.

8. Procedementos penais ou administrativos pendentes.

Cando as persoas que participan no proceso teñan aberto, ou se lles abra con posterioridade, un procedemento penal ou administrativo que poida rematar cunha condena por delito doloso, coa separación do servizo das administracións públicas ou a inhabilitación para o exercicio das funcións públicas, a admisión ao proceso, a permanencia nel, así como o seu acceso no corpo de policía local quedará condicionado ao feito de que nos citados procedementos non se produza a condena ou separación referida.

O persoal participante, no suposto de encontrarse nas situacións descritas no parágrafo anterior, debe comunicar tal situación, e a Dirección Xeral da



Agasp poderá solicitar en calquera momento do proceso unha declaración xurada de non encontrarse nas ditas situacións.

A falsidade ou omisión de datos nesta declaración xurada dará lugar ás responsabilidades que se establezan no Regulamento de réxime interior da Agasp en relación co incumprimento das ordes ou disposicións ditadas pola Dirección Xeral da Agasp.

9. Información ás persoas interesadas.

Sobre esta convocatoria poderase obter información adicional na Agasp a través dos seguintes medios:

- a) <https://sede.xunta.gal/portada>
- b) Páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>)
- c) No enderezo electrónico [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal)
- d) Nos teléfonos da Agasp 886 20 61 09, 886 20 61 16, 886 20 61 35 e 886 20 61 27.
- e) No Servizo de Coordinación, Planificación e Selección (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra).

Disposición adicional única

En virtude do establecido no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes acorda delegar a facultade de nomear o tribunal que deberá cualificar este proceso, de ser o caso, de substituír os membros que perderon a súa condición por algunha das causas previstas na base 6.2 desta convocatoria na persoa titular da Dirección Xeral da Agasp.

Igualmente, acórdase delegar na persoa titular da Dirección Xeral da Agasp a resolución dos recursos de alzada que se interpoñan contra os acordos do tribunal nomeado para cualificar este proceso.

Disposición derradeira única

1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan a Administración, o tribunal encargado de xulgar o proceso e as persoas que participen nel.
2. Así mesmo, cantos actos administrativos produza o tribunal, a autoridade convocante ou o órgano encargado da xestión poderán ser impugnados polas persoas interesadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.



3. Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

Diego Calvo Pouso  
Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia,  
Xustiza e Deportes

**ANEXO II**
**Relación de prazas convocadas**

Concello	Nº de prazas	Denominación	Escalera	Categoría	Grupo
A Coruña	10	Policía local	Básica	Policía	C1
Bergondo	1	Policía local	Básica	Policía	C1
Betanzos	1	Policía local	Básica	Policía	C1
Lugo	2	Policía local	Básica	Policía	C1
Carballo	2	Policía local	Básica	Policía	C1
Ponteareas	1	Policía local	Básica	Policía	C1
Vigo	4	Policía local	Básica	Policía	C1
Xinzo de Limia	1	Policía local	Básica	Policía	C1

ANEXO III  
Táboa de méritos

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)	
1. Titulacións académicas oficiais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente.</li> <li>- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente.</li> <li>- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en Criminoloxía, Ciencias Policiais ou equivalente.</li> <li>- Bacharelato técnico ou equivalente.</li> </ul>	3,00 2,00 1,50 0,50	
2. Antigüidade como funcionario de carreira	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, nos corpos de policía local</li> <li>- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de seguridade</li> <li>- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de calquera Administración pública</li> </ul>	0,20 0,10 0,05	
3. Formación profesional e docencia	<p>Como alumno da Agasp ou en actividades conveniadas</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cada hora en actividades de tipo presencial</li> <li>- Cada hora en actividades de formación en liña</li> </ul> <p>Como alumno noutras actividades alleas á Agasp</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cursos ou actividades ata 20 horas</li> <li>- Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas</li> <li>- Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas</li> <li>- Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas</li> <li>- Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas</li> <li>- Cursos ou actividades de máis de 200 horas</li> </ul>	AS 0,015 0,010 0,20 0,35 0,45 0,50 0,75 1,00	AP 0,025 0,020 0,30 0,50 0,65 0,75 1,00 1,30
	<p>Como profesor da Agasp ou en actividades conveniadas</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cada hora en actividades de tipo presencial</li> </ul>	0,020 0,015 0,015	

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cada hora en actividades de formación en liña</li> <li>Como profesor noutras actividades alleas á Agasp</li> <li>- Cada hora en actividades de tipo presencial</li> <li>- Cada hora en actividades de formación en liña</li> </ul>	0,010
4. Distincións e recompensas oficiais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Placa individual ao mérito da policía local</li> <li>- Placa colectiva ao mérito da policía local</li> <li>- Medalla ao mérito da policía local</li> <li>- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos</li> <li>- Distincións do órgano colexiado competente do concello</li> </ul>	2,00 1,50 1,00 0,75 0,25
5. Idiomas	Coñecemento de idiomas, distintos do español e do galego, acreditados por certificado de escola oficial de idiomas (EOI) A) Ciclos. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Certificado de superación do ciclo elemental</li> <li>- Certificado de superación do ciclo superior</li> </ul> B) Niveis. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Certificado superación nivel básico</li> <li>- Certificado superación nivel intermedio</li> <li>- Certificado superación nivel avanzado</li> </ul> Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten	1,00 2,00 0,65 1,30 2,00
6. Lingua galega	Coñecemento da lingua galega, segundo acreditación <ul style="list-style-type: none"> <li>- Celga 1</li> <li>- Celga 2</li> <li>- Celga 3</li> <li>- Celga 4</li> <li>- Curso de iniciación</li> <li>- Curso de perfeccionamento</li> <li>- Curso de linguaxe administrativa nivel medio</li> <li>- Curso de linguaxe administrativa nivel superior</li> </ul> Só se terá en conta o título de máis nivel dos	0,25 0,50 0,75 1,00 0,75 1,00 1,50 2,00

Epígrafes	Descripción dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)
	que se acrediten	

**DOG Núm. 112      14 de xuño de 2023**

#### **IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

ORDE do 6 de xuño de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca proceso selectivo unitario para o acceso por oposición libre nunha praza de vixilante municipal no concello de Rábade (código de procedemento PR461E).

De conformidade co establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 22 de novembro), esta vicepresidencia, en virtude da delegación conferida para o efecto polo concello interesado,

#### **DISPÓN:**

Aprobar as bases xerais reguladoras e convocar o proceso selectivo unitario para o acceso por oposición libre dunha praza de vixilante municipal no concello de Rábade, subgrupo C2.

##### **1. Obxecto da convocatoria.**

O obxecto do proceso selectivo é cubrir 1 praza de vixilante municipal, escala Administración especial, subescala servizos especiais, subgrupo C2 no concello de Rábade.

Este proceso rexeráse polo establecido nestas bases e para o non previsto haberá que atermarse ao disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que a desenvolve, na Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía local ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de temporada, e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na

selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

O código do procedemento regulado nesta orde é PR461E.

## 2. Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas interesadas en participar no proceso deberán posuír na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión como persoal funcionario os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ter feitos os dezaioito anos e non exceder, se é o caso, da idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título oficial de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente. Así mesmo, haberá que atermose ao establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario de que a persoa fose separada ou inhabilitada.
- f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.
- g) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B.

## 3. Solicitudes.

### 3.1. Forma e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e que é o anexo I desta orde.

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial del Estado. O anuncio desta convocatoria será publicado tamén nos boletíns provinciais das catro provincias galegas.

### 3.2. Idioma da primeira proba.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no punto de «Idioma do exame» se o texto do primeiro exercicio deberá de entregarse en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar a opción.

3.3. A participación neste proceso de selección é voluntaria, e implica que se presta consentimento para realizar as probas e os exercicios psicotécnicos, aceptando que o resultado desas probas sexa empregado como factor de valoración, de conformidade co previsto nestas bases.

### 3.4. Taxas.

3.4.1. Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar neste proceso, deberase aboar dentro do prazo de presentación de solicitudes en concepto de dereitos de inscrición o importe de 26,99 euros e, se é o caso, os gastos de transferencia correspondentes.

Para o pagamento da taxa deberase actuar da seguinte maneira:

– Pagamento electrónico: deberá introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

– Pagamento electrónico-con certificado dixital: poderán realizar o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado desde a opción de pagamento electrónico e nese momento obterán o xustificante 730 correspondente.



– Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na solicitude, imprimir o documento de pagamento (modelo 739) e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante. Unha vez feito o pagamento presencial na entidade financeira deberá achegarse coa solicitude de participación no proceso o xustificante selado pola entidade bancaria.

Os códigos para cubrir as taxas son os seguintes:

Consellería: Presidencia, Xustiza e Deportes	Código 04
Delegación: Servizos Centrales	Código 13
Servizo: Academia Galega de Seguridade Pública	Código 19
Taxa: Denominación: Inscripción nos procesos selectivos para a selección de vixilantes municipais	Código 30.03.04

A falta de pagamento da taxa correspondente, se é o caso, determinará a exclusión no proceso da persoa aspirante, e non será posible a súa emenda fóra do prazo de solicitudes.

A presentación do xustificante do aboamento das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

3.4.2. Exención e bonificación no aboamento da taxa.

3.4.2.1. Estarán exentos do pagamento desta taxa por dereito de inscrición:

- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

3.4.2.2. Aplicarase unha bonificación do 50 % do importe da taxa:

- Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

– As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando coa solicitude a documentación que figura nas letras b), c) ou d) do punto 3.5.1 desta orde.

### 3.5. Documentación complementaria.

3.5.1. As persoas interesadas no proceso deberán achegar coa solicitude correspondente ao procedemento PR461E (anexo I) a seguinte documentación:

- a) Xustificante do pagamento da taxa (código 30.03.04).
- b) Certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- c) Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido polo órgano competente na materia, sempre que non sexa expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- d) Resolución administrativa pola que se recoñeza a condición de vítima de terrorismo, de ser o caso.
- e) Certificado de Celga 3 ou equivalente, sempre que non sexa expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, de ser o caso.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.5.2. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o

cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3.5.3. A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

3.5.4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

3.5.5. No caso de que algún dos documentos que se vaian presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### 3.6. Comprobación de datos.

Para a tramitación do proceso consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Título oficial non universitario exixido (graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente).
- d) Certificado de inexistencia de antecedentes penais.
- e) Consulta dos permisos de conducir da persoa solicitante.
- f) Certificado de Celga 3 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) Título de familia numerosa expedido pola Xunta de Galicia.
- b) Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia.
- c) Situación de desemprego.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### 3.7. Notificacións.

3.7.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicarase preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

3.7.2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3.7.3. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.7.4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicarase mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3.7.5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

3.7.6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### 3.8. Publicación dos actos.

3.8.1. Publicaranse no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.
- Relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas e data e lugar de realización da primeira proba.

3.8.2. Na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante, Agasp) (<https://agasp.xunta.gal/es>) publicaranse, ademais, as resolucións coas datas e lugares de realización das restantes probas selectivas, os resultados destas, relación de persoas aprobadas e demais comunicacións deste proceso.

### 3.9. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## 4. Admisión de aspirantes.

4.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral da Agasp publicará no DOG e na páxina web da Agasp a resolución pola que se declaren con carácter provisional as persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como as persoas aspirantes exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega. No caso de non existir persoas excluídas, ou que as persoas excluídas o estean por motivos non emendables, a listaxe será considerada como definitiva.

4.2. As persoas excluídas e as persoas declaradas non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no DOG, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

4.3. Non se poderá emendar a presentación de solicitude fora do prazo habilitado a este efecto, nin o non pagamento da taxa establecida. As estimacións ou desestimacións das solicitudes de emenda entenderanse implícitas na resolución da Dirección Xeral da Agasp pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, así como a listaxe definitiva de persoas exentas e non exentas da proba de coñecementos da lingua galega, que se publicará no DOG e na páxina web da Agasp.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso. Cando da documentación que deben presentar, tras superar o proceso, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

4.4. Na resolución pola que se declaren con carácter definitivo as persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como as persoas aspirantes exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega indícarase o lugar, a data e a hora da realización do primeiro exercicio.

5. Desenvolvemento do proceso.

5.1. O sistema de selección será o de oposición libre e constará de cinco exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte as persoas aspirantes que non tivesen alcanzado a cualificación mínima establecida para cada un deles.

5.2. A oposición consistirá na realización dos exercicios que se enumeran no anexo II desta orde, coa forma e sistema de cualificación nel descritos.

6. Desenvolvemento dos exercicios do proceso.

6.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será a orde alfabética e comezará por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra V, consonte o establecido na Resolución do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 18, do 26 de xaneiro).

O tribunal, unha vez finalizado o primeiro exercicio, establecerá por orde decrecente de puntuación o número de aspirantes que deberán desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario.

6.2. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

6.3. As persoas aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e nas datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter abeiro nun precepto legal, así como o suposto que se describe a seguir.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes nas que concorra a devandita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese realizar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ao resto das probas.

En calquera caso, darase por superado o proceso a aquelas persoas aspirantes que obtivesen una puntuación final que non puidese ser alcanzada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

As mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro dos dous días seguintes ao anuncio da data do exame e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Ante a solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso.

6.4. Durante o tempo fixado para a realización das probas selectivas, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria, e queda prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos, constituíndo causa de inadmisión ao chamamento a simple tenza destes.

6.5. O anuncio de realización dos exercicios publicarase na páxina web de Agasp, con dous días de antelación, polo menos, á data sinalada para o seu inicio.

6.6. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poden presentar, anulase algunha ou algunhas preguntas incluídas na proba de coñecementos, anunciarao na páxina web da Agasp.

Neste suposto, e no caso que se tivesen realizado, serán tidas en conta as cuestións de reserva, que terán unha puntuación igual ás do resto de exercicio.

6.7. As cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicarase na sede da Agasp e na súa páxina web.

Concederase un prazo de cinco días para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

6.8. En calquera momento do proceso, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria, logo de audiencia da persoa interesada, comunicarallo á Agasp para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, suporá a súa exclusión do proceso.

6.9. A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso virá determinada pola puntuación do primeiro exercicio.

Tendo en conta que nos corpos de Policía Local de Galicia existe infrarrepresentación feminina, no suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

a) Criterio de desempate recollido no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións



legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal o empate se resolverá a favor da muller.

b) Menor tempo acadado na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos.

c) Menor tempo acadado na proba de velocidade, carreira de 50 metros lisos.

d) En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

#### 7. Tribunal cualificador.

7.1. O nomeamento do tribunal cualificador correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de seguridade, e estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes (presidente/a, tres vogais e secretario/a) pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional en que se requira para o seu ingreso a titulación de graduado en educación secundaria obligatoria ou superior, e a súa composición será paritaria segundo o establecido no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias da Agasp, correspóndenlle ao tribunal as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, a cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas na orde do correcto desenvolvemento das probas selectivas e resolución de incidencias.

7.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas mediante Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007, e no acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.

A persoa titular da presidencia deberalles solicitar aos membros do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

7.3. A persoa titular do órgano que nomee o tribunal publicará no DOG a resolución correspondente pola que se nomeen os novos membros do tribunal que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

7.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no DOG. Na devandita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría.

Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito.

Das sesións realizadas polo tribunal redactarase a acta correspondente, que será asinada polo/a secretario/a co visto e praxe do/da presidente/a.

7.5. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases; na Lei 40/2015, do 1 de outubro; nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico.

7.6. O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen se deberá limitar a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz, pero non voto.

7.7. En ningún caso poderá o tribunal aprobar nin declarar que superou o proceso un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

7.8. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Agasp, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

8. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva, elección de prazas, presentación de documentación e nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

#### 8.1. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva.

Unha vez rematado o proceso selectivo, o tribunal propondrá como persoa aprobada a que acade a mellor puntuación de conformidade co establecido no punto 6.9 desta convocatoria.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará unha lista de reserva na que constará unha persoa que será a persoa aspirante coa puntuación inmediatamente inferior á obtida pola persoa aprobada de conformidade co establecido no apartado 6.9 desta convocatoria.

Ambas as dúas listas serán publicadas na páxina web da Agasp.

#### 8.2. Elección de praza.

A Dirección Xeral da Agasp, a través da súa páxina web, convocará a persoa aprobada a unha reunión presencial para adxudicarlle praza.

A concorrencia por parte da persoa aprobada á reunión prevista neste artigo soamente poderá aprazarse nos supostos e nos termos previstos nos artigos 16 e 17 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, para as probas das oposicións.

No caso de que á persoa aprobada non se lle tivese aprazado a reunión citada nesta base e non compareza persoalmente, ou por medio de representante, seralle adxudicada a praza convocada.

Asignada a praza de acordo co previsto nesta base, a Dirección Xeral da Agasp publicará na súa páxina web o nome da persoa á cal lle foi adxudicada e comunicarlle os datos desta ao Concello de Rábade, xunto coa data prevista para o comezo do preceptivo curso selectivo de formación e a documentación precisa que acredita o cumprimento dos requisitos exixidos para o seu nomeamento como funcionario/a en prácticas.

A partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación da praza, a persoa á que se lle adxudicase disporá dun prazo de cinco días hábiles para a presentación ante o concello para os efectos que correspondan.

As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos non poderán ser nomeadas persoal funcionario

en prácticas e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

### 8.3. Nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, a persoa aspirante será nomeada persoal funcionario en prácticas mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

A persoa así nomeada permanecerá na dita situación desde o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Agasp na que se indicará a data de inicio.

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, o concello comunicará esta circunstancia á Dirección Xeral da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

### 8.4. Curso selectivo de formación.

A persoa aspirante aprobada deberá superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario vixilante municipal, de conformidade co disposto no artigo 92 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e o artigo 45 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro.

A superación do curso selectivo é obrigatoria para acceder á praza de vixilante municipal. Aquelas persoas que xa o superaron con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública estarán dispensadas de realizar o devandito curso.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo seguinte, o curso selectivo de ingreso será de tipo presencial e desenvolverase na Academia Galega de Seguridade Pública.

As súas características mínimas, en canto duración, estrutura e contidos modulares, serán as seguintes:

- a) Duración mínima: 200 horas.
- b) Estrutura: curso teórico-práctico.
- c) Contidos modulares mínimos: módulos xurídico, técnico e operativo.
- d) Un módulo específico en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero.

Con carácter extraordinario, por causas que imposibilitasen á Academia Galega de Seguridade Pública a realización do curso teórico-práctico de forma presencial, poderase realizar ata o 40 % de forma telepresencial nas materias de contido teórico.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso.

Aos funcionarios e funcionarias en prácticas seralles de aplicación o regulamento de réxime interior da Agasp durante o seu curso de formación, e con carácter supletorio cando os feitos non constitúan falta en dito regulamento seralles de aplicación as normas do réxime disciplinario da Policía Local de Galicia recollidas na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais e normativa de desenvolvemento.

A cualificación do curso de formación quedará en suspenso ante a concorrencia sobrevida de calquera causa de exclusión ata que non se resolva o expediente que se incoe.

#### 9. Procedementos penais ou administrativos pendentes.

Cando as persoas que participan no proceso selectivo teñan aberto, ou se lles abra con posterioridade un procedemento penal ou administrativo que puidese rematar cunha condena por delito doloso, coa separación do servizo das administracións públicas ou a inhabilitación para o exercicio das funcións públicas, a admisión ao procedemento selectivo, a permanencia neste, así como o seu ingreso no corpo da Policía Local quedará condicionado ao feito que nos citados procedementos non se produza a condena ou separación referida.

O persoal participante no suposto de atoparse nas situacións descritas no parágrafo anterior debe comunicar tal situación, e a dirección xeral da Agasp poderá solicitar en calquera momento do proceso selectivo unha declaración xurada de non atoparse nas ditas situacións.

A falsidade ou omisión de datos nesta declaración xurada dará lugar as responsabilidades que se establezan no regulamento de réxime interior da Agasp en relación ao incumprimento das ordes ou disposicións ditadas pola dirección xeral da Academia.

#### 10. Información ás persoas interesadas.

Sobre esta convocatoria, poderase obter información adicional na Agasp a través dos seguintes medios:

- a) <https://sede.xunta.gal/portada>
- b) Páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>)
- c) No enderezo electrónico [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal)
- d) Nos teléfonos da Agasp 886 20 61 09, 886 20 61 16, 886 20 61 35 e 886 20 61 27.
- e) No Servizo de Coordinación, Planificación e Selección (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra).

#### Disposición adicional única

En virtude do establecido no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo acorda delegar a facultade de nomear o Tribunal que deberá cualificar este proceso, e se é o caso, a substitución dos membros que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base 7.2 desta convocatoria na persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública.

Igualmente acórdase delegar na persoa titular da Dirección Xeral da Agasp a resolución dos recursos de alzada que se interpoñan contra os acordos do tribunal nomeado para cualificar este proceso.

#### Disposición derradeira única

1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, o tribunal encargado de xulgar o proceso selectivo e as persoas que nel participen.

2. Así mesmo, cantos actos administrativos sexan producidos polo tribunal, pola autoridade convocante ou o órgano encargado da xestión, poderán ser impugnados polos/as interesados/as de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2023

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

## ANEXO II

### Exercicios

1. Primeiro exercicio: proba de avaliación dos coñecementos.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberan amosar o dominio dos contidos do temario que figura como anexo III desta orde.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que no momento de publicación no DOG desta convocatoria contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior, esta mesma data terase en conta igualmente para todos aqueles datos do temario que se poidan valorar.

As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que esta proba sexa corrixida sen que se coñeza a identidade dos/das aspirantes. Cando finalice entregárase a cada aspirante a folla autocopiativa do seu exame. A plantilla coas respostas correctas publicarase no mesmo lugar no que se realizou e no portal web da Agasp.

O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e a valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes ás que corresponden os resultados obtidos.

A proba será cualificada polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N=(A-F/3)/5$$

Sendo N=nota final da proba; A=cuestións acertadas; F=cuestións erradas ou non contestadas.



Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba, os criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

2. Segundo exercicio: proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.

Realizarase a continuación da proba de coñecementos, e consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego e doutro texto do galego para o castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de realizarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima dunha (1) hora.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.

As persoas aspirantes que estivesen en posesión do Celga 3 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo) estarán exentos da realización desta proba.

3. Terceiro exercicio: probas de aptitude física.

Este terceiro exercicio consistirá na realización de todas as probas físicas que se indican a seguir.

1. Probas físicas.

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas 1.1, 1.4 e 1.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas 1.2 e 1.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

As persoas aspirantes entregarán ao tribunal un informe médico en que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicta no informe médico.

Este informe médico deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación, que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación, dispónse dunha soa posibilidade de execución, no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba que se vaia executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor.

#### 1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto.

A persoa aspirante colocarse na pista no lugar sinalado e poderá realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) exixidas para a superación da proba son:

Homes: 7.40"

Mulleres: 8.20"

#### 1.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

##### 1.2.1. Flexións de brazos.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans nús, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas e efectuaranse de forma continuada.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo esixible é de 10 flexións.

##### 1.2.2. Suspensión en barra.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, presa coas palmas da man cara atrás, pernas

completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo exixido para a superación da proba é de 52 segundos.

### 1.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

A persoa aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura (realizase o salto desde a posición de parado). Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas exixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.

### 1.4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

A persoa aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos e segundos) exixidas para a superación da proba son:

Homes: 3'30"

Mulleres: 4'10"

### 1.5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

A persoa aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída.

Unha vez que se dea o sinal de saída, as persoas aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes: 0' 24"

Mulleres: 0' 28"

A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación da persoa aspirante.

As persoas aspirantes deberán presentarse á realización das probas coa roupa e co calzado que consideren adecuados e cun informe médico expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba deste exercicio. A non presentación de dito documento suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso selectivo.

Para a proba de natación as persoas aspirantes utilizarán traxes de baño (que achegarán elas mesmas) e do modelo que desexen. Queda prohibida a utilización de traxes de neopreno ou similares e axudas para a flotabilidade e/ou o incremento da velocidade de calquera tipo.

#### 4. Cuarto exercicio: probas psicotécnicas.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/das aspirantes e a súa adecuación as funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado.

Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista e cualificaranse como apto/a ou non apto/a. Para superalas será necesario obter o resultado de apto/a no conxunto das probas realizadas.

##### a) Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou algúns dos seguintes factores: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

##### b) Probas de personalidade.

As probas orientaranse á avaliación dos trazos de personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social das persoas aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou de personalidade. Entre outros, exploraranse os seguintes aspectos: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación ás normas, capacidade de afrontar o estrés e motivación polo traballo de vixilante.

Os resultados obtidos nas dúas probas anteriores serán contrastados mediante unha proba individual que consistirá na contestación a un cuestionario formulado verbalmente coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico das persoas aspirantes.

Á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse ademais os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

5. Quinto exercicio: recoñecemento médico.

O recoñecemento médico será efectuado por persoal facultativo e o seu fin é garantir que as persoas aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.

Para os efectos da exclusión da persoa aspirante, terase en conta o seguinte:

a) Obesidade-delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

b) Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes, en todo caso coa publicación da data e lugar desta proba o tribunal publicará o cadro de exclusións médicas que se vai aplicar.

As exclusións garantíranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

### ANEXO III Temario

O temario para a realización da proba de coñecementos é:

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito.
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Os dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución.
3. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.
4. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.
5. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.
6. Organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.
7. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía para Galicia.
8. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.
9. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

10. O réxime local español. Tipos de entidades locais. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
11. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
12. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.
13. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento.
14. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
15. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
16. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
17. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
18. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
19. Os vixilantes municipais. Funcións. Responsabilidade dos vixilantes municipais.
20. Deontoloxía profesional. Obrigas dos funcionarios. O servizo público.

**DOG Núm. 203    25 de outubro de 2023**

#### **IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

ORDE do 17 de outubro de 2023 pola que se modifica a Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial (códigos de procedemento PR461C e PR461H).

Mediante a Orde do 19 de abril de 2023 aprobáronse as bases xerais reguladoras e convocouse o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial (DOG núm. 86, do 5 de maio).

Esta orde inclúe no anexo IV unha táboa cos méritos que se terán en conta na fase de concurso do proceso de acceso por promoción interna e a súa correspondente valoración. Neste sentido, o artigo 80.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o artigo 29 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007 de coordinación de policía locais de Galicia, establecen a necesidade de incluír unha puntuación específica para as situacións de maternidade, paternidade e coidado de familiares. Na referida táboa de méritos do anexo IV da orde non se incluíu ningunha epígrafe que puntuase estas situacións.

Deste modo, resulta necesario modificar a táboa de méritos da fase de concurso de acceso por promoción interna e incluír unha epígrafe que valore o exercicio de dereitos de conciliación polas persoas aspirantes, xa que esta modificación só afecta o procedemento de promoción interna (PR461C).

O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 20 de xuño de 2023, polo que procede conceder un novo prazo que permita ás persoas aspirantes admitidas achegar a documentación xustificativa pertinente, de ser o caso.

En consecuencia co exposto, e de conformidade co establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e



auxiliares de policía local (Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 22 de novembro), esta vicepresidencia primeira, en virtude da competencia asumida para o efecto,

DISPÓN:

Artigo 1. Modificación da Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial (códigos de procedemento PR461C e PR461H)

A Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, modifícase nos seguintes termos: Completar o anexo IV de táboa de méritos da fase de concurso de acceso por promoción interna, engadindo a epígrafe 7 para valorar o exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores, que queda como se detalla a seguir:

**ANEXO IV**
**Táboa de méritos fase de concurso do proceso de acceso  
por promoción interna (PR461C)**

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)		Valoración máxima por epígrafe
1. Titulacións académicas oficiais	– Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente.	3,00		4,00 puntos
	– Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente.	2,00		
	– Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en Criminoloxía, Ciencias Policiais ou equivalente.	1,50		
	– Bacharelato técnico ou equivalente.	0,50		
2. Antigüidade como funcionario de carreira	– Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, nos corpos de policía local.	0,20		4,00 puntos
	– Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, noutro corpo de seguridade.	0,10		
	– Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, noutro corpo de calquera Administración pública.	0,05		
3. Formación profesional e docencia	Como alumno de Agasp ou en actividades conveniadas:	AS	AP	8,00 puntos
	– Cada hora en actividades de tipo presencial.	0,015	0,025	
	– Cada hora en actividades de formación en liña.	0,010	0,020	
	Como alumno noutras actividades alleas			

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)		Valoración máxima por epígrafe
	á Agasp:			
	– Cursos ou actividades ata 20 horas.	0,20	0,30	
	– Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas.	0,35	0,50	
	– Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas.	0,45	0,65	
	– Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas.	0,50	0,75	
	– Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas	0,75	1,00	
	– Cursos ou actividades de máis de 200 horas.	1,00	1,30	
	Como profesor da Agasp ou en actividades conveniadas:			
	– Cada hora en actividades de tipo presencial.	0,020		
	– Cada hora en actividades de formación en liña	0,015		
	Como profesor noutras actividades alleas á Agasp:			
	– Cada hora en actividades de tipo presencial.	0,015		
	– Cada hora en actividades de formación en liña.	0,010		
4. Distincións e recompensas oficiais	– Placa individual ao mérito da policía local.	2,00		2,00 puntos
	– Placa colectiva ao mérito da policía local.	1,50		
	– Medalla ao mérito da policía local.	1,00		
	– Medalla ou cruz ao mérito policial	0,75		

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)	Valoración máxima por epígrafe
	doutros corpos.		
	– Distincións do órgano colexiado competente do concello.	0,25	
5. Idiomas	Coñecemento de idiomas, distintos do español e do galego, acreditados por certificado de escola oficial de idiomas.		4,00 puntos
	A) Ciclos:		
	– Certificado de superación do ciclo elemental.	1,00	
	– Certificado de superación do ciclo superior.	2,00	
	B) Niveis:		
	– Certificado superación nivel básico.	0,65	
	– Certificado superación nivel intermedio.	1,30	
	– Certificado superación nivel avanzado.	2,00	
	Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.		
6. Lingua galega	Coñecemento da lingua galega, segundo acreditación:		2,00 puntos
	– Celga 1.	0,25	
	– Celga 2.	0,50	
	– Celga 3.	0,75	
	– Celga 4.	1,00	
	– Curso de iniciación.	0,75	
	– Curso de perfeccionamento.	1,00	
	– Curso de linguaxe administrativa nivel medio.	1,50	
	– Curso de linguaxe administrativa nivel	2,00	

Epígrafes	Descrición dos méritos que se van valorar	Valoración parcial (en puntos)	Valoración máxima por epígrafe
	superior.		
	Só se terán en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.		
7. Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores	– Permiso por parto, adopción ou acollemento (artigos 121 e 122 LEPG).	0,2 puntos/permiso	1,00 punto
	– Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo (artigo 124 LEPG).	0,2 puntos/permiso	
	– Redución de xornada do artigo 106.2.a) e b) da LEPG.	0,04 puntos/mes	
	– Excedencia para o coidado de familiares.	0,04 puntos/mes	
	Os meses serán computados por días naturais (30 días)		

#### Artigo 2. Prazo de presentación de documentación xustificativa

As persoas aspirantes incluídas na relación definitiva de persoas admitidas no proceso de acceso por promoción interna dispoñen dun prazo de 5 días hábiles, computados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Boletín Oficial del Estado, para presentaren a documentación xustificativa dos méritos correspondentes á epígrafe engadida mediante o artigo 1 desta orde. O anuncio desta modificación será publicado tamén nos boletíns provinciais das catro provincias galegas.

#### Disposición adicional

Para a valoración dos méritos alegados na quenda de concurso, terase en conta a data límite de presentación de instancias da Orde do 19 de abril de 2023 pola que se convocaba este proceso selectivo (20 de xuño de 2023).

#### Disposición derradeira primeira. Recursos

Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade, no prazo dun mes,

contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2023

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

## 5. Actividades de formación a través da Academia Galega de Seguridade Pública

### CURSOS

Denominación	Prazas	Horas	Solicitudes	Matriculados	Aptos
15 PROMOCIÓN DE POLICÍA LOCAL	78	2700	80	78	77
Actuación policial ante multitude de xente	20	12	67	19	18
Actualización en estranxeiría	20	20	26	20	17
Administración electrónica e certificado dixital	35	16	137	35	26
Autoprotección táctica	20	8	101	20	20
Básico de tacógrafo dixital	20	8	42	18	17
Cerrallería: técnicas avanzadas de apertura policial	35	15	92	36	31
Condución policial	12	12	213	12	12
Condución segura	15	14	15	15	15
Condución segura de motocicletas	15	14	17	15	15

Denominación	Prazas	Horas	Solicitudes	Matriculados	Aptos
Contaminación acústica e medición de ruidos	16	25	37	17	17
Control e resposta ante alteracións en instalacións municipais	21	21	21	21	21
Curso básico de auxiliares de policía local	71	24	79	70	45
Curso básico de auxiliares de policía local	70	24	85	69	43
Curso básico de auxiliares de policía local (1ª edición)	70	24	75	72	70
Curso medio de linguaxe administrativa galega Edición 1	25	75	50	25	23
Curso medio de linguaxe administrativa galega Edición 2	25	75	50	25	24
Curso medio de linguaxe administrativa galega Edición 3	25	75	50	25	24
Curso selectivo de acceso á categoría de oficial da Policía Local	25	250	26	25	25
Curso superior de linguaxe administrativa galega	25	75	53	25	23
Delincuencia económica e fiscal	100	6	111	93	83
Delito de condución sen permiso	50	8	192	49	40
Delitos relacionados coas novas tecnoloxías	35	12	135	35	21
Detección de drogas na condución	20	16	70	20	18



Denominación	Prazas	Horas	Solicitudes	Matriculados	Aptos
Dilixencias administrativas e penais, informes e actas	20	28	21	21	21
Diversidade sexual, diversidade de xénero e orientación sexual	35	20	68	35	31
Diversidade sexual, diversidade de xénero e orientación sexual	35	20	106	35	27
Entrada, progresión e rexistro de inmobles	16	16	66	15	15
Especialización en materia aduaneira de tráfico e matriculacións especiais	25	18	67	25	23
Especializado en aperturas subrepticias	40	21	115	40	40
Falsidade documental (nivel 1)	35	25	233	35	29
Ferramentas e métodos empregados nos roubos con forza en inmobles e vehículos	12	16	107	13	13
Formación en desfibrilación semiautomática externa (DESA)	16	8	35	16	16
Formación en desfibrilación semiautomática externa (DESA)	16	8	40	13	11
Google Earth para o traballo policial	50	8	203	50	39
Google Earth para o traballo policial	35	8	175	35	34

Denominación	Prazas	Horas	Solicitudes	Matriculados	Aptos
Hábitos saudables e nutrición no deporte	25	6	75	25	22
Informe técnico e atestado en vehículos con motor eléctrico	25	8	51	25	22
Informe técnico e atestado en vehículos con motor eléctrico	25	8	58	24	22
Inspección de locais	35	8	263	33	20
Inspección de locais	35	8	267	35	21
Inspección de transportes de mercadorías perigosas	20	8	31	21	20
Inspección de transportes públicos e privados complementarios de mercadorías	25	8	58	25	24
Intervención policial con cans	25	32	112	24	21
Intervención policial con menores e vítimas de violencia de xénero no ámbito familiar	19	14	20	20	20
Intervención policial en violencia de xénero (especialización)	35	100	229	36	34
Intervención policial xurídico operativa	50	15	84	49	46
Intervención policial, seguridade e autoprotección (Edición 1)	15	28	15	15	15
Intervención policial, seguridade e autoprotección (Edición 2)	15	28	15	15	14

Denominación	Prazas	Horas	Solicitudes	Matriculados	Aptos
Investigación e reconstrución de accidentes de tráfico. Nivel superior	17	35	17	17	17
Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual	50	21	92	50	37
Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá	18	4	18	18	18
Lingua de signos	20	20	42	20	10
Manexo da defensa extensible na práctica policial	11	15	11	11	11
Manexo da defensa extensible na práctica policial	11	14	11	11	11
Manexo do inmovilizador electrónico	12	12	66	12	12
Menores e internet	35	8	85	35	26
O/A axente titor/a	20	25	72	22	21
Ocupación de vivendas	35	20	155	35	32
Operador en sistema EUCARIS	35	20	199	35	31
Operadores de radar	20	20	67	20	20
Operativa policial	30	15	75	32	30
Operativa policial. Nivel 1	20	16	101	19	18

Denominación	Prazas	Horas	Solicitudes	Matriculados	Aptos
Patrón de embarcacións de lecer PEL	20	50	148	20	19
Procedementos de intervención policial por binomios e equipos	24	16	118	23	23
Protección de persoas e edificios públicos	12	16	57	17	15
Reacción armada e sanitaria como primeiro intervinte	30	16	161	29	27
Redes sociais e adolescencia	35	8	88	35	23
Rexistro en inmoables	16	18	77	16	14
Saude mental policial	80	6	91	84	75
Curso selectivo de acceso á escala executiva, categoría de inspector dos corpos da Policía local	25	250	25	25	25
Técnicas de instrución de atestados e dilixencias	5	28	5	5	0
Técnicas de mando e toma de decisións (2ª parte)	9	20	9	9	9
Técnicas policiais operativas	200	20	160	82	66
Tiro con pouca visibilidade ou nocturno	12	12	188	12	12
Tiro con resposta	12	12	181	12	12
Tiro policial	25	6	125	24	26
Tiro policial con baixa luminosidade	12	20	186	11	10

Denominación	Prazas	Horas	Solicitudes	Matriculados	Aptos
Traballo coas persoas con enfermidade mental	20	8	22	16	15
Traballo coas persoas con enfermidade mental	20	8	33	13	11
Trafico de drogas	100	6	182	127	109
Transporte escolar e transporte de mercadorías perecedoiras	25	8	66	25	24
Trato e intervención con persoas con discapacidade intelectual	20	8	19	15	11
Vehículos: documentación e identificación	25	21	123	34	33
Vitimoloxía	35	20	91	35	24
VMP. Categorización, intervención e denuncias	25	8	92	24	24
VMP. Categorización, intervención e denuncias	25	8	72	25	23

## XORNADAS

Denominación	Prazas	Horas	Solicitudes	Matriculados
A Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual	60	4,5	80	56
DFIR.GAL 1 CIBERCRIMINALIDADE DE GALICIA	200	8	182	164
I Xornada sobre diversidade afectivo-sexual	50	6	37	36
Narcotráfico, violencia e crime organizado. Situación actual en Europa, España e Galicia	200	6	181	157
Normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas	350	5	336	311
Xornada de presentación da nova Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia	400	5	227	223

## OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

Denominación	Prazas	Horas	Solicitudes	Matriculados
1ª práctica Plan anual de adestramento regulamentario para a seguridade no manexo das armas	400	85,5	401	401
2ª práctica Plan anual de adestramento regulamentario para a seguridade no manexo das armas	400	83	386	386
As bicicletas na vía pública. Normativa e intervención policial	100	30	215	101
IX Congreso sobre Prevención e represión do blanqueo de diñeiro: Mundo dixital e reformas de 2021	40	16	46	32
Plan anual de tiro Santiago de Compostela	70	120	70	55

## ANEXO

### CADROS DE PERSOAL

### DATOS DO REXISTRO DAS POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA



## Cadros de persoal dos corpos da policía local de Galicia

PROVINCIA: A CORUÑA								
ABEGONDO								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	1	1	0	1	0	0	0	0
Total Concello	1	1	0	1	0	0	0	0
AMES								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
OFICIAL	2	2	0	2	0	1	0	1
POLICÍA	22	21	4	17	1	0	0	0
Total Concello	25	24	4	20	1	1	0	1
ARES								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	2	3	0	3	-1	0	0	0
Total Concello	3	4	0	4	-1	0	0	0
ARTEIXO								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes

INSPECTOR PRINCIPAL	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR	2	2	0	2	0	0	0	0
OFICIAL	6	3	0	3	3	1	0	1
POLICÍA	28	28	1	27	0	0	0	0
Total Concello	37	33	1	32	4	1	0	1

### ARZÚA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	2	2	1	1	0	0	0	0
Total Concello	3	2	1	1	1	0	0	0

### BERGONDO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	4	2	1	1	2	0	0	0
Total Concello	5	3	1	2	2	0	0	0

### BETANZOS

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	2	2	0	2	0	0	0	0
OFICIAL	3	2	0	2	1	0	0	0
POLICÍA	14	13	0	13	1	0	0	0
Total Concello	19	17	0	17	2	0	0	0

### BOIRO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
OFICIAL	2	1	0	1	1	0	0	0
POLICÍA	18	12	3	9	6	0	0	0

Total Concello	21	14	3	11	7	0	0	0
<b>BRIÓN</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	2	2	0	2	0	0	0	0
Total Concello	3	3	0	3	0	0	0	0
<b>CABANA DE BERGANTIÑOS</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
POLICÍA	1	0	0	0	1	0	0	0
Total Concello	1	0	0	0	1	0	0	0
<b>CABANAS</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	2	1	1	0	1	0	0	0
Total Concello	3	1	1	0	2	0	0	0
<b>CAMARIÑAS</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
POLICÍA	3	3	1	2	0	0	0	0
Total Concello	3	3	1	2	0	0	0	0
<b>CAMBRE</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
OFICIAL	2	2	0	2	0	0	0	0
POLICÍA	21	20	2	18	1	2	0	2
Total Concello	24	23	2	21	1	2	0	2

## CARBALLO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	5	2	0	2	3	0	0	0
POLICÍA	25	23	3	20	2	4	0	4
Total Concello	32	25	3	22	7	4	0	4

## CARIÑO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	3	2	0	2	1	0	0	0
Total Concello	3	2	0	2	1	0	0	0

## CARNOTA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	4	3	0	3	1	0	0	0
Total Concello	4	3	0	3	1	0	0	0

## CARRAL

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	2	1	0	1	1	0	0	0
POLICÍA	6	4	1	3	2	0	0	0
Total Concello	8	5	1	4	3	0	0	0

## CEDEIRA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	4	3	0	3	1	0	0	0
Total Concello	6	4	0	4	2	0	0	0

CEE								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	7	7	1	6	0	0	0	0
Total Concello	8	8	1	7	0	0	0	0
CERCEDA								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	12	7	0	7	5	0	0	0
Total Concello	13	7	0	7	6	0	0	0
CORCUBIÓN								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	1	0	0	0	1	0	0	0
Total Concello	1	0	0	0	1	0	0	0
CORISTANCO								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	3	3	1	2	0	0	0	0
Total Concello	4	4	1	3	0	0	0	0
CORUÑA (A)								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INTENDENTE PRINCIPAL	1	1	0	1	0	0	0	0
INTENDENTE	2	2	0	2	0	0	0	0
SUPERINTENDENTE	2	1	0	1	1	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	6	4	1	3	2	2	1	1
INSPECTOR	14	12	0	12	2	2	0	2

OFICIAL	48	37	5	32	11	0	0	0
POLICÍA	318	267	33	234	51	12	2	10
Total Concello	391	324	39	285	67	16	3	13

### CULLEREDO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	1	1	0	1	0	0	0	0
OFICIAL	6	6	0	6	0	0	0	0
POLICÍA	25	20	2	18	5	0	0	0
Total Concello	33	27	2	25	6	0	0	0

### FENE

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	13	12	0	12	1	1	0	1
Total Concello	14	12	0	12	2	1	0	1

### FERROL

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR PRINCIPAL	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR	4	1	0	1	3	0	0	0
OFICIAL	15	9	1	8	6	0	0	0
POLICÍA	93	78	4	74	15	1	0	1
Total Concello	113	89	5	84	24	1	0	1

### FISTERRA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	3	2	0	2	1	0	0	0

Total Concello	4	2	0	2	2	0	0	0
<b>LARACHA (A)</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	6	6	0	6	0	0	0	0
Total Concello	7	6	0	6	1	0	0	0
<b>LAXE</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
POLICÍA	1	1	0	1	0	0	0	0
Total Concello	1	1	0	1	0	0	0	0
<b>MALPICA DE BERGANTIÑOS</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
POLICÍA	4	5	0	5	-1	0	0	0
Total Concello	4	5	0	5	-1	0	0	0
<b>MELIDE</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	6	5	1	4	1	0	0	0
Total Concello	7	5	1	4	2	0	0	0
<b>MIÑO</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	3	2	1	1	1	0	0	0
Total Concello	4	3	1	2	1	0	0	0
<b>MUGARDOS</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>

OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	2	2	0	2	0	0	0	0
Total Concello	3	3	0	3	0	0	0	0

### MUROS

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	7	3	0	3	4	1	0	1
Total Concello	9	5	0	5	4	1	0	1

### MUXÍA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	2	2	0	2	0	0	0	0
Total Concello	2	2	0	2	0	0	0	0

### NARÓN

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR PRINCIPAL	0	0	0	0	0	0	0	0
INTENDENTE	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR	2	2	0	2	0	0	0	0
OFICIAL	6	6	0	6	0	0	0	0
POLICÍA	28	26	1	25	2	1	0	1
Total Concello	37	35	1	34	2	1	0	1

### NEDA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	4	2	0	2	2	1	0	1
Total Concello	5	2	0	2	3	1	0	1



## NEGREIRA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	3	4	0	4	-1	0	0	0
Total Concello	4	5	0	5	-1	0	0	0

## NOIA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR	2	1	0	1	1	0	0	0
POLICÍA	15	12	0	12	3	2	0	2
Total Concello	18	14	0	14	4	2	0	2

## OLEIROS

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	6	1	0	1	5	0	0	0
POLICÍA	34	24	3	21	10	0	0	0
Total Concello	42	26	3	23	16	0	0	0

## ORDES

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	10	8	1	7	2	1	0	1
Total Concello	11	9	1	8	2	1	0	1

## OROSO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0

POLICÍA	2	2	0	2	0	0	0	0
Total Concello	3	3	0	3	0	0	0	0
<b>ORTIGUEIRA</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	4	3	1	2	1	0	0	0
Total Concello	5	3	1	2	2	0	0	0
<b>OUTES</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	0	0	0	0	0	0	0	0
POLICÍA	3	3	0	3	0	0	0	0
Total Concello	3	3	0	3	0	0	0	0
<b>PADRÓN</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	12	7	1	6	5	0	0	0
Total Concello	14	7	1	6	7	0	0	0
<b>POBRA DO CARAMIÑAL (A)</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	11	7	0	7	4	0	0	0
Total Concello	12	7	0	7	5	0	0	0
<b>PONTECESO</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
POLICÍA	4	3	1	2	1	0	0	0

Total Concello	4	3	1	2	1	0	0	0
----------------	---	---	---	---	---	---	---	---

### PONTEDEUME

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	8	3	0	3	5	0	0	0
Total Concello	10	3	0	3	7	0	0	0

### PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AS)

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	2	2	0	2	0	0	0	0
POLICÍA	7	6	1	5	1	0	0	0
Total Concello	10	8	1	7	2	0	0	0

### PORTO DO SON

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	4	2	0	2	2	0	0	0
Total Concello	5	2	0	2	3	0	0	0

### RIANXO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
OFICIAL	2	0	0	0	2	0	0	0
POLICÍA	10	7	0	7	3	1	0	1
Total Concello	13	8	0	8	5	1	0	1

### RIBEIRA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
-----------	--------	----------	-------------------	----------------	--------------------	--------------------	-----------------------------	--------------------------

INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	4	3	0	3	1	0	0	0
POLICÍA	25	21	3	18	4	3	0	3
Total Concello	31	25	3	22	6	3	0	3

### SADA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	3	1	0	1	2	0	0	0
POLICÍA	16	15	1	14	1	0	0	0
Total Concello	20	16	1	15	4	0	0	0

### SANTA COMBA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	4	4	2	2	0	0	0	0
Total Concello	5	4	2	2	1	0	0	0

### SANTIAGO DE COMPOSTELA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR PRINCIPAL	5	4	0	4	1	0	0	0
INSPECTOR	9	7	0	7	2	0	0	0
OFICIAL	19	13	1	12	6	0	0	0
POLICÍA	124	110	9	101	14	2	0	2
Total Concello	157	134	10	124	23	2	0	2

### TEO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0

INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	9	9	0	9	0	0	0	0
Total Concello	11	10	0	10	1	0	0	0
<b>TORDOIA</b>								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	2	2	0	2	0	0	0	0
Total Concello	2	2	0	2	0	0	0	0
<b>VALDOVIÑO</b>								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	4	3	0	3	1	0	0	0
Total Concello	5	4	0	4	1	0	0	0
<b>VIMIANZO</b>								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	2	0	0	0	2	0	0	0
POLICÍA	3	2	0	2	1	0	0	0
Total Concello	5	2	0	2	3	0	0	0
<b>ZAS</b>								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	1	1	0	1	0	0	0	0
Total Concello	1	1	0	1	0	0	0	0
<b>A CORUÑA</b>	<b>1252</b>	<b>1006</b>	<b>93</b>	<b>913</b>	<b>246</b>	<b>38</b>	<b>3</b>	<b>35</b>

**PROVINCIA: LUGO**

**BURELA**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	8	6	0	6	2	0	0	0
Total Concello	10	8	0	8	2	0	0	0

**CERVO**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	1	1	1	0	0	0	0	0
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
Total Concello	2	1	1	0	1	0	0	0

**CHANTADA**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	7	6	0	6	1	1	0	1
Total Concello	8	7	0	7	1	1	0	1

**FONSAGRADA (A)**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	2	1	0	1	1	0	0	0
Total Concello	2	1	0	1	1	0	0	0

**FOZ**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0

POLICÍA	8	8	2	6	0	0	0	0
Total Concello	9	9	2	7	0	0	0	0
<b>GUITIRIZ</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
POLICÍA	2	2	0	2	0	0	0	0
Total Concello	2	2	0	2	0	0	0	0
<b>LUGO</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
INTENDENTE	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	2	1	0	1	1	0	0	0
INSPECTOR	12	4	0	4	8	0	0	0
OFICIAL	19	6	0	6	13	0	0	0
POLICÍA	111	81	10	71	30	3	2	1
Total Concello	145	92	10	82	53	3	2	1
<b>MONDOÑEDO</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	4	2	0	2	2	0	0	0
Total Concello	5	2	0	2	3	0	0	0
<b>MONFORTE DE LEMOS</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR	2	0	0	0	2	0	0	0
POLICÍA	18	18	1	17	0	2	0	2
Total Concello	21	19	1	18	2	2	0	2

## PALAS DE REI

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	2	1	0	1	1	0	0	0
Total Concello	2	1	0	1	1	0	0	0

## QUIROGA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	2	2	0	2	0	0	0	0
Total Concello	2	2	0	2	0	0	0	0

## RIBADEO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	0	0	0	0	0	0	0	0
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	11	11	0	11	0	0	0	0
Total Concello	12	12	0	12	0	0	0	0

## SARRIA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	11	10	1	9	1	0	0	0
Total Concello	13	12	1	11	1	0	0	0

## VILALBA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	0	0	0	0	0	0	0	0
OFICIAL	2	0	0	0	2	0	0	0
POLICÍA	9	6	0	6	3	1	0	1
Total Concello	11	6	0	6	5	1	0	1



## VIVEIRO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	13	8	1	7	5	0	0	0
Total Concello	16	8	1	7	8	0	0	0
LUGO	260	182	16	166	78	7	2	5

**PROVINCIA: OURENSE**

**ALLARIZ**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	5	2	0	2	3	0	0	0
Total Concello	5	2	0	2	3	0	0	0

**BARBADÁS**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	5	5	0	5	0	0	0	0
Total Concello	6	6	0	6	0	0	0	0

**BARCO DE VALDEORRAS (O)**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	2	2	0	2	0	0	0	0
POLICÍA	14	14	2	12	0	0	0	0
Total Concello	17	16	2	14	1	0	0	0

**CARBALLIÑO (O)**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	3	1	0	1	2	0	0	0
POLICÍA	15	11	1	10	4	0	0	0
Total Concello	18	12	1	11	6	0	0	0

**CELANOVA**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0

POLICÍA	8	8	0	8	0	0	0	0
Total Concello	9	8	0	8	1	0	0	0
<b>MACEDA</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
POLICÍA	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
Total Concello	2	1	0	1	1	0	0	0
<b>OURENSE</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
INTENDENTE	1	1	1	0	0	0	0	0
INTENDENTE PRINCIPAL	1	0	0	0	1	0	0	0
SUPERINTENDENTE	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	3	1	0	1	2	0	0	0
INSPECTOR	5	2	0	2	3	0	0	0
OFICIAL	10	6	0	6	4	0	0	0
POLICÍA	114	98	9	89	16	0	0	0
Total Concello	135	108	10	98	27	0	0	0
<b>POBRA DE TRIVES (A)</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
POLICÍA	2	1	0	1	1	0	0	0
Total Concello	2	1	0	1	1	0	0	0
<b>RIBADAVIA</b>								
<b>Categoría</b>	<b>Prazas</b>	<b>Ocupadas</b>	<b>Ocupadas mulleres</b>	<b>Ocupadas homes</b>	<b>Prazas desocupadas</b>	<b>Segunda actividade</b>	<b>Segunda actividade mulleres</b>	<b>Segunda actividade homes</b>
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	8	5	0	5	3	0	0	0
Total Concello	9	6	0	6	3	0	0	0

RÚA (A)								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	4	2	0	2	2	0	0	0
Total Concello	4	2	0	2	2	0	0	0
VEIGA (A)								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	1	0	0	0	1	0	0	0
Total Concello	1	0	0	0	1	0	0	0
VERÍN								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	15	14	1	13	1	0	0	0
Total Concello	17	15	1	14	2	0	0	0
VIANA DO BOLO								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	3	3	0	3	0	0	0	0
Total Concello	3	3	0	3	0	0	0	0
XINZO DE LIMIA								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
OFICIAL	2	2	0	2	0	0	0	0
POLICÍA	12	11	0	11	1	0	0	0
Total Concello	15	14	0	14	1	0	0	0
<b>OURENSE</b>	<b>243</b>	<b>194</b>	<b>14</b>	<b>180</b>	<b>49</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

**PROVINCIA: PONTEVEDRA**

**BAIONA**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	15	12	0	12	3	0	0	0
Total Concello	17	14	0	14	3	0	0	0

**BUEU**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	2	1	0	1	1	0	0	0
POLICÍA	12	6	0	6	6	0	0	0
Total Concello	14	7	0	7	7	0	0	0

**CALDAS DE REIS**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
OFICIAL	2	1	0	1	1	0	0	0
POLICÍA	11	10	0	10	1	0	0	0
Total Concello	14	12	0	12	2	0	0	0

**CAMBADOS**

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	2	0	0	0	2	0	0	0
OFICIAL	3	1	0	1	2	0	0	0
POLICÍA	15	15	0	15	0	1	0	1
Total Concello	20	16	0	16	4	1	0	1

## CANGAS

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	2	2	0	2	0	0	0	0
POLICÍA	19	12	1	11	7	0	0	0
Total Concello	23	15	1	14	8	0	0	0

## CAÑIZA (A)

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	2	1	0	1	1	0	0	0
Total Concello	3	1	0	1	2	0	0	0

## CUNTIS

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	2	1	0	1	1	0	0	0
Total Concello	3	2	0	2	1	0	0	0

## ESTRADA (A)

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	16	13	0	13	3	2	0	2
Total Concello	18	14	0	14	4	2	0	2

## FORCAREI

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	0	0	0	0	0	0	0	0

Total Concello	0	0	0	0	0	0	0	0
----------------	---	---	---	---	---	---	---	---

### GONDOMAR

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	2	2	0	2	0	0	0	0
POLICÍA	9	8	2	6	1	1	0	1
Total Concello	12	10	2	8	2	1	0	1

### GROVE (O)

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	14	11	2	9	3	2	0	2
Total Concello	16	11	2	9	5	2	0	2

### GUARDA (A)

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	8	4	0	4	4	0	0	0
Total Concello	9	5	0	5	4	0	0	0

### ILLA DE AROUSA (A)

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	2	2	0	2	0	0	0	0
Total Concello	3	3	0	3	0	0	0	0

### LALÍN

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0

OFICIAL	3	2	0	2	1	0	0	0
POLICÍA	14	12	1	11	2	0	0	0
Total Concello	18	15	1	14	3	0	0	0

### MARÍN

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	3	3	0	3	0	0	0	0
POLICÍA	24	22	2	20	2	1	0	1
Total Concello	29	26	2	24	3	1	0	1

### MEAÑO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	3	1	0	1	2	0	0	0
Total Concello	4	1	0	1	3	0	0	0

### MOAÑA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	3	0	0	0	3	0	0	0
POLICÍA	19	17	3	14	2	0	0	0
Total Concello	23	17	3	14	6	0	0	0

### MONDARIZ

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	2	2	0	2	0	0	0	0
Total Concello	2	2	0	2	0	0	0	0



MOS								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	9	6	1	5	3	0	0	0
Total Concello	10	7	1	6	3	0	0	0
NEVES (AS)								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	1	1	0	1	0	0	0	0
Total Concello	1	1	0	1	0	0	0	0
NIGRÁN								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
OFICIAL	3	2	0	2	1	0	0	0
POLICÍA	18	14	0	14	4	0	0	0
Total Concello	22	17	0	17	5	0	0	0
POIO								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	11	11	4	7	0	0	0	0
Total Concello	13	12	4	8	1	0	0	0
PONTE CALDELAS								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
VIXILANTE	1	1	0	1	0	0	0	0

Total Concello	3	1	0	1	2	0	0	0
----------------	---	---	---	---	---	---	---	---

### PONTEAREAS

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	2	2	0	2	0	0	0	0
POLICÍA	24	13	1	12	11	0	0	0
Total Concello	27	15	1	14	12	0	0	0

### PONTEVEDRA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INTENDENTE	1	0	0	0	1	0	0	0
INTENDENTE PRINCIPAL	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	2	2	0	2	0	0	0	0
INSPECTOR	6	4	1	3	2	0	0	0
OFICIAL	13	10	0	10	3	0	0	0
POLICÍA	100	93	15	78	7	2	1	1
Total Concello	123	109	16	93	14	2	1	1

### PORRIÑO (O)

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
OFICIAL	2	2	0	2	0	0	0	0
POLICÍA	18	14	1	13	4	0	0	0
Total Concello	21	16	1	15	5	0	0	0

### REDONDELA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	1	1	0	1	0	0	0	0

OFICIAL	4	3	0	3	1	0	0	0
POLICÍA	26	19	3	16	7	0	0	0
Total Concello	32	24	3	21	8	0	0	0

### ROSAL (O)

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	2	0	0	0	2	0	0	0
Total Concello	3	1	0	1	2	0	0	0

### SALCEDA DE CASELAS

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	6	5	1	4	1	0	0	0
Total Concello	7	6	1	5	1	0	0	0

### SALVATERRA DE MIÑO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	5	4	0	4	1	0	0	0
Total Concello	6	4	0	4	2	0	0	0

### SANXENXO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
OFICIAL	4	2	0	2	2	0	0	0
POLICÍA	22	22	5	17	0	0	0	0
Total Concello	27	25	5	20	2	0	0	0

### SILLEDA

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
-----------	--------	----------	-------------------	----------------	--------------------	--------------------	-----------------------------	--------------------------

OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	8	6	0	6	2	0	0	0
Total Concello	10	7	0	7	3	0	0	0

### SOUTOMAIOR

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
POLICÍA	2	2	0	2	0	0	0	0
Total Concello	3	2	0	2	1	0	0	0

### TOMIÑO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	6	6	0	6	0	0	0	0
Total Concello	7	7	0	7	0	0	0	0

### TUI

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
OFICIAL	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
POLICÍA	13	10	1	9	3	0	0	0
Total Concello	15	11	1	10	4	0	0	0

### VIGO

Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
SUPERINTENDENTE	1	0	0	0	1	0	0	0
INTENDENTE	2	0	0	0	2	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	4	4	0	4	0	0	0	0
INSPECTOR	15	15	0	15	0	0	0	0

OFICIAL	34	32	4	28	2	0	0	0
POLICÍA	346	288	31	257	58	0	0	0
Total Concello	402	339	35	304	63	0	0	0
<b>VILA DE CRUCES</b>								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	1	2	1	1	-1	0	0	0
Total Concello	1	2	1	1	-1	0	0	0
<b>VILABOA</b>								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
POLICÍA	2	0	0	0	2	0	0	0
Total Concello	2	0	0	0	2	0	0	0
<b>VILAGARCÍA DE AROUSA</b>								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	0	0	0	1	0	0	0
INSPECTOR PRINCIPAL	1	1	1	0	0	0	0	0
OFICIAL	4	3	0	3	1	0	0	0
POLICÍA	39	37	2	35	2	0	0	0
Total Concello	45	41	3	38	4	0	0	0
<b>VILANOVA DE AROUSA</b>								
Categoría	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
INSPECTOR	1	1	0	1	0	0	0	0
OFICIAL	2	1	0	1	1	0	0	0
POLICÍA	7	5	0	5	2	0	0	0
Total Concello	10	7	0	7	3	0	0	0
<b>PONTEVEDRA</b>	<b>1018</b>	<b>825</b>	<b>83</b>	<b>742</b>	<b>193</b>	<b>9</b>	<b>1</b>	<b>8</b>

Totales Galicia:	Prazas	Ocupadas	Ocupadas mulleres	Ocupadas homes	Prazas desocupadas	Segunda actividade	Segunda actividade mulleres	Segunda actividade homes
	2773	2207	206	2001	566	54	6	48

Vixilantes dos corpos da policía local de Galicia

PROVINCIA: A CORUÑA			
TRAZO			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	1	0
A CORUÑA	1	1	0

PROVINCIA: LUGO			
<b>BECERREÁ</b>			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	0	1
<b>BEGONTE</b>			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	1	0
<b>CASTROVERDE</b>			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	1	0
<b>FRIOL</b>			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	1	0
<b>XOVE</b>			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	1	0
VIXILANTE	1	1	0
VIXILANTE	1	1	0
VIXILANTE	1	0	1
VIXILANTE	1	1	0
VIXILANTE	1	1	0
VIXILANTE	1	1	0
<b>LUGO</b>	<b>11</b>	<b>9</b>	<b>2</b>



PROVINCIA: OURENSE			
AVIÓN			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	1	0
BANDE			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	0	1
VIXILANTE	1	1	0
<b>OURENSE</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>1</b>

PROVINCIA: PONTEVEDRA			
AGOLADA			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	1	0
CRECENTE			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	1	0
MORAÑA			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	1	0
PONTE CALDELAS			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	1	0
PONTECESURES			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	0	1
VIXILANTE	1	1	0
VIXILANTE	1	1	0
VALGA			
Categoría	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
VIXILANTE	1	1	0
<b>PONTEVEDRA</b>	<b>8</b>	<b>7</b>	<b>1</b>

Totales Galicia:	Ocupadas	Ocupadas homes	Ocupadas mulleres
	23	19	4